
Estudo de usos públicos e sociais para a recuperación natural e patrimonial do ámbito do Salgueirón.

EQUIPO REDACTOR:

Eva Julián Adán: Coordinadora do estudo, xerente de A OITAVA ILLA S.L.

Alejandro Fernández Palicio: Arquitecto, especialidade de Urbanismo.

Carolina García Rodríguez: Arquitecta, especialidade de Urbanismo.

Felipe Riola Parada: Arquitecto, especialidade de Tecnoloxía da construción.

José Manuel Sánchez Vizcaíno: Arquitecto, especialidade de Urbanismo.

Jesús Carrazoni Fuertes: Deseñador.

Jorge Vales Fernández: Deseñador.

Xiό Varela Gómez: Arquitecto, especialidade de Urbanismo.

Antonio Palma Rico: Deseñador permacultor.

Francisco Hinojosa: Técnico en Enerxías Renovables.

Wilfredo Santana: Enxeñeiro Industrial.

Juan Abia: Consultor medioambiental e bioconstrutor.

COLABORADORES:

María del Carmen Germade Portela: Antropóloga.

Antonio Freire Magariños: Médico especialista en Hidroloxía e Hidroterapia.

Ángel Guerra: Profesor de investigación CSIC.

Xosé Antón Álvarez Salgado: Profesor de investigación CSIC.

AGRADECIMENTOS:

A Sofía Álvares Ribeiro, Ernesto Jiménez García, Josep J. Adán, David Blanco, Elías Roberto Fernández, Eloi Matas y Riera, Roberto Enrique Lastra Mier, Ángel Gonçalves Castro, Xosé Antón Álvarez Salgado, Sofía Márquez, Ernesto Jiménez, Paula Tenorio González, Centro de formación da muller de Cangas (CIM), LÓ, Centro Municipal de Benestar Social, Oliver, Oliver Álvarez Barranco, Concellería de desenvolvemento local (Creación de Emprego Comercio e novas tecnoloxías), Camilo Camaño Xestido, Juan Carlos Enríquez López, Manolo Hermelo Giráldez, Alicia Resille, Alfonso Lage, Concellería de Urbanismo e Vivenda, Jose Luis Barreiro, Lluís Casabella Vehils, Antonio Fernández Cordeiro, Cándido Martínez Rodríguez, Elías Fernández Lareo, Jose Luís Lorenzo, Asociación Cultural A Cepa, Anxo González Castro, Cibrán Rico López, Suso Vázquez Gómez, Felipe Portela Fernández, David Portela Fernández.

“No que respecta ó futuro, a nosa tarefa non é predicilo, senón facelo posible.”¹

Antoine de Saint-Exupéry

¹ (cita introdutoria do Comunicado da Comisión das Comunidades Europeas ó Consello e ó Parlamento Europeo. Retos Políticos e Medios Presupuestarios da Unión Ampliada 2007-2013)

ÍNDICE

1.XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO. CONSIDERACIÓNS PREVIAS	[9]
1.1.OBXECTO DO ESTUDO	[9]
1.2.SOPORTE TEÓRICO. CRITERIOS DE APROXIMACIÓN	[9]
1.3.OBXECTIVOS	[10]
1.4.FASES E XEITOS DE ACTUACIÓN	[11]
2. ANTECEDENTES	[13]
2.1.ADRO	[13]
2.2.ANTECEDENTES HISTÓRICOS. A FACTORÍA MASSÓ EN CANGAS	[13]
2.3.ANTECEDENTES SOCIOECONÓMICOS	[14]
2.4.A MULLER NA INDUSTRIA CONSERVEIRA	[15]
2.5.A FACTORÍA E OS PROCESOS FORMATIVOS	[16]
3. ANÁLISE	[17]
3.1.ENCADRAMENTO. CONCELLO DE CANGAS	[17]
3.2.ÁMBITO DE INFLUENCIA (ZONA DO SALGUEIRÓN-TERMO MUNICIPAL)	[22]
3.2.1.DESCRICIÓN LITORAL E ÁREAS NATURAIS	[22]
3.2.2.TECIDOS E EDIFICACIÓN	[22]
3.2.3.VIALIDADE	[22]
3.3.ÁMBITO DE ACTUACIÓN (ZONA DO SALGUEIRÓN E ENTORNO INMEDIATO)	[24]
3.3.1.DESCRICIÓN DO LITORAL E ÁREAS NATURAIS	[24]
3.3.2.TECIDOS E EDIFICACIÓN	[24]
3.3.3.VIALIDADE	[28]
3.4.IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE ÁREAS NATURAIS	[31]
3.4.1.DESCRICIÓN E ANÁLISE XERAL. ENCADRAMENTO CLIMATOLÓXICO	[31]
3.4.2.ÁREAS VERDES. DESCRICIÓN E ANÁLISE XERAL	[32]
3.4.2.1.SUPERFICIE. RELACIÓNS COS LÍMITES	[32]
3.4.2.2.USOS E ANTROPIZACIÓN	[32]
3.4.2.3.DIAGNOSE XERAL	[32]
3.4.3.IDENTIFICACIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS	[33]
3.4.4.VALORACIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS	[33]
3.4.5.ANÁLISE DAS DISTINTAS UNIDADES AMBIENTAIS	[33]
3.4.5.ZONA 1: XARDÍN BOTÁNICO OU DE DON PACO	[36]
3.4.5.ZONA 2: O BOSQUE DAS ESCALEIRAS DE MASSÓ	[38]
3.4.5.ZONA 3: ANEXO Ó HOTEL	[40]
3.4.5.ZONA 4: ANEXO Á COCHEIRA: O BOSQUE DE PRADAIROS	[42]
3.4.5.ZONA 5: ANEXO Á CHEMINEA DE MASSÓ: O BOSQUE DE CARBALLOS	[44]
3.4.5.ZONA 6: O EUCALIPTAL	[45]

3.4.5.ZONA 7: ANEXO Á BALEEIRA	[47]
3.4.5.ZONA 8: ANEXO Á LAGOA DA CONGORZA	[49]
3.5.IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DOS EDIFICIOS	[51]
3.5.EDIFICIO Nº1. FÁBRICA PRINCIPAL DE CONSERVAS HERMANOS MASSÓ	[52]
3.5.EDIFICIO Nº2. NAVE XUNTO Á FABRICA PRINCIPAL	[54]
3.5.EDIFICIO Nº3. FÁBRICA ORIXINAL (SALGADURA)	[55]
3.5.EDIFICIO Nº4. BAÑOS DE MULLERES E COMEDOR	[57]
3.5.EDIFICIO Nº5. GARDARÍA	[59]
3.5.EDIFICIO Nº6. HOTEL	[60]
3.5.EDIFICIO Nº7. COCHEIRA	[61]
3.5.EDIFICIO Nº8. "CASA DE EVARISTO"	[62]
3.5.EDIFICIO Nº9. CASAS DOS TRABALLADORES.	[63]
3.5.EDIFICIO Nº10. BALEEIRA	[64]
3.5.EDIFICIO Nº11. SALGADURA	[66]
3.5.EDIFICIO Nº12. ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN DO CONXUNTO DE MASSÓ	[68]
4 PROPOSTA	[69]
4.1.MEMORIA PROXECTO	[69]
4.2.PARQUE PATRIMONIAL	[76]
4.2.1.ENCADRE	[76]
4.2.2.DEFINICIÓNS, ACORDOS E LEIS	[76]
4.2.2.1.CONVENCIÓN E DIRECTRICES SOBRE A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO MUNDIAL, CULTURAL E NATURAL DA UNESCO	[78]
4.2.2.2.CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE	[78]
4.2.2.3.CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA	[79]
4.2.2.4.INSTITUTO DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL	[79]
4.2.2.5.CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE.	[79]
4.2.2.6.DECLARACIÓN DE RÍO SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O DESENVOLVEMENTO.	[80]
4.2.2.7.CARTA DAS CIDADES EUROPEAS CARA Á SOSTENIBILIDADE. A CARTA DE AALBORG.	[81]
4.2.2.8.A AXENDA 21 LOCAL	[81]
4.2.2.9.AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.	[82]
4.2.3.DECLARACIÓN DO CONXUNTO MASSÓ COMO BEN DE INTERÉS CULTURAL (BIC)	[83]
4.2.3.1.REFERENCIA Á LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA	[83]
4.2.3.2.NECESIDADE DA DECLARACIÓN COMO BIC DO CONXUNTO DE MASSÓ	[84]
4.2.4.O PARQUE PATRIMONIAL DE MASSÓ.	[84]
4.3.ÁREAS NATURAIS. PROPOSTA. CONCEPTOS E ESTRATEXIAS.	[86]

4.3.1.INCLUSIÓN DO ESPAZO NATURAL DE PUNTA BALEA E LAGOA DA CONGORZA NA REDE NATURA COMO LIC	[86]
4.3.2.PARQUE URBANO. O PARQUE AMBIENTAL	[86]
4.3.3.ESTRATEXIA. UN BOSQUE NA CIDADE	[87]
4.3.4.PROPOSTA ESPECÍFICA PARA AS ZONAS VERDES	[88]
4.3.4.1.ZONA VERDE BOTÁNICA	[90]
4.3.4.2.ZONA VERDE ORNAMENTAL.	[91]
4.3.4.3.ZONA VERDE FORESTAL.	[92]
4.3.4.4.ZONA VERDE SOCIAL.	[93]
4.3.4.5.ZONA VERDE NATURAL	[94]
4.4.PROPOSTA DE USOS PARA A ÁREA DO SALGUEIRÓN.	[95]
4.4.1.CONSIDERACIÓNS PREVIAS.	[95]
4.4.2.SECTORES ECONÓMICOS E ESTRATEXIAS DE DINAMIZACIÓN: DO LOCAL Ó GLOBAL	[97]
4.5.APROXIMACIÓN A UNHA XESTIÓN ENERXÉTICA DO CONXUNTO MASSÓ	[101]
4.6.PROPOSTA DE USOS POR ÁREAS	[104]
4.6.1.ENCADRAMENTO	[104]
4.6.2.AREA SOCIO-ECONÓMICA: O ACCESO Ó SALGUEIRÓN	[104]
4.6.2.1.FACTORÍA MASSÓ	[105]
4.6.2.2.NAVE ANEXA Á FACTORÍA PRINCIPAL	[110]
4.6.2.3.FÁBRICA ORIXINAL, GARDARÍA, COMEDORES, BAÑOS DE MULLERES	[111]
4.6.2.4.HOTEL, COCHEIRAS E EDIFICACIÓNS PRÓXIMAS Ó HOTEL	[113]
4.6.3.ÁREA NATURAL LÚDICO-DEPORTIVA: O PARQUE URBANO E O FINAL DA ÁREA DO SALGUEIRÓN	[114]
4.6.3.1.CASA "de EVARISTO"	[115]
4.6.3.2.EDIFICIOS: BALEEIRA	[116]
4.6.3.3.EDIFICIOS: SALGADURA	[117]
4.6.4.ÁREA RESIDENCIAL	[118]
5.EXEMPLOS DE REFERENCIA	[120]
6.CONCLUSIÓNS	[123]
7.BIBLIOGRAFÍA	[124]

1.XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1.1.OBXECTO DO ESTUDO

Preséntase este Estudo de Usos Públicos e Sociais para a Recuperación Natural e Patrimonial do Ámbito do Salgueirón co obxectivo de analizar os valores e potencialidades dunha área clave na identidade e no desenvolvemento urbano e socioeconómico do municipio de Cangas.

Este estudo constitúe unha primeira aproximación de cara a sentar as bases para un estudo posterior que explore sistematicamente tódalas forzas implicadas nos procesos de desenvolvemento municipal, e poña os medios de cara a alcanzar un obxectivo de consenso.

O fin último será a elaboración dun planeamento detallado da zona que sexa recollido no futuro PXOM e que conte coa implicación de tódolos axentes do desenvolvemento do concello: as administracións, a cidadanía e os distintos suxeitos económicos e sociais.



1.2.SOPORTE TEÓRICO. CRITERIOS DE APROXIMACIÓN

O espazo coñecido como Salgueirón constitúe na actualidade unha área de oportunidade para o concello de Cangas. A súa situación no termo municipal, nun enclave privilexiado a cabalo do casco urbano e dun dos enclaves de máis valor natural da península do Morrazo, xunto coa relación de accesibilidade cos demais núcleos do concello, fan del un ámbito de máximo interese para o conxunto da cidadanía.

O desenvolvemento da área do Salgueirón compromete o futuro de Cangas, o que esta queira chegar a ser, e isto fai preciso que o planeamento desta área sexa resultado dunha decisión meditada na que se vexan comprometidas as principais forzas da cidade.

Os aspectos económicos deben camiñar da man dos sociais, e o planeamento do concello deberá reflectir esta dobre vertente do desenvolvemento urbano, recollido polas máis altas institucións europeas e internacionais no seu ideario para este século XXI. Así, o desenvol-

vemento das sociedades rurais e urbanas dos nosos días contéplase ó abrigo de criterios de sostenibilidade, considerada esta dun xeito amplo: non só nos aspectos estritamente medioambientais, senón tamén urbanos, sociais, culturais e, por suposto, económicos. Innovación e tecnoloxía considéranse como potentes motores de crecemento.

Os obxectivos da Axenda de Lisboa -do ano 2000 e completada no Consello Europeo de Gotemburgo de 2001- resúmense na busca da prosperidade da Unión Europea mediante a súa transformación nunha economía dinámica baseada no coñecemento, cun crecemento económico sostible e unha maior cohesión social.

A Axenda 21 como eixo que vertebra esta perspectiva a medio e longo prazo, enténdese como un compromiso adquirido que ten que estar plenamente de actualidade e ser de aplicación nos nosos días, como serio compromiso dunha sociedade efectiva e madura; que considera os recursos tanto a curto como a medio e longo prazo; e que constitúe un marco evolutivo de idoneidade para as xeracións presentes e vindeiras; recuperando o legado natural e humano que chegou ós nosos días e dotándoo dun novo motor que dinamice a sociedade.

A sostenibilidade como concepto amplo e básico para unha sociedade no seu conxunto e en tódolos seus aspectos, considera ademais a participación da cidadanía como factor imprescindible das planificacións do presente e do futuro.

Este estudo encádrase nesta perspectiva, asumindo as leis, os compromisos e acordos internacionais que son e serán soporte das lexislacións estatais e locais dos próximos decenios e propoñendo que Cangas se constitúa en vangarda disto que é unha inevitable consecuencia do correr dos nosos días.

Nese mesmo sentido, o traballo pretende ser tamén ente dinamizador de tódolos axentes que favorezan a participación dende os distintos ámbitos da sociedade canguesa.

1.3. OBXECTIVOS

O principal obxectivo deste Estudo de Usos Públicos e Sociais é a análise propositiva dunha das principais áreas de oportunidade no Concello de Cangas, coñecida como o Salgueirón, co fin de:

- Favorecer a integración no desenvolvemento da cidade dunha zona cunhas características naturais de excepción, dado o seu especial enclave xeográfico, e especialmente valiosas, debido á súa situación de contigüidade co casco urbano e ás súas relacións co resto dos núcleos do municipio.
- Conseguir a valorización do litoral de Cangas e a propia ría nesta área, en consonancia tanto coa proximidade ás áreas de especial interese natural sinaladas dende as distintas institucións no concello, como co paseo marítimo urbano, dando fin ó proceso de degradación que está sufrindo.
- Incentivar a toma de conciencia do valor dun patrimonio arquitectónico ligado a unha industria que foi pioneira en Galicia, e que supuxo un revulsivo económico e social con consecuencias directas na situación actual en Cangas. O complexo da factoría de Massó ten unha calidade patrimonial única da que non se fixo partícipes ós veciños, e está sinalado dende A Xunta e o Estado como merecedor dun Plan que articule a súa recuperación.
- A proposta duns novos usos para este ámbito que o convertan nun novo motor económico e social para o municipio, desestacionalizando as actividades produtivas do Concello. O Salgueirón retomarará o papel dinamizador que xa tivo no século pasado pero orientado desta vez de maneira sólida e froito dun consenso, de modo que sexa un referente en desenvol-

vemento sostible máis aló do seu contorno inmediato. A busca do crecemento da economía local a través do apoio de innovación e tecnoloxía.

-O plantexamento dunha proposta baseada en estratexias enerxéticas encamiñadas á posta en práctica dos protocolos europeos para afrontar o cambio climático.

-A oportunidade de desenvolver unha ferramenta metodolóxica para o planeamento baseada na consulta e implicación de toda a sociedade, implementando así unha Axenda 21 local.

-A elaboración dun Plan pormenorizado para o espazo do Salgueirón e a súa inclusión no futuro PXOM de Cangas.

1.4. FASES E XEITOS DE ACTUACIÓN

Posterior á realización deste primeiro Estudo de Usos, será imprescindible:

1. Facer extensivas as súas conclusións a tódolos axentes implicados no desenvolvemento urbano: administración, cidadáns, asociación, e axentes económicos

2. Realizar unha exploración proactiva destes axentes de cara a elaborar un plan de acción de consenso que permita a redacción dun programa de necesidades para articular a proposta definitiva, incluíndo necesariamente:

-unha peritaxe pormenorizada do patrimonio arquitectónico da área do Salgueirón e a colaboración coa Xunta de Galicia e o Estado español, de cara á súa catalogación e a busca de consenso sobre as bases dun Plan Director para o conxunto.

-unha peritaxe pormenorizada do patrimonio natural da área do Salgueirón e a colaboración coa Xunta de Galicia e o Estado español, de cara á súa catalogación e a busca de consenso sobre as bases dun Plan Director para o conxunto.

-un estudo pormenorizado de viabilidade económica e mecanismos de financiación.

3. A elaboración dun Plan de detalle que recolla o futuro PXOM de Cangas.

4. A implementación do Plan.

2. ANTECEDENTES

2.1 ADRO

A aceleración dos procesos de cambio que experimentan, entre outras, as sociedades tradicionais rurais ou semiurbanas provoca a necesidade de coñecer e conservar aqueles fitos socioeconómicos que forman parte da idiosincrasia de cada lugar.

A costa de Galicia foi rexión líder da actividade pesqueira e conserveira de España entre o último terzo do século XIX e o primeiro terzo do século XX, período no que tivo lugar o proceso de industrialización do litoral, cambiando a fisionomía de pobos e vilas costeiras. Ó producirse a transición da salgadura de peixe á moderna conserva enlatada, consolidouse un dos sectores empresariais máis importantes en termos de produción e emprego do século XX.

En Cangas desenvolveuse un proceso produtivo que se converteu en modelo económico e que pasou a rexer o ciclo vital dos seus habitantes, e a ser un referente de representación ideolóxica. Sobre a factoría Massó creouse parte importante da identificación local desta comunidade, chegando a ter o valor de afectar, directa ou indirectamente, a tódolos habitantes de Cangas.

Coa apertura da factoría Massó grande parte da poboación canguesa pasou de realizar diferentes traballos de tipo agrícola, doméstico ou marítimos a ser traballadores industriais. Esta singularidade produtiva contribuíu tanto a que os suxeitos desta localidade se identificasen con ela, como a que os habitantes doutros municipios e parroquias asociasen a Cangas con fábrica de Massó.

O traballo nesta industria local e tradicional dotou ós seus traballadores -na súa maioría mulleres- dunha peculiar identidade socioprofesional, entendida como un conxunto de coñecementos sobre as técnicas de traballo, ideas, valoracións e percepcións, que os suxeitos comparten, adquiren e elaboran pola súa participación no devandito proceso de traballo.

2.2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS. A FACTORÍA MASSÓ EN CANGAS

No ano 1935 a familia Massó - que xa instalara no municipio de Bueu unha salgadura en 1816, seguindo a corrente que levou a numerosas familias catalás a establecerse na costa galega- constrúe en Cangas a maior factoría de Europa, dedicada á conserva de peixe. O complexo ocupaba vintetrés hectáreas e incluía dúas dársenas propias para a propia flota pesqueira, estendidas ó longo de 1.500 metros de litoral. Esta fábrica pasaría a ser a principal da casa Massó.

Xa en 1883 modernizara Salvador Massó as súas industrias de salgadura, reestruturándoas en fábricas de conservas de peixe á vangarda dos aspectos técnicos relativos á industria conserveira, para o que se asociara co empresario francés Pascual Dargentón Lafont baixo o nome da "Perfección". Sobre as bases desta primeira empresa, creárase unha nova compañía que se transformará en 1931 en sociedade anónima como Massó Hermanos SA, con domicilio en Vigo, a súa forma definitiva ata a súa disolución a finais dos anos noventa.

A fábrica de conservas de Massó en Cangas construíuse ante a boa marcha da empresa como ampliación das conxestionadas instalacións de Bueu, e foi deseñada polo enxeñeiro Tomás Bolívar Sequeiros, cuñado dos irmáns Massó, coa participación en cuestións compositivas do arquitecto Jacobo Esténs(*). Levantouse nos terreos do Salgueirón xunto a



dúas naves de conservas xa existentes, pasando a completar a infraestrutura que estas configuraban xunto coa nave de salgadura.

Asociados á nave conserveira construíronse, ademais dunha baleeira, un taller mecánico e outro de carpintería, un hotel, vivendas sociais, economato, comedor, escola e gardería infantil. Progresivamente, iríanse incorporando ademais terreos anexos e adecuándose zonas para xardín ou bosque, seleccionando e introducindo especies vexetais de árbores e plantas traídas de distintas partes do mundo, e creándose tamén unha lagoa artificial que chegou ata os nosos días convertida nun punto con singular valor para a flora e a fauna.

O complexo industrial de Cangas recibiría o título de empresa exemplar en 1943 e sería galardoada en 1959 como modelo en seguridade social.

Poderíamos rastrexar nesta concepción do novo espazo produtivo de Massó en Cangas relacións coas correntes utopistas europeas nadas a finais do século XVIII. Este pensamento utópico animou a empresarios e homes de cultura do século XIX na busca dun modelo económico e social que resolvese a nacente e descoñecida relación home-industria.

En 1779 Robert Owen, o primeiro e máis relevante reformador utópico, fundara unha sociedade para adquirir unha fábrica de fíos en New Lanark, Escocia, que se convertería en modelo e sería visitada dende tódolos puntos do mundo a principios do século XIX. O seu modelo de factoría incluía dende a introdución de novas tecnoloxías, moderación horaria e salarios adecuados, á construción de vivendas dignas, escola elemental e a primeira gardería infantil de Inglaterra.

Posiblemente Salvador Massó estaba fóra da liña que fixo que Owen, empresario nas súas orixes coma el, acabase sendo o máis importante utopista do XIX e, como teórico e político, un visionario da lexislación laboral, do movemento cooperativo e das organización sindicais, pero parece que si asumira a súa idea dun modelo industrial eficiente baseado na administración da auténtica forza produtiva da empresa: os obreiros e obreiras.

A conserveira de Cangas respondía tamén á moderna concepción de Owen de que una empresa industrial depende dos movementos do mercado ós que debe ser quen de adaptarse. E tendo en conta as características de segmentación por xénero, flexibilidade e temporalidade que isto determina, a fábrica Massó tiña que ser quen de asumir tódalas diversas situacións de dependencias domésticas que se lles provocaba ó seu maior corpo produtivo: as mulleres canguesas e os seus fillos.

A empresa serán a factoría e mailas súas dependencias, tanto como o seu contorno e, por suposto, os traballadores e, por tanto, esta ten que ser quen de configurar o ámbito espacial e temporal dos seus operarios.

Todo o conxunto, forma logo parte da identidade colectiva de sucesivas xeracións de mulleres e homes de Cangas, sendo os espazos que rodean a factoría unha unidade con ela; elementos indivisibles dun conxunto de referentes históricos que van máis aló de simples edificios, árbores, muros e restos do pasado.

2.3. ANTECEDENTES SOCIOECONÓMICOS

Os novos modelos de explotación da pesca, ó asentarse no litoral galego, comportaron unha transformación socioeconómica que supuxo certa industrialización da sociedade, fundamentalmente agropecuaria e pesqueira, así como un potente impulso da incorporación da muller ó mercado laboral; un mercado laboral estacional segmentado por xéneros e fortemente dependente da man de obra barata así como do fácil acceso á materia prima.



Os contratos de traballo, descontinuos e verbais no caso de mulleres e nenos, e con certa formalidade e permanencia no dos homes, seguían a pauta das conserveiras na época; nos períodos de máis produción chegarían a ter emprego nesta factoría cerca de 1500 persoas.

Una certa normalización da situación laboral foise producindo a medida que avanzou o movemento sindical no Estado, e a fábrica foi acusando e adaptándose tanto a estas reformas sociais, que incrementaban os custos da man de obra, coma ós efectos das crises financeiras internacionais que sacudiron ó sector, a partir dos anos sesenta e moi especialmente durante os oitenta.

O peche desta empresa a finais dos noventa, produciu un forte impacto socioeconómico nos municipios da península do Morrazo onde se realizaba o proceso produtivo, reducíndose enormemente os niveis de ocupación industrial local, especialmente o feminino.

2.4.A MULLER NA INDUSTRIA CONSERVEIRA

A industria da conserva foi durante moito tempo un proceso produtivo que baseou a súa estruturación organizativa na utilización dunha ideoloxía de xénero. No Morrazo, as mulleres convertéronse na man de obra fundamental, constituindo ata o 90% dos traballadores na factoría de Cangas.

No ritmo industrial da conserva, a man é a ferramenta principal, e a destreza, a precisión e a paciencia son calidades básicas, que tradicionalmente se consideraron actitudes ou comportamentos innatos da muller, asociados por tanto ó traballo doméstico; é por isto que este sector da industria se apoia basicamente na man de obra feminina.

Un segundo motivo para a consideración destes procesos como "traballo feminino" é a súa discriminación e ó seu carácter estacionario; permítese que as traballadoras da fábrica de conserva, amas de casa ante todo para a maioría de suxeitos no seu ámbito, abandonen en certa medida as súas tarefas no fogar en pro da obtención dunha substancial cantidade de diñeiro que se incorporará ó grupo doméstico. O traballo da muller enténdese como un comportamento estratéxico do grupo familiar, na medida en que son os imperativos deste grupo os que inciden no feito de que a muller interveña ou non no mercado laboral.

Malia á súa importancia para a industria, as "habilidades femininas" enténdíanse como menos valiosas que, por exemplo, a forza física, atribuída ideoloxicamente ás tarefas realizadas polos varóns. Esta desigual valoración dá orixe en xeral a salarios inferiores para a muller, reforzando o carácter subsidiario que ten o traballo feminino na economía familiar, e dando lugar a unha baixa conciencia reivindicativa en relación ó seu traballo por parte das mulleres, o que as facía aínda máis interesantes como forza produtiva.

Aínda así as mulleres valoraban positivamente o traballo da conserva fronte a outros tipos de actividades, por tratarse dun emprego que achegaba un salario importante, por tratarse dunha ocupación "propia do seu xénero" e porque gozaba dun grande prestixio social dentro da comunidade local.

A posibilidade de realizar un traballo remunerado, xa fose este fixo ou estacional, propiciou un aumento na súa seguridade persoal e as súas opcións de vida e conformou parte do carácter da muller de Cangas, permitindo unha certa normalización da participación da muller máis aló do estritamente doméstico.



2.5.A FACTORÍA E OS PROCESOS FORMATIVOS

A formación técnica dos operarios que se realizaría nunha primeira etapa a través dos traballadores franceses especializados nas novas técnicas incorporadas pola marca Massó, pronto pasaría a ser realizada polos propios obreiros autóctonos, instruindo os máis veteranos ós novatos.

A muller, que se vería apartada dos procesos formativos máis especializados, dirixidos ós homes, quedaría relegada a ocupar postos semicualificados, e peor remunerados que os dos homes, mesmo en igualdade de condicións. Por outra banda, a medida que os procesos produtivos máis complexos ían sendo asumidos por novas maquinarias e diminuíu así a necesidade de contar con empregados especializados, reducíase a necesidade de formación especializada, e se recorría cada vez máis ó emprego feminino.

A Escola de Artes e Oficios creada en 1886 en Vigo non tería un peso importante na formación dos operarios de Massó, e o mesmo podemos dicir no caso da Escola Elemental de Traballo, dos anos trinta. Ámbalas dúas ofrecían á muller formación unicamente naquelas profesións consideradas tradicionalmente coma femininas e así mesmo foi escasa a porcentaxe de operarios homes que nelas se especializaron nos campos da súa competencia na fábrica.

A factoría do Salgueirón constituiría así un factor de incidencia nos procesos formativos en Cangas durante todo o século XX reflectíndose esta influencia mesmo na situación actual. Por un lado, favoreceu a aprendizaxe dun oficio por parte dos homes, mulleres e nenos que traballaban na conserveira; por outro, deu lugar a un baixo nivel educativo no municipio, debido ó absentismo escolar que ocasionaba a ocupación infantil na fábrica.

3. ANÁLISE

3.1. ENCADRAMENTO. CONCELLO DE CANGAS

O concello de Cangas forma parte da Península do Morrazo, entre as rías de Vigo e de Pontevedra, xunto cos concellos de Bueu, Moaña, Marín, Vilaboa e Pontevedra; limita ó norte con Bueu e ó leste con Moaña.

A orografía da península do Morrazo caracterízase por acadar cotas de ata 600m na pequena cordilleira que configura a súa liña central, aparecendo así montes de acusado relevo moi preto do mar. En termos climatolóxicos, inclúese dentro do tipo climático oceánico húmido con forte tendencia á aridez estival, cunha temperatura media anual de 14,9°C, sendo a máxima absoluta de 32.7°C, en xullo, e a mínima absoluta en xaneiro, cunha media de 1.7°C.

Nesta península preséntase unha alta densidade en áreas de grande riqueza natural dada a súa conformación mediante as Rías de Pontevedra e Vigo: as illas Cíes e illas de Ons, que alén de pertencer ó Parque Nacional das illas Atlánticas, son espazos LIC da Rede Natura; o Cabo Udra, a Costa da Vela, a enseada de S.Simón e as illas Estelas, todos eles tamén espazos LIC.

O concello de Cangas está conformado por cinco parroquias: Cangas, Coiro, Darbo, Hío e Aldán que, a pesar de sumar unha superficie total inferior á media dos concellos de Galicia, convérteno pola súa densidade media na segunda aglomeración urbana da ría de Vigo.

A orografía de Cangas segue o patrón da península do Morrazo, aínda que o entorno das cotas móvese nos 300m de altitude. Este acusado relevo xunto coa existencia dunha valiosísima área natural como a Costa da Vela, fai que a poboación se concentre en núcleos, segundo unha pauta de descentralización concentrada da poboación.

É importante salientar a conectividade que o transporte marítimo permite co porto de Vigo, alternativa de grande efectividade fronte as comunicacións por terra que liga os cascos urbanos de ámbalas dúas cidades, e cunha tradición documentada de máis de douscentos anos.

Efectivamente, o concello de Cangas forma parte da área metropolitana de Vigo ó tempo que a súa situación xeográfica a fai partícipe da propia área metropolitana de Pontevedra, situándoa nunha posición estratéxica de grandes potencialidades, no centro neurálxico da Rexión Urbana² Vigo-Pontevedra.

Atendendo ós datos proporcionados polos estudos redactados pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, dependente da Concellería de Formación e Fomento do Emprego, así como o Análise de Necesidades Formativas No Ámbito Xeográfico do Concello de Cangas, tamén publicado por esta mesma Axencia, e axuntado como documento anexo deste Estudo, cabe destacar, como sumario, algunhas das conclusións que os citados informes poñen de manifesto de xeito inequívoco:

Cangas, ademais de ser unha das maiores aglomeracións urbanas de Galicia, conta cunha alta densidade de poboación (632 ha./km) que mostra unha tendencia ó crecemento continuo (compénsase o brusco descenso de natalidade -acorde co que acontece tanto en España coma nos países dos nosos arredores- cun saldo migratorio positivo). Non se pode

² *Rexión Urbana*, Juan Luis Dalda, "Cidade Difusa en Galicia", 1ª edición, Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2005.

obviar que a súa grande proximidade con Vigo e o seu favorable localización xeográfica, converten o municipio nunha zona con grandes expectativas de crecemento.

A taxa de actividade do municipio é varios puntos máis baixa que a nivel provincial ou autonómico debido á alta porcentaxe de poboación inactiva. É obrigado sinalar a alta taxa de desemprego derivada, fundamentalmente, das crises do sector conserveiro (factoría Mas-só), o peche de estaleiros en Vigo e empresas afíns, a problemática dos caladoiros internacionais, a estacionalidade do emprego turístico, etc.


En canto á estrutura profesional da poboación ocupada, e dado que o sistema produtivo de Cangas está baseado no sector servizos e no mar (grande estacionalidade das actividades produtivas) expresa ás claras o grande peso do sector primario (34,11% fronte ó 21,9% de media na provincia, un dato nada prometedor se se ten en conta a problemática do sector); tamén evidencia que, debido ó proceso de terciarización que sofre a economía global e á crecente importancia do turismo, o sector servizos é o que máis poboación ocupa (39,7% do total).

O terceiro dos sectores é o industrial cun 17,54% seguido do subsector da construción.

As conclusións dos diversos estudos e informes que se manexaron tamén sinalan o baixo nivel de instrución académica da poboación municipal en xeral.

En clave máis positiva destacan tamén o bo nivel de calidade de vida da vila, así como a ampla oferta de servizos educativos e de actividades de ocio.

PLANO 01 / Posición dentro da área metropolitana



A densidade edificatoria dentro da área metropolitana da Ría de Vigo presenta variedade de intensidades dentro dun case continuo urbano. O litoral sur da Ría presenta maiores densidades así como a meirande área de expansión en torno á cidade de Vigo; mentres, no sur da Península do Morrazo prodúcese unha menor expansión concentrándose a masa edificada no borde litoral.

A boa comunicación por vía marítima aproxima as dúas beiras da ría e posibilita o desenvolvemento e coordinación de actividades (económicas, culturais, lúdicas, etc) entre os núcleos de poboación da área.


PLANO 02 / Parque Nacional das Illas Atlánticas e Lugares de Interese Comunitario (LIC)



A cantidade e calidade de zonas naturais na boca da Ría de Vigo e a súa relación de proximidade coa zona do Salgueirón fan da mesma un lugar dun alto valor de posición sobre o territorio.

A proximidade das Illas Cíes, así como do Lugar de Interese Comunitario da Costa da Vela, converten a zona do Salgueirón nunha zona límite de alto interese entre paraxes naturais e urbanas da área metropolitana da Ría de Vigo.

PLANO 03 / Áreas de protección no termo municipal de Cangas



Nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial da provincia de Pontevedra do ano 1990 atópase delimitada como Espazo Natural Protexido número 6 a área de “Barra, Cabo de Home”, que se estende ata a zona do Salgueirón.

Posteriormente a área de protección viuse reducida na proposta de declaración da Costa da Vela como Lugar de Interese Comunitario (LIC).

3.2 ÁMBITO DE INFLUENCIA (ZONA DO SALGUEIRÓN-TERMO MUNICIPAL)

3.2.1.DESCRICIÓN LITORAL E ÁREAS NATURAIS

A enseada de Cangas presenta unha forma en media lúa que se abre o surlleste. Dentro deste entorno o borde litoral conserva a súa configuración natural nos seus extremos, coa praia e punta Rodeira a leste e área natural de Punta Balea a oeste, mentres que na súa parte central se atopa altamente humanizado. Neste tramo central poden distinguirse dúas zonas: a primeira, a norte, corresponde coas instalacións portuarias con forte vinculación co casco urbano de Cangas; a segunda, a sur, correspóndese coa área e portos do Salgueirón ata Punta Balea, no seu día vinculados á actividade industrial e conserveira da factoría Massó.

A relación de Cangas co seu litoral presenta tamén variedade de rexistros de maior ou menor contigüidade da edificación e espazos públicos co borde marítimo. Mentres na parte central o núcleo de Cangas se asoma directamente ó mar a medida que nos alonxamos do casco vaise producindo unha paulatina separación que deixa zonas libres e áreas naturais entre os límites edificados e a liña de costa.

Estes feitos fan que se xere en Cangas un interesante percorrido litoral que pode proporcionar ó núcleo urbano unha inmediata comunicación e posibilidade de disfrute das áreas libres e naturais colindantes. Na actualidade este percorrido tan só se atopa roto no punto de unión entre a zona portuaria do núcleo de Cangas e a área do Salgueirón. A situación neste punto da nave pertencente a “Frigoríficos do Morrazo” interrompe o que podería ser un percorrido continuo.

3.2.2.TECIDOS E EDIFICACIÓN

A medida que nos alonxamos do casco de Cangas, de edificación compacta, a dispersión das construcións aumenta provocándose a colonización e uso de grandes áreas de chan por un case continuo edificado de moita menor densidade. A ocupación do chan homoxeneízase, xeneralízase, e pérdese o carácter de núcleo pasando o territorio a estar ocupado por construcións maiormente illadas e con escaseza de relacións entre elas e mailo seu espazo circundante.


A área do Salgueirón permanece neste entorno como unha zona maiormente libre debido á súa condición de solo de uso industrial que evitou a construción sobre o mesmo de áreas de vivenda.

3.2.3.VIALIDADE

Por outra banda tamén favoreceu este feito que unha das principais vías de tráfico que parten do casco de Cangas, a estrada de Aldán (PO-551), e que serve de apoio e conexión co centro a este continuo edificado, se alonxe da costa no borde Sur de Cangas, limitando o norte da área do Salgueirón coa mesma.

A estrada de Aldán-Cangas-Moaña, que vai percorrendo o litoral sur da península do Morrazo, forma xunto coa estrada Cangas-Bueu o conxunto principal de comunicacións interiores do termo municipal. O resto de tecido viario é de menor entidade.

PLANO 04 / Ámbito de influencia, relación entre o entorno do Salgueirón e o núcleo de Cangas



3.3 ÁMBITO DE ACTUACIÓN (ZONA DO SALGUEIRÓN E ENTORNO INMEDIATO)

3.3.1. DESCRICIÓN DO LITORAL E ÁREAS NATURAIS

Na área propiamente do Salgueirón prodúcese a confluencia do borde litoral humanizado, zona portuaria de Cangas ó norte, e o borde litoral natural a sur e oeste a partir de Cabo Balea e Punta Borneira. O tramo entrámbolos dous corresponde á zona de peirós e recheos do conxunto industrial de Massó e a baleeira.

O estado de conservación e calidade ambiental deste tramo de litoral é variable. Dende a praia do Salgueirón a norte ata a praia da Congorza a sur prodúcese unha sucesión de peirós e recheos de diversa calidade. É de resaltar a calidade de relación no borde costeiro na zonas de rampla da baleeira que é exemplo de sensibilidade e naturalidade. Pola contra existen outros tramos de recheo que presentan unha relación máis confusa. No límite sur a sucesión de praias e diques na zona de Cabo Balea son outro exemplo de bo acordo entre elementos naturais e construídos, respondendo estes últimos cunha axeitada dimensión á calidade espacial do entorno marítimo e terrestre.

Un amplo conxunto de áreas naturais é o entorno no que se sitúan o conxunto de edificacións da área identificada como Unidade de Actuación 27 nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas. Este conxunto de áreas libres ten continuidade máis aló dos límites definidos polo perímetro normativo: a suroeste seguindo a liña de costa e a noroeste ata entrar en contacto coa área edificada en torno á estrada Cangas-Aldán. Destacan entre todas elas a área de Punta Balea e da Lagoa da Congorza tanto polas súas características propias como polo valor da súa situación na área natural "Barra, Cabo de Home" recollida nas Normas Subsidiarias Provinciais de Planeamento.


3.3.2. TECIDOS E EDIFICACIÓN

Ademais da fábrica principal, a área conta cun variado conxunto de edificacións de alto valor patrimonial relacionadas coa actividade orixinal da conserveira Massó. O conxunto comprende dende naves auxiliares ás actividades produtivas ata edificios dedicados orixinalmente a servizos como comedor, gardería ou hotel. Tamén forman parte do mesmo vivendas para os traballadores da conserveira. Preséntase pois un alto valor do conxunto de edificacións, non só polas súas características individuais, senón pola calidade das súas relacións recíprocas e de posición sobre as áreas libres sobre as que se sitúan.

Son os límites norte-noroeste da área os máis fráxiles pola súa proximidade ou contigüidade a áreas edificadas. Ó longo do tempo a ocupación de chan por edificación residencial dende a estrada de Aldán cara ó sur foi en aumento, chegando en casos a aproximarse demasiado (ou incluso ocupar) zonas naturais de elevado interese como pode ser a lagoa da Congorza.

Como feito negativo é de resaltar a presenza da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) na zona sur da área, instalación que provoca un forte impacto ambiental xusto nas zonas de maior valor natural do conxunto: Lagoa da Congorza, praias da Congorza e Areami-lla e zona de Cabo Balea.


PLANO 05 / Ámbito de actuación, identificación de elementos no entorno do Salgueirón



Ortofoto do âmbito do Salgueirón



PLANO 06 / Ámbito de influencia, identificación de debilidades no entorno do Salgueirón




3.3.3.VIALIDADE

A conexión viaria da área do Salgueirón prodúcese na actualidade principalmente dende o norte seguindo a rúa Arrecife, debido á interrupción xa sinalada que provoca a presenza da nave de "Frigoríficos do Morrazo" no percorrido litoral ata o casco de Cangas. É posible o acceso rodado á área dende máis vías que parten cara o sur dende a estrada Cangas-Aldán: avenida de Montero Ríos, Rúa da Oliveira, etc. O estado destas vías é variable, non estando tan sequera algunhas delas pavimentadas e sendo de sección reducida.

Na actualidade o eixo litoral que discorre de norte a sur pola área permite o tráfico rodado a pesar de non se atopar axeitadamente pavimentado. Na proximidade da baleeira e doutras zonas como a do hotel a súa sección redúcese e tan só permite o seu uso por parte de peóns ou ciclistas.


PLANO 07 / Ámbito de influencia, análise da rede viaria existente



3.4.IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE ÁREAS NATURAIS

Neste Estudo de Usos Públicos e Sociais no Salgueirón realizouse un traballo de campo coa fin de inventariar e facilitar un primeiro achegamento ó estado de conservación do patrimonio natural do ámbito.

É imprescindible o desenvolvemento dunha peritaxe completa de tódalas áreas naturais dende puntos de vista históricos, ecolóxicos e sociais, coa fin de realizar plans de acción axeitados a cada unha delas no marco da proposta de conxunto para O Salgueirón.



3.4.1.DESCRICIÓN E ANÁLISE XERAL. ENCADRAMENTO CLIMATOLÓXICO

O entorno do Salgueirón goza dun período de insolación de 2.300 horas ó ano. A precipitación anual é de 1.414 mm e o carácter estacionario da pluviometría é bastante acentuado, sendo as estacións máis chuviosas o inverno e o outono cun 65% das precipitacións anuais, e a estación menos chuviosa o verán co 8% anual. O período seco nesta área comeza a finais de xuño e principios de xullo, rematando a mediados do mes de agosto.

Os ventos dominantes mostran uns patróns xerais que se poden definir como segue: ventos de intensidade media do nordeste e suroeste na primavera; ventos de intensidade media do nordeste e sueste no verán; ventos de intensidade media do sueste e nordeste, e ventos de intensidade media-alta do suroeste no outono, e frouxos do nordeste no inverno.

Os solos que atopamos aquí desenvólvense sobre rochas ígneas, maioritariamente granito, que foi emprazado durante a oroxenia hercínica (hai 250-350 millóns de anos). O granito existente nesta zona pertence ó grupo das granodioritas tardías, é dicir, granitos de gra groso de plaxioclasa. Os solos que evolucionan a partir de rochas graníticas teñen unha textura franco areosa, normalmente son soltos e pouco estruturados, de carácter permeable, polo que os fenómenos de encharcado son escasos.

3.4.2. ÁREAS VERDES. DESCRICIÓN E ANÁLISE XERAL

3.4.2.1. SUPERFICIE. RELACIÓNS COS LÍMITES

A superficie de zonas verdes obxecto do estudo ten unha extensión aproximada de 94.000 m², dos cales aproximadamente 32.000 m² se corresponden cunha área que se considera exterior (zona límite) ó entorno máis valioso en termos ambientais. Definíronse oito zonas de traballo específico, que comprenden aproximadamente 62.000 m².

No proceso de observación e identificación, incorporáronse datos dos seus límites, valorándose tanto o seu estado como as relacións e interaccións nesta franxa concreta cos elementos do exterior:

-Obsérvase unha grande fractura topográfica entre a cidade e o borde costeiro, xusto no ámbito do xardín de D. Paco.

-Atopáronse nas zonas máis ó leste da propiedade, sinais que indican unha recuperación xeral de especies de ribeira e canaveiras, así como nas zonas de fractura entre as grandes superficies de árbores e as zonas anexas á estrada que dá acceso á praia de Areamilla. Logo pódese albiscar no espazo ocupado outrora por cultivos, regatos e augas de escorrenta o proceso natural de reaparición de especies e hábitats.

-No caso dos bordes costeiros, obsérvase unha razoable estabilidade do conxunto respecto das relacións e das eventuais ameazas.

3.4.2.2. USOS E ANTROPIZACIÓN

Na identificación con respecto dos usos, obsérvase que todo o entorno, en especial as zonas verdes, son espazo de esparexemento dos cidadáns de Cangas: multitude de peóns e bicicletas circulan libremente polo entorno, realizando actividades deportivas ou de lecer; tamén existe movemento incontrolado de vehículos a motor polas vías e uso de determinadas áreas como aparcadoiros.

Observando as organizacións naturais respecto das diferentes intervencións humanas ó longo do tempo, aparecen dúas zonas que marcan dun xeito obxectivo a paisaxe:

-Unha franxa de zonas verdes ou antropizadas, que inclúe a maior parte das infraestruturas e se distribúe de norte a sur seguindo a liña costeira da praia do Salgueirón.

-Outra franxa máis irregular que presenta un menor grao de intervención e que se corresponde coa liña costeira que se estende dende a antiga baleeira ata a praia de Areamilla.

Cómpre salientar a baixa presión sonora atopada en toda a zona e a presenza continua de aves nas inmediacións das zonas de bosque e da franxa costeira.

3.4.2.3. DIAGNOSE XERAL

Constatouse que tódalas zonas verdes se atopan nun estado xeral de abandono. Existen vertidos incontrolados de grande tamaño e restos de lixo orgánico e sólido, mesmo contaminación que podería resultar tóxica ou perigosa para a saúde de persoas e animais.

Non obstante, obsérvase que as masas forestais están ben consolidadas e nun estado de saúde aceptable, a pesares da proliferación de vexetación invasora e abafante. Poderíase dicir que o abandono xeral de toda a zona e os numerosos puntos de perigo ambiental,

aínda que representan riscos de estabilidade ecolóxica a medio e longo prazo, non inciden de xeito significativo na saúde xeral dos espazos verdes.

Obsérvase claramente unha zona verde de bordo coa cidade, así como a delimitación deste bordo con respecto á área natural.

Pódese afirmar que, pola morfoloxía xeográfica e orientación, pola exposición á ondada do mar e ós ventos dominantes; o conxunto ten unha extraordinaria capacidade como lugar de xeración de distintas formas de enerxías non contaminantes. O aproveitamento das zonas máis elevadas respecto do nivel do mar, amosa así mesmo unha potencialidade hidráulica salientable que se corresponde coa existencia de estruturas hidráulicas.

Tamén podemos constatar unha alta capacidade de ofrecer un espazo limpo de contaminación ambiental ó resto da ría mentres se manteña un baixo impacto que non altere as condicións naturais existentes.

Non obstante, a ameaza das augas residuais e vertidos poden incidir de xeito negativo, aínda que se podería inverter esta tendencia cunha mellor xestión. Neste sentido, parece axeitado propoñer a eliminación da estación de depuración de augas residuais, polo seu perigo directo de incidencia na saúde dos hábitats de Punta Balea.

Cómpre subliñar o valor estratéxico dos espazos construídos e a súa configuración na totalidade do conxunto, amosando sinerxias e relacións que poden facilitar o desenvolvemento de actividades complementarias.

3.4.3. IDENTIFICACIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS

ZONA1. Xardín de D. Paco

ZONA2. Anexo ás escaleiras de Massó, parte superior da antiga conserveira/gardería e comedor, zona "a monte" anexa á parcela da chamada "Casa Pizcueta", onde se atopa o antigo depósito de auga.

ZONA3. Anexo ó antigo Hotel, vías de acceso ó seu nivel e inferior, praza do cruceiro de Massó e anexo á cheminea.

ZONA4. Anexo á antiga cocheira, bosque de pradairos, casa chamada "de Evaristo", zona de cultivos.

ZONA5. Anexo á nave anexa, bosque de carballos, antigo depósito de residuos orgánicos.

ZONA6. Eucaliptal situado entre a nave anexa e o camiño ó campo de fútbol.

ZONA7. Anexo á antiga baleeira e ó sur do eucaliptal.

ZONA8. Anexo á lagoa da Congorza.

ZONA LÍMITE. Espazo limitado pola estrada á praia de Areamilla, o campo de fútbol, o límite da propiedade e as zonas 3, 4, 5, 6 e 7.

3.4.4. VALORACIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS

Estímanse os valores de cada unha delas para a súa conservación, partindo da consideración das seguintes variables de calidade ambiental:

-Valor ecolóxico: segundo a calidade do medio dende o punto de vista do estado de conservación das súas biocenoses (especies vexetais e animais).

-Valor produtivo: segundo a capacidade para a produción agraria, forestal ou simplemente a capacidade para xerar biomasa.

-Valor paisaxístico: segundo a calidade estética na súa base paisaxística ou a súa visibilidade.

-Valor científico cultural: segundo o seu valor para a cultura ou polo seu interese científico.

-Valor funcional: segundo o papel que cumpren no conxunto do territorio, como control da erosión, regulación da contaminación, incidencia na climatoloxía, etc.

Zona	Valor ecolóxico	Valor produtivo	Valor paisaxístico	Valor C.cultural	Valor funcional	Media Valor Ambiental
Zona 1	5	3	5	5	3	4,2
Zona 2	5	3	4	3	4	3,8
Zona 3	2	1	3	1	4	2,2
Zona 4	4	4	4	4	3	3,8
Zona 5	4	4	4	4	3	3,8
Zona 6	3	3	3	2	2	2,6
Zona 7	3	3	3	2	2	2,6
Zona 8	5	3	5	5	4	4,4
Zona LÍMITE.	2	2	1	0	2	1,4

Código: Non aplica = 0, Moi baixo = 1, Baixo = 2, Medio = 3, Alto = 4, Moi alto = 5

Obsérvase, por tanto, unha zona cun valor especial -a lagoa da Congorza; catro, cun alto valor ambiental -unha delas cun maior valor, o xardín botánico; dous, cun valor medio relativo e outra cun valor medio menor; ademais da zona límite, cun mínimo valor ambiental.


3.4.5. ANÁLISE DAS DISTINTAS UNIDADES AMBIENTAIS

Ofrécese a continuación por cada unha das zonas verdes identificadas unha análise e descrición, a relación de especies vexetais a salientar, unha diagnose e unha proposta de intervención.

Enténdese esta análise como un traballo de campo preliminar e aproximado, que deberá ser precisado e completado por estudos e catalogacións pormenorizados a desenvolver nunha segunda fase.

Respecto da fauna non se inclúen referencias. Existen estudos realizados por diferentes grupos ambientalistas que ofrecen datos de análise e interpretación da bioloxía do entorno, sendo o realizado polo Grupo de Anelamento Anduriña sobre o Espazo Natural de Punta Balea o que pode servir de referencia.

PLANO 08 / Identificación das unidades ambientais



3.4.5. ZONA 1: XARDÍN BOTÁNICO OU DE DON PACO

Aínda que se contemplan diagnoses e propostas diferenciadas para a zona1 e zona2, a súa proximidade así como o carácter de franxa forestal compacta das dúas zonas outórganlles unha identidade propia e única. As intervencións deberán ser conxuntas e tomar moi en conta a súa relación. Cómpre logo que tódalas estratexias de conservación sexan integradas e orientadas á consolidación dun único espazo verde.

DESCRINCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese co antigo xardín botánico, chamado de "D. Paco": unha área estruturada en socalcos e delimitada por dous muros paralelos a distintas cotas que se estenden ó longo da liña de costa fronte á Praia de Massó; o muro da cota superior, de recente construción, actúa como contención do nivel inmediatamente superior, xa fóra do ámbito de actuación.

Polas súas características como antigo xardín botánico consolidado, a diversidade de especies, a súa peculiaridade e valor histórico e social, identifícase como zona de moi alto valor ambiental. A superficie aproximada é de 4.000 m².

O socalco inferior é o maior e acolle a maioría das árbores ademais dun pozo. Existe un segundo socalco duns dous metros de altura estando o nivel superior en pendente. O recinto está pechado e conta con dous accesos nos seus extremos norte e sur; unhas escaleiras permiten o acceso á parte máis alta. Asemade hai unha construción no extremo sur, medianeira co edificio da antiga gardería, a chamada Casa de D. Paco, moi degradada.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

A salientar polo seu tamaño e idade superior ós 50 anos:

- catro exemplares adultos de palmeira de Canarias (*Phoenix canariensis*),
- unha araucaria (*Araucaria heterophylla*),
- unha oliveira (*Olea europaea*),
- dous magnolios (*Magnolia grandiflora*),
- tres cipreses de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*),
- exemplares de carballo (*Quercus robur*),
- camelia (*Camellia japonica*)
- loureiro real (*Prunus laurocerasus*).

Hai tamén algúns individuos de certa idade das especies:

- dracena (*Cordyline australis*),
- falso palmito (*Trachycarpus fortunei*)
- pitosporo (*Pittosporum tobira*)

Diferentes especies arbustivas ornamentais e froiteiras distribúense nas dúas terrazas.

É significativo atopar referencias á existencia de exemplares de diversos fungos e cogomelos, destacando o cogomelo mexicano da subespecie *myxomicetes* (*Physarum*)



Pezizoideum), sendo o xardín de Massó un dos oito lugares da Península Ibérica onde se atopou dita especie ³.

DIAGNOSE

A calidade do solo, o porte e a robusteza das árbores e a peculiaridade do seu deseño como xardín botánico, apórtanlle ó xardín de D. Paco un gran valor emblemático, histórico e botánico.

O estado xeral da zona é de abandono, aínda que as árbores que alí se atopan están nun aceptable estado de vida pese a que se detectan signos de enfermidade nalgunhas pólas das árbores. Presenta abundancia de silveiras, matogueiras, madreseiva, hedra e outra vexetación invasora, que impide o acceso á zona contigua -zona2-, así como ausencia de osíxeno e luz nas zonas de menor altura.

O solo, na terraza inferior, atópase estruturado e cunha calidade aceptable. As zonas en pendente no extremo sur están moi degradadas existindo vertidos e residuos de obra preto do muro de pedra. O estado de conservación de muros, escaleiras e valados é deficiente. É necesario controlar a presión estrutural do muro e o seu efecto sobre as raíces das árbores, así como a posible filtracións de augas residuais.

Todo iso incide na futura saúde do entorno e na viabilidade da súa recuperación. Un posible lume sería igualmente devastador e tería como consecuencia unha perda dun gran valor botánico e histórico.

RECOMENDACIÓNS

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión no catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, segundo o Decreto 67/2007 do 22 de marzo.

Realización dos traballos de acondicionamento:

- Limpeza exhaustiva de residuos e desbravado da vexetación invasora.
- Delimitación do contorno do muro de pedra, avaliación de perigos e tensións estruturais.
- Reconstrución do edificio/casa de D. Paco, para servizos.
- Delimitación de camiños e accesos, colocación de carteis informativos e deseño das rutas para visitas.
- Creación dun corredor pola zona superior para a conexión coa zona2.

Realización dos traballos de intervención e recuperación:

- Deseño dunha estratexia de intervención silvícola, usos forestais, micolóxicos e botánicos.
- Planificación de actividades, usos e instalacións.
- Catalogación, valoración e recuperación das especies existentes e doutras que foron establecidas e desapareceron.
- Recuperación do pozo e implantación de sistemas de rego
- Creación dun banco/viveiro de especies.

³ Cabo Rey, L. (1995) Aportación ó catálogo de Myxomycetes de Galicia. II. Bol.Soc.Micol.Madrid.

3.4.5. ZONA 2: O BOSQUE DAS ESCALEIRAS DE MASSÓ

DESCRINCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese co espazo anexo á fábrica conserveira de Massó (Edif. N1) e ó acceso dende o peirao á zona alta da propiedade, por detrás da salgadura primitiva (Edif. N3), e ó sur da zona verde 1 ou xardín de D. Paco.

Pola súa condición de zona arbórea xa consolidada, pola proximidade e complementariedade co xardín de D. Paco e a variedade das especies que alí se atopan, identifícase como zona de alto valor ambiental. A superficie aproximada é de 4.800 m².

A zona está, no seu extremo leste e sur, encaixada entre as construcións anexas á fábrica conserveira de Massó. O espazo central sitúase nun amplo socalco onde hai restos dunha construción, así como unha antiga mina de auga.

Na parte máis alta, ó norte e fóra desta zona 2, encóntrase un dos depósitos de auga da antiga fábrica; esta parcela anexa compréndese na propiedade, pero está actualmente pechada e ocupada por unha vivenda coñecida como "Casa Pizcueta", ó seu carón e ó longo dunha vía de acceso, existe unha zona sen cultivo duns 1.300 m², nunha fractura do terreo que pode estar chea de entullo ou lixo; doutro lado da vía, atopamos outro depósito de auga de maior dimensión que abastecía de auga á antiga caldeira da fábrica.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

Salientan polo seu tamaño e idade centenaria:

- un exemplar de carballo (*Quercus robur*),
- dous de piñeiro de monterrey (*Pinus radiata*).

Asemade, hai individuos de certo tamaño e novos exemplares das especies:

- carballo (*Quercus robur*),
- alfaneiro chino (*Ligustrum lucidum*),
- boneteiro (*Euonymus japonicus*)
- loureiro (*Laurus nobilis*), distribuídos en masas vivaces pola zona húmida e ó longo das áreas máis próximas ás construcións,
- unha canaveira (*Arundo donax*) ben consolidada na zona baixa.

Estímase que estes individuos foron introducidos como complemento ó xardín de D. Paco, desenvolvéndose de xeito espontáneo.

-Xestas, silvas e outras especies arbustivas conforman masas de matogueiras compactas, que dificultan o crecemento de novos individuos de carballo, na zona máis descoidada. Estes carballos, non obstante, distribúense na parte máis baixa e amosan a posibilidade dunha eventual reforestación.

DIAGNOSE

O estado xeral da zona é de extremo abandono, con presenza de desperdicios.



Algunhas árbores corren perigo de caída, debido á disposición en pendente e a posible falla do terreo, o que leva á necesidade de asegurar o emprazamento dalgúns árbores, así coma á eliminación ou clareo de outras.

Na parte máis baixa e mesmo afundido nunha zona húmida atópase un tupido canaval, con difícil acceso e ocupación por lixo e restos sólidos de diferente orixe.


Seccións dos muros de carga e contención, están ameazados por polas e raíces. O deficiente estado das construcións obriga á recuperación de toda a zona limítrofe.



RECOMENDACIÓNS

Realización dos traballos de :

- Limpeza exhaustiva de residuos sólidos e desbrave da vexetación invasora.
- Clareo e poda de individuos de imposible reubicación, eliminación de individuos enfermos.
- Reparación de escaleiras e muros de contención.
- Delimitación e recuperación de camiños, accesos e conexión co xardín de D. Paco.
- Limpeza da mina. Deseño de usos e aproveitamento da mina e dos depósitos de auga.
- Deseño dunha estratexia para a reforestación.



3.4.5. ZONA 3: ANEXO Ó HOTEL

DESCRINCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese co espazo anexo ó antigo hotel (Edif. N6) situado na zona máis alta da propiedade, delimitada polas dúas vías que permiten o acceso dende a estrada de Aldán, o límite oeste de propiedade, as antigas cocheiras e a praza do cruceiro.

Polas súas características como antiga zona de vexetación ornamental, espazo de paso de vehículos e servizos para o hotel e ausencia de masas arbóreas consolidadas identifícase como zona de valor ambiental medio-baixo. A superficie aproximada é de 9.000 m².

A zona está condicionada polas dúas vías de acceso dispostas en socalcos superpostos, unha delas ó nivel do hotel e ámbalas dúas comunicadas por escaleiras. Na parte traseira e lateral sur do hotel, dispónse unha área que foi de cultivos e servizos do mesmo, con dous pozos de auga, un deles de barrena e outro artesán. A parte sur correspóndese na parte alta cunha zona sen cultivar e na parte baixa coa zona da cocheira e a confluencia das dúas vías.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

Salientan polo seu tamaño e idade:

- catro exemplares de cedro de California (*Calocedrus decurrens*) preto do hotel, plantadas a mediados dos anos 60,
- algunhas froiteiras (maceiras e laranxeiras) situadas na traseira do hotel e ó carón da cocheira,
- varios exemplares de mimosa (*Acacia dealbata*) ábreñse camiño na vía inferior,
- tres individuos de ciprés (*Cupressus sempervirens*), ó carón da antiga cocheira,
- algunhas froiteiras.

A zona de vexetación ó lado da cheminea quedou estragada por un lume recente.

DIAGNOSE

O estado xeral da zona é de abandono; a contorna do edificio do hotel está nun terrible estado cunha gran cantidade de residuos sólidos procedentes do interior do edificio. As árbores máis senlleiras preto do hotel atópanse no borde da terraza cun alto perigo de caída. O borde sur está moi degradado e con grande cantidade de vexetación invasora.

Os espazos anexos ós camiños están tamén cheos de lixo, mesmo nas inmediacións do cruceiro, atópanse gran cantidade de residuos sólidos de gran tamaño. As xardineiras que se distribúen ó longo das vías están en moi mal estado e cubertas por vexetación invasora. O abandono das construcións e o desleixo das zonas verdes lle apórtanlle moita fragilidade.

RECOMENDACIÓNS

Realización dos traballos de acondicionamento:

- Limpeza exhaustiva de residuos sólidos e desbravado da vexetación invasora.



-Eliminación de especies específicas, mimosa e matogueiras.

-Acondicionamento de camiños e vías, muros, escaleiras e xardineiras

-Arranxo e asegurado do muro entre socalcos.

Realización dos traballos de intervención e recuperación:

-Reconstrución de edificios.

-Recuperación de pozos e deseño de sistemas de enerxía e depuración de augas residuais.

-Deseño de áreas axardinadas, de sistemas de cultivos e bosque comestible ⁴, na área traseira do hotel.

⁴ *Bosque comestible (en inglés Forest Garden): estatexia de cultivo que tenta imitar o desenvolvemento dun bosque tropical, estando a deseñar e procurar os 7 niveis de crecemento aéreo e radicular (canopeo ou árbores de copa, árbores medias, arbustos, vexetación herbácea, vexetación rasteira, raíces e gabeadoras). Todo co obxectivo de producir alimento e biomasa, xerar biodiversidade, fortalecer a saúde do solo e procurar hábitat adicional a especies animais.*

3.4.5. ZONA 4: ANEXO Á COCHEIRA: O BOSQUE DE PRADAIROS

DESCRINCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese co espazo anexo ó sur do antigo edificio da cocheira (Edif. N7), incluíndo esta.

Pola súa catalogación silvícola, cunha grande área que podería catalogarse mediante unha peritaxe máis pormenorizada como Bosquete de Masa Pura Fustal⁵, pola variedade de especies atopadas e pola categoría de masa arbórea consolidada, identifícase como zona de alto valor ambiental. A superficie aproximada é de 6.700 m², dos cales uns 2.500 m² correspóndense co bosque de pradairos.

A zona está delimitada ó norte polo antigo edificio da cocheira, ó sur pola antiga vacariza (Edif.N8) -ou "casa de Evaristo"-, ó oeste polo borde coa zona límite e ó leste polo acceso que separa a zona co bosquete de carballo americano.

Na zona anexa á vacariza sitúase unha zona que foi de cultivos cuns 400m² de extensión e delimitada por un muro. Paralelamente ó acceso leste discorre un muro que delimita unha zona de servizos cunha construción derrubada. Existen dous pozos preto do edificio da cocheira. No borde oeste encóntrase unha zona máis baixa e húmida con vexetación de ribeira, que evidencia o curso de augas fluviais ou freáticas.




IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

- o pradairo americano (*Acer negundo*) ocupa preto do 90% dunha extensión aproximada de 2.500 m²; este bosquete pode datar de finais dos anos 50 do século pasado,
- unha sequoia (*Sequoia sempervirens*),
- un exemplar de ciprés común (*Cupressus sempervirens*),
- algúns exemplares de carballo do país (*Quercus robur*),
- carballo albariño (*Quercus petraea*),
- carballo americano (*Quercus rubra*),
- pitosporos (*Pittosporum tobira*),
- piñeiros do país (*Pinus pinaster*),
- liquidámbar (*Liquidambar styraciflua*)
- pradairos (*Acer pseudoplatanus*),

Tamén no límite oeste, no borde coa zona límite, ubícanse:

- algúns exemplares de chopo branco (*Populus alba*)
- vexetación de ribeira



⁵ Bosquete: Pequeno grupo mono específico de árbores.

Masa pura: Constituída por unha única especie, ou cando unha única especie supón máis do 90% dos pés.

Fustal: Masa de árbores en estado adulto nos cales cesa o crecemento en altura para aumentar en diámetro.

(Madrigal 1994)

- ailantos (*Ailanthus altissima*)
- e ameneiros (*Alnus aglutinosa*)

DIAGNOSE

As especies vexetais foron desenvolvidas sen unha planificación axeitada e na actualidade non contan cun plano de xestión axeitado. A hedra (*Hedera helix*), a madre selva (*Lonicera periclymenum*) e outras especies gabeadoras, afogan a maioría dos troncos das árbores. Asemade a sequoia e o ciprés atópanse afogados por individuos doutras especies, e a vexetación de ribeira viuse afectada por algún lume.

A proximidade co borde da zona límite e o recheo do eucaliptal anexo ocasionan certa fragilidade nese límite.

O estado xeral da zona, malia todo isto, é dunha razoable estabilidade ecolóxica.

RECOMENDACIÓNS

Realización dos traballos de acondicionamento:

- Limpeza e desbravado da vexetación invasora.
- Eliminación de especies e individuos específicos, clareos e poda.
- Acondicionamento de camiños e vías, muros, escaleiras.
- Acondicionamento da zona anexa á antiga vacariza.

Realización dos traballos de intervención e recuperación:

- Recuperación de pozos e deseño de sistemas de enerxía, rego e depuración de augas residuais.
- Deseño de intervención silvícola en clave de reforestación de especies senlleiras e/ou autóctonas.
- Deseño de áreas de cultivos e de parcelas para a investigación forestal, agrícola e micolóxica.
- Deseño de actividades de interpretación, formación e investigación ambiental.

3.4.5. ZONA 5: ANEXO Á CHEMINEA DE MASSÓ: O BOSQUE DE CARBALLOS

DESCRIPCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese co espazo anexo á nave xunto á fábrica conserveira (Edif. N2), ó sur da cheminea.

Poderíase considerar que o espazo específico do bosque de carballo americano, podería catalogarse mediante unha peritaxe máis pormenorizada como Bosquete de Masa Pura Fustal; por isto e polo valor ambiental como espazo anexo á zona 4, identifícase esta zona como de alto valor ambiental. A superficie aproximada é de 3.800 m², dos cales uns 1.900 m² correspóndense co antedito bosque.

A zona está delimitada ó norte polo acceso que vén da zona alta e desemboca no peiró do Salgueirón, ó sur polo recheo de entullo situado no eucaliptal, ó oeste pola zona 4 e ó leste pola nave anexa á construción principal. Na zona existe un antigo vertido de residuos orgánicos da baleeira, estando invadido de vexetación rasteira e arbustiva na actualidade.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

- o carballo americano (*Quercus rubra*) salienta pola súa singularidade e cantidade de individuos, ocupando a maior parte do bosque. A data aproximada de plantación pode ser de principios dos anos 60 do século pasado.

-un exemplar de casuarina ou piñeiro de Australia (*Casuarina equisetifolia*),

-algúns pradairos americanos (*Acer negundo*),

-varios exemplares de piñeiro do país (*Pinus pinaster*).

DIAGNOSE

O estado xeral da zona, como o da anexa, é dunha razoable estabilidade ecolóxica.

O bosque de carballos está nun aceptable estado de desenvolvemento malia os diversos residuos sólidos que o ocupan.

É salientable que a idade das árbores sitúase no momento crítico para abordar a súa viabilidade e conservación, e a vexetación invasora e abafante supón aquí tamén unha ameaza, pero o solo no que se asentan e a súa propia configuración arbórea permiten apostar pola viabilidade da súa conservación e a consolidación dun espazo de bosque singular integrado coa zona 4.

O espazo de vertidos presenta un aspecto uniforme aínda que non foi posible unha diagnose significativa debido ó seu complicado acceso.


RECOMENDACIÓNS.

Realización dos traballos de:

-Limpeza e desbravado da vexetación invasora.

-Eliminación de especies e individuos específicos, clareos e poda.

-Deseño de intervención silvícola.



3.4.5. ZONA 6: O EUCALIPTAL

DESCRINCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese co eucaliptal anexo á nave xunto á fábrica conserveira (Edif. N2), que discorre ó longo da praia do Salgueirón.

Poderíase considerar que o espazo do eucaliptal podería catalogarse mediante unha peritaxe máis pormenorizada como Bosquete de Masa Pura Fustal; por esta circunstancia e tendo en conta o valor relativo desta especie identifícase esta zona como de valor ambiental medio. A superficie aproximada é de 1 ha.

A zona está delimitada ó norte pola nave xunto á fábrica conserveira(Edif. N2), e o edificio da antiga vacariza (Edif.N8); ó leste polo camiño que discorre ó longo da praia do Salgueirón; ó sur polo camiño ó campo de fútbol, e ó oeste co borde coa chamada zona límite. Na zona máis próxima á nave anexa e con acceso desde o camiño leste, sitúase un recheo de escombros duns 1.200 m² aproximadamente, que acadaría uns 15.00m de altura.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

- salienta pola súa singularidade e cantidade de individuos a presenza do eucalipto de reforestación (*Eucalyptus globulus*), que ocupa a case totalidade da extensión da zona, amosando unha gran densidade de individuos. A data aproximada de plantación pode ser de principios dos anos 50 do século pasado, no momento do desenvolvemento das estratexias de reforestación no norte do estado español.

-Algúns exemplares de plátano (*Platanus acerifolia*),

- varios exemplares de loureiro (*Laurus nobilis*),

- especies de vexetación de ribeira como salgueiros (*Salix alba*) e ameneiros (*Alnus aglutinosa*),

No espazo do recheo e nalgúns zonas sen densidade de árbores, sitúase vexetación arbustiva pioneira clásica: xestas (*Cystius scoparius*), toxos (*Ulex europaeus*) e carqueixas (*Genistella sagittalis*).

DIAGNOSE

A zona presenta certa uniformidade debido á existencia dunha especie forestal preponderante.

A situación estratéxica respecto dos accesos pola praia do Salgueirón e dende o campo de fútbol confírenlle á zona unha considerable accesibilidade para o público en xeral.

A existencia dunha especie tan exclusiva como o eucalipto representa unha dificultade para o desenvolvemento doutras especies, dada a calidade ácida do solo e a densidade de individuos. Nesta liña de exclusión o propio recheo contribúe a limitar calquera estratexia de reforestación ou introdución doutras especies ó contribuír á acidificación do solo; por outra banda o grande volume que representa o entullo e a forma na que foi realizado incide directamente sobre a masa arbórea anexa, dificultando accesos, fracturando individuos, etc.

As vías exteriores, que permiten o paso de vehículos sen control, confírenlle á zona unha gran fragilidade con respecto á contaminación acústica e ambiental.



RECOMENDACIÓNS

Realización dos traballos de acondicionamento:

- Limpeza e desbravado da vexetación invasora.
- Eliminación de especies e individuos específicos, clareos e poda.
- Acondicionamento de vías.

Realización dos traballos de intervención e recuperación:

- Deseño de intervención silvícola e no seu caso eliminación e reforestación.
- Recuperación da zona do recheo.

3.4.5. ZONA 7: ANEXO Á BALEEIRA

DESCRIPCIÓN E ANÁLISE

Correspóndese coa zona que se desenvolve ó carón do eucaliptal do outro lado do camiño que vai ó campo de fútbol e xunto ós edificios da antiga baleeira (Edif. N10).

No caso da masa arbórea desta zona atopamos certa variedade de especies así como certa complementariedade e uniformidade coa zona 6 contigua; por isto identifícase esta zona como de valor ambiental medio. A superficie aproximada é de 9.800 m².

A zona está delimitada ó norte polo eucaliptal; ó leste pola liña costeira que vai ata a antiga baleeira, construción que conforma o límite sur; ó oeste limita co borde coa chamada zona límite e o acceso ó campo de fútbol. Na zona hai outra vía que discorre dende a liña de costa e que rodea a baleeira. Existe evidencia dun antigo camiño que saía da vía de acceso ó campo de fútbol e chegaba ó hotel (Edif.N6) -zona 3.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

- eucalipto (*Eucalyptus globulus*), que ocupa grande parte da extensión, ó norte
- exemplares de certo porte de platano (*Platanus acerifolia*),
- exemplares de loureiro (*Laurus nobilis*) e castiñeiro (*Castanea sativa*)
- salgueiros (*Salix alba*)
- ameneiros (*Alnus aglutinosa*)
- piñeiro do país (*Pinus pinaster*)
- certa cantidade de individuos de especies arbustivas pioneiras ocupan os espazos de claro e recheos.

DIAGNOSE

O estado xeral da zona é tamén de abandono, existindo unha grande cantidade de puntos de vertido de residuos sólidos que a converten na zona verde máis degradada. A proximidade do edificio da baleeira supón un punto continuo de contaminación, no referido ós residuos de construción: algúns recheos de area e residuos sólidos foron situados nos extremos sur e leste.

A súa posición xeográfica outórgalle moita fragilidade respecto da incidencia dos ventos dominantes e as vías que percorren a zona apórtanlle unha alta incidencia de perigos de contaminación. A baixa calidade do seu solo pode dificultar a súa recuperación ecolóxica. A escasa definición na súa conformación vexetal arbórea reflíctese na patente incidencia de especies arbustivas invasoras.

RECOMENDACIÓNS

Realización dos traballos de acondicionamento:

- Limpeza e desbravado da vexetación invasora.
- Eliminación de especies e individuos específicos, clareos e poda.



- Limpeza exhaustiva de residuos sólidos, eliminación de puntos de perigo ambiental
- Acondicionamento de vías, recuperación do antigo camiño ó hotel.
- Deseño de intervención silvícola e no seu caso reforestación con especies autóctonas.

3.4.5. ZONA 8: ANEXO Á LAGOA DA CONGORZA

DESCRICIÓN E ANÁLISE

Correspóndese coa zona que se distribúe arredor da Lagoa da Congorza, situada entre as Praias de Areamilla, do Medio e da Congorza.

Esta zona verde xunto á lagoa da Congorza intégrese no Espazo Natural de Punta Balea; por esta circunstancia, así como pola inclusión da lagoa no catálogo de Humedais de Galiza e polo extraordinario valor ecolóxico, identifícase esta zona como de moi alto valor ambiental. A superficie aproximada é de 15.000 m², dos cales a lagoa ocupa uns 5.500 m².

A zona está delimitada ó norte pola Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) e a estrada de acceso á Praia de Areamilla; ó leste por unha serie de vivendas unifamiliares, o espazo ocupado polo antigo matadoiro e a Praia da Congorza; a liña costeira coa península de Punta Corveira e a Praia do Medio conforman o límite sur; ó oeste limita co entorno dunar anexo á Praia de Areamilla.

Na zona hai distribuídas distintas parcelas con construcións de distinto tamaño, que presentan muros de separación e cercados.

IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS

Cómpre salientar que o espazo está asociado a unha zona húmida, identificando dentro deste hábitat as diferentes partes do ecosistema que conforman a lagoa e zonas húmidas adxacentes.

Así, podemos diferenciar tres partes:

- o vaso ou superficie sempre inundada,
- a beira, inundable temporal ou permanentemente
- o bosque de ribeira.

No vaso:

- unha das especies que podemos atopar na lagoa, cubrindo practicamente a totalidade da súa superficie é a lentella de auga (*Lemna minor*).

Na beira da lagoa, pódense atopar como especies máis salientables:

- a palla real ou espadana (*Thypha latifolia*),
- a espadana amarela (*Iris pseudacorus*),
- a cana (*Arundo donax*),
- algúns especies de xuncos (*Juncus spp.*),
- a herba salgueira (*Lythrum salicaria*),
- a herba dos úmeros (*Ranunculus flammula*)
- e a amenta de lobo (*Lycopus europaeus*).

No ámbito de ribeira:

- un pequeno bosque de salgueiros (*Salix atrocinerea*) e loureiros (*Laurus nobilis*), que ofrecen o hábitat a outra especies como:
- as uvas de raposa (*Tamus communis*),



- a hedra (*Hedera hibernica*),
- o chuchamel (*Lonicera periclymenum*),
- o xaro ou herba das anadas (*Arum italicum* subsp. *italicum*)
- e de porte arbustivo, o sabugueiro(*Sambucus nigra*).

DIAGNOSE

O estado xeral da zona é de certa estabilidade ecolóxica, tendo en conta o relativo baixo impacto por actividades antrópicas. Non obstante, o abandono, a ausencia de xestión, a presenza de construcións e a mesma EDAR, amosan diferentes puntos de perigo que repercuten no estado da lagoa e da zona verde. O vertido de augas cun alto aporte orgánico, supón un perigo para a viabilidade de toda a escala trófica no entorno da lagoa e zona verde anexa. A ausencia de regulación de usos, accesos e o continuo paso de vehículos a motor afectan negativamente a todo o entorno.

Calquera referencia do estado desta zona verde atópase directamente relacionada á saúde ecolóxica da propia lagoa e coas interaccións co resto do entorno do espazo natural, ó ser toda a zona un enclave xeográfico moi delimitado e afectado por múltiples interaccións biolóxicas.

Esta área presenta unha extraordinaria biodiversidade conformando un espazo natural singular que integra zona húmida, áreas terrestres, intermareais, zona rochosa e hábitat mariño, un biotopo con alto valor ecolóxico, aínda que conformado dende a intervención humana.

Para complementar os datos e reflexións aquí presentados, cómpre acudir ó traballo realizado polo Grupo de Anelamento Anduriña, no estudo "O Espazo Natural de Punta Balea", no que se aportan considerables datos de situación, estado de conservación, de referencia da valorización biolóxica de toda a zona e propostas de intervención, conservación e recuperación.

RECOMENDACIÓNS

Realización dos traballos de acondicionamento:

- Limpeza e desbravado da vexetación invasora.
- Limpeza exhaustiva de residuos sólidos, eliminación de puntos de perigo ambiental.
- Acondicionamento do acceso á lagoa.
- Acondicionamento de vías, muros e cercados.
- Acondicionamento dos límites das parcelas habitadas anexas.

Realización dos traballos de intervención e recuperación:

- Deseño de estratexias de recuperación biolóxica.
- Acoutado de zonas restrinxidas de acceso vehicular.
- Reubicación da EDAR fóra da área, recuperación e integración no Espazo Natural da parcela que ocupa.
- Deseño de actividades, rotas de visitas e puntos de interpretación.

3.5. IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DOS EDIFICIOS

Neste Estudo de Usos Públicos e Sociais no Salgueirón realizouse un traballo de campo coa fin de inventariar e facilitar un primeiro achegamento ó estado de conservación do patrimonio arquitectónico do ámbito.

É imprescindible o desenvolvemento dunha peritaxe completa de tódalas estruturas construídas dende puntos de vista históricos, arquitectónicos, construtivos e estruturais, coa fin de desenvolver plans de acción axeitados a cada unha delas no marco da proposta de conxunto para O Salgueirón.

3.5. EDIFICIO Nº1. FÁBRICA PRINCIPAL DE CONSERVAS HERMANOS MASSÓ

SITUACIÓN

A fábrica Massó sitúase nos terreos do Salgueirón ó nordeste, no bordo litoral, na banda de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, e mesmo chegando a ocupar este en parte o seu extremo nordeste.

Está directamente relacionada coa antiga fábrica de salgadura (Edif. N3) e gardaría (Edif. N5) ó norte, onde configura con estes edificios un primeiro espazo de chegada ó Salgueirón, xunto á praia do Salgueirón, ó que se accede pola vía que discorre paralela á costa e ó xardín botánico de D. Paco (zona verde 1), e que conforma a chegada principal á factoría. No seu extremo sur outra nave subordinada (Edif. N2), o cruceiro e maila cocheira (Edif. N7) definen outro espazo de relación máis interno ó complexo, que conta tamén con acceso rodado dende a C-550, paralelo ó lateral oeste da fábrica, encaixado no terreo.

Outros espazos subordinados á propia fábrica serán o espigón de 300m de lonxitude e a plataforma de recheo que tamén serve á nave anexa.

A fábrica de Massó é unha icona, tanto a nivel de Cangas como a nivel territorial.




CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

A fábrica de Massó artículase en cinco naves medianeiras, catro delas conformando un único espazo de relación e outra, de menor luz, separada del mediante un corredor lonxitudinal. As catro naves principais configuran un espazo basilical unitario en dous niveis: as dúas naves centrais nunha única planta de dobre altura e as dúas extremas en dúas, que se abren na altura superior ó espazo común.

Na medianeira sur do conxunto, xunto coa cheminea de fábrica de tixolo, existe un corpo en planta baixa; e xunto á quinta nave, tamén medianeiros con ela, dous corpos lonxitudinais de construción máis recente.

Os máis de vinte e cinco metros da torre do reloxo, na esquina nordeste da fábrica, convértena nunha referencia visual tanto no espazo do Salgueirón como na propia ría de Vigo.



SUPERFICIE APROXIMADA.

Soto	2500 m ²
Planta baixa	16096 m ²
Planta primeira	11274 m ²
Planta de cubertas	16596 m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

A estrutura básica das cinco naves consiste en armaduras de cuberta metálicas con luces de 20.00 m apoiadas sobre piares metálicos segundo intereixos de 5.00m, aproximadamente.

As armaduras de cuberta están compostas por triangulacións de barras de gran esbelteza, o que proporciona unha imaxe de gran lixeireza, e as unións entre as mesmas están resoltas con unións remachadas propias da época da súa construción.



As armaduras de cuberta das dúas naves centrais apóianse en piares metálicos compostos de dous perfíles en U con chapóns laterais unidos tamén mediante remaches. Estes piares son tamén de gran esbeltez ó percorrer a altura total do espazo central das naves.

Os forxados de lousa de formigón armado de aproximadamente 15 cm de espesor susténtanse nunha retícula de piares de formigón armado de 6.60m x 5.00m aproximadamente. É de resaltar a solución achafranada dos encontros entre piares e vigas típica da construción en formigón armado da época.

O cerramento está configurado polas propias pilastras de formigón e os entrepanos trátanse basicamente como lenzos de vidro, buscando efectos de verticalidade nos mesmos. Esta verticalidade intencionada e apoiada na tradución da estrutura ó exterior complementábase e refórzase coa propia torre e a súa situación esquinada, de maneira que se enmascara compositivamente a configuración marcadamente horizontal da factoría. A cobertura é lixeira, de placas de fibrocemento. A compartimentación da fábrica foi variando ó longo da súa historia segundo as súas necesidades e apoiándose na estrutura principal, sen alterala substantivamente.

O edificio encóntrase nun estado de conservación precario, existindo partes da estrutura metálica da nave menor moi afectadas por un incendio. Non obstante gran parte da estrutura metálica principal, tanto armaduras de cuberta como piares, atópase en bo estado de conservación.

O formigón dos forxados está afectado pola corrosión, dada a proximidade do mar, os escasos recubrimentos que se dispuñan para as armaduras na época da súa construción e a falta de mantemento. Particións, cerramento, pavimentos e acabados en xeral están moi degradados. A cheminea de fábrica de tixolo presenta gretas na parte superior.

ESTADO DE CATALOGACIÓN

Catalogada nas vixentes NNSS de Cangas.

Catalogada polo Instituto del Patrimonio Histórico Español como un dos primeiros bens industriais españois a recuperar dentro do Plan de Patrimonio Industrial do Ministerio.

Inventariada pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a súa recuperación integral, adaptando a configuración interna ós seus novos usos, sempre dentro da estrita conservación da súa riqueza espacial.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº2. NAVE XUNTO Á FABRICA PRINCIPAL

SITUACIÓN

Sitúase ó sur da fábrica principal de Massó (Edif. N1), paralela á liña da costa. Tralo lateral oeste asoma o bosque de carballo (zona verde 5).

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN.

Está formada por tres naves con orientación norte sur (2850m²), máis un volume anexo con orientación perpendicular (220m²) na parte próxima á fábrica principal. Tódalas naves conforman un único espazo, sen compartimentos.

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	3070m ²
Planta de cubertas	3070m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

A estrutura está formada por un cerramento de pedra que funciona como muro de carga. Na parte central do espazo que conforman as naves existen dúas filas de 14 piares de formigón unidos por unha viga de arriostamento, que xunto cos muros de carga soportan as armaduras de cuberta de madeira, rematada con placas de fibrocemento.

Un falso teito de recente construción ocultaba as armaduras de cuberta; na actualidade está destruído. O pavimento é de cemento e non se descarta a posibilidade de que o orixinario fose de pedra e quedase cuberto polo mesmo.

É necesario comprobar o estado das armaduras de cuberta.

ESTADO DE CATALOGACIÓN


Inventariada pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

RECOMENDACIÓNS.

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Conservación dos muros e piares e a recuperación das armaduras de cuberta de madeira, adaptando o edificio ós seus novos usos.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº3. FÁBRICA ORIXINAL (SALGADURA)

SITUACIÓN

Construción medianeira cos baños de mulleres (Edif. N4) . O lateral oeste está encaixado no terreo, estando ocupado o socalco superior por un xardín de grande interese (zona verde2) e discorrendo o edificio paralelo á pendente. O extremo sur limita coas escaleiras de subida á área das vivendas.

Conforma xunto cos baños das mulleres e gardería (Edif. N5) o complexo edificado que se sitúa máis ó norte do ámbito de actuación, configurando o acceso norte pola costa xunto co xardín botánico de D.Paco (zona verde1) e dando fronte coma el á praia do Salgueirón. Relaciónase nun primeiro espazo de acceso coa fachada principal da fábrica conserveira, que pasou a albergar o uso fabril orixinalmente desenvolvido neste edificio da antiga salgadura.

Unha grande rampla que se abre dende este espazo de relación ó mar, e que servía á fábrica, relaciónase directamente coa entrada á mesma, ó se dispor no seu eixo.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

A fábrica ten dous corpos:

-o máis antigo sitúase ó norte e á súa vez organízase noutras dúas partes: unha a dous niveis (170m²+275m²); e a outra en planta baixa. (650m²)

-o máis recente desenvólvese nun único nivel.

Entrambos existe un volume en planta alta (870m²) conectado ó edificio dos baños. No corpo novo, contra a pendente, existe unha nave lateral medianeira.

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	1450m ² +170m ²
Planta primeira	275m ²
Planta de cubertas	1620m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

O corpo antigo ten unha estrutura de muros de carga en pedra exteriores e piares de pedra con capitel ó interior. O seu intereixo é de 4.00m. Estes piares soportan as armaduras de cuberta de madeira, viguetas e tellas. Ademais a parte de oficinas apóiase en vigas metálicas que soportan un entaboado de madeira cun piar central de fundición como elemento singular na zona de transición entre as dúas partes. Tamén existen algúns piares de formigón posteriores de reforzo de 4.50m de intereixo. O pavimento é de pedra con pequenas partes cementadas.

O corpo novo é similar ó vello, agás os piares de formigón de 0.25m de lado e rematados cun capitel. O seu intereixo é de 4.00m. O pavimento é tamén en pedra pero presenta maior superficie cementada. A nave lateral é toda de pedra.

As armaduras de cuberta están moi deterioradas. O resto da estrutura atópase en mellor estado tendo ademais unha grande forza expresiva.



ESTADO DE CATALOGACIÓN

Inventariada pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.

Recoméndase a rehabilitación, adaptándose ós seus novos usos e conservando a súa estrutura, así como a relación coa rampla de pedra ó mar, que debería de ser restaurada.



3.5. EDIFICIO Nº4. BAÑOS DE MULLERES E COMEDOR

SITUACIÓN

Construción medianeira á primeira fábrica conserveira de Massó (Edif. N3). Parte do nivel superior foi construído enriba da antiga fábrica.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

No nivel inferior existe un espazo sen compartimentos coa excepción das antigas duchas das mulleres. O nivel superior divídese en dúas partes:

- á primeira accédese dende a planta baixa a través dunha caixa de escaleiras de madeira. Presenta unha distribución compartimentada de tipo vivenda.
- á segunda accédese dende o exterior por unha escalinata. É un espazo único cunha distribución en planta en ele.

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	370m ²
Planta primeira	555m ²
Planta de cubertas	555m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

O edificio apóiase no muro exterior de pedra da primeira nave de Massó. O resto do perímetro está configurado tamén por un gran muro de carga de pedra onde apoian unhas vigas metálicas de 8.00m de lonxitude a inteiros de 4.00m, sobre as que apoia un entaboado de madeira.

A cuberta da vivenda apoia nunhas armaduras de cuberta de madeira que descansan á súa vez nos muros. O pavimento inferior é de baldosa.

Destaca o volume da caixa de escaleiras interior como elemento singular en madeira. A escaleira exterior en pedra están ben conservada e confírelle certa singularidade ó edificio.

O edificio atópase nun relativo bo estado de conservación; algunhas partes do entaboado amosan indicios de podremia.


ESTADO DE CATALOGACIÓN

Sen catalogación.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a rehabilitación, adaptándose ós seus novos usos e conservando a súa estrutura e escaleiras.



Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº5. GARDARÍA

SITUACIÓN

Situada entre a nova e a antiga fábrica de conservas, cun muro contra a pendente e unhas escaleiras á súa beira. Conta cunha fonte ornamental no xardín.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

Construción de planta única e volume simple encaixado na pendente. Existe un xardín de grande interese asociado a este edificio no socalco posterior (zona verde2). A entrada sitúase na parte lateral, ó norte, a través do espazo entre este edificio e a antiga salgadura (Edif. N3).

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	90m ²
Planta de cubertas	90m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

Consiste nunha sinxela construción de cerramento de pedra, piares de formigón e armaduras de cuberta de madeira, que soportan a cobertura acabada en tella. Un grande zócalo permite que o edificio se adapte á altura da entrada.

Atópase nun relativo bo estado de conservación, aínda que as armaduras de cuberta teñen indicios de podremia.

ESTADO DE CATALOGACIÓN

Sen catalogación.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a conservación dos muros e piares e a recuperación das armaduras de cuberta de madeira, adaptando o edificio ó seu novo usos

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº6. HOTEL

SITUACIÓN

Sitúase na parte mais elevada do conxunto. Ó seu redor existen varias parcelas de cultivo e numerosas árbores froiteiras (zona verde3). Moi próxima ás vivendas de traballadores.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

Volume único con planta en forma de "C" con baixo e dous niveis. Os accesos ó edificio prodúcense a través de escaleiras nos lados sur (exentas) leste e oeste (escaleiras de servizo)

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	457m ²
Planta primeira	457m ²
Planta segunda	457m ²
Planta de cubertas	552m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

A estrutura componse de piares e vigas de formigón armado, con forxados de formigón. O cerramento é de tixolo.

O edificio atópase nun relativo bo estado de conservación.

ESTADO DE CATALOGACIÓN


Sen catalogación.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a recuperación do edificio e a súa adaptación ós novos usos.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº7. COCHEIRA

SITUACIÓN

Sitúase ó final do acceso posterior á fábrica principal (Edif. N1), no espazo ó redor do cruceiro e ó inicio da costa que leva ó hotel (Edif. N6), do bosque de pradairos (zona verde 4), do bosque de carballos (zona verde 5) e xunto ós espazos verdes asociados ó hotel (zona verde 3).

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

É unha pequena edificación de planta única de forma cadrada con cuberta a catro augas. O seu espazo interior carece de compartimentos. Presenta grandes vanos na cara leste.

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	410m ²
Planta de cubertas	410m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

A pequena construción ten piares e vigas de formigón armado sobre as que apoia a estrutura de madeira que forma a cuberta, rematada con tella.

ESTADO DE CATALOGACIÓN

Sen catalogación.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a recuperación do edificio e a súa adaptación ós novos usos.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº8. "CASA DE EVARISTO"

SITUACIÓN .

É unha edificación illada, próxima ás cocheiras (Edif. N7), detrás da nave (Edif. N2) situada xunto á fábrica conserveira principal, que se sitúa no bosque de pradairos (zona verde4), e preto do eucalipto (zona verde 6).

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN.

É unha pequena edificación de planta única. Confórmase mediante tres pequenas naves medianeiras, con cuberta independente. Ten pequenas aberturas na fachada.

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	372m ²
Planta de cubertas	372m ²

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN.

É unha estrutura de formigón armado sobre a que apoian as armaduras de cuberta de madeira.

ESTADO DE CATALOGACIÓN.



Sen catalogación.

RECOMENDACIÓNS.

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a recuperación do edificio e a súa adaptación ós novos usos.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº9. CASAS DOS TRABALLADORES.

SITUACIÓN.

Na parte máis alta do conxunto hai unha serie de vivendas. A maioría continúan a pertencer ós propios traballadores da fábrica.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN.

Son casas de volumes sinxelos rodeadas de espazos verdes, creando un conxunto harmónico entre o hotel e a estrada de Aldán.

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN.

A maioría das casas foron xa rehabilitadas de forma privada e con criterios dispares, conservando en maior ou menor medida a configuración orixinal. Algunha de las atópase en estado de ruína.

ESTADO DE CATALOGACIÓN.

Sen catalogación.

RECOMENDACIÓNS.

Recoméndase o establecemento de criterios de recuperación unitarios para o conxunto, conservando o seu carácter de vivenda e propiedade actuais.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº10. BALEEIRA

SITUACIÓN

Conxunto de construcións e ramplas para o procesado das baleas que se sitúan no extremo suroeste do Salgueirón, xunto ó complexo da Salgadura.

O conxunto presenta unha enorme potencia ó relacionarse co mar mediante os seus muros, ramplas e pequenos diques.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

É un complexo formado orixinalmente por un conxunto de volumes, algúns deles con dúas alturas, anexos ás ramplas para o desembarco e despece de cetáceos e que albergaban as dependencias necesarias para o seu procesado.

Recentemente se procedeu á cubrición da rampla para o despece, dando lugar a un corpo en dous niveis cunha diferenza de cota de 70cm absorbida tamén por ramplas. A superficie total deste espazo é de 1230m².

Esta nave e recente creación relaciona os seguintes volumes:

- na marxe próxima á costa, tres naves con orientación lonxitudinal noroeste-sueste, en planta baixa (315m²), detrás das que existe un corpo de dúas plantas (220m²),
- trala nova nave, un corpo dunha planta (300m²),
- no extremo nordeste, unha grande bañeira para a graxa (140m²) e diante desta outro corpo a dúas alturas (160m²), medianeiro cun último volume en planta baixa de acceso dende o exterior (65m²), e que ten a cheminea ó seu carón.

SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	2440m ²
Planta primeira	300m ²
Planta de cubertas	2440m ²


SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

As ramplas para o despece de cetáceos estaban acabadas orixinalmente cun entaboado de madeira; na actualidade a madeira orixinal queda parcialmente á vista baixo un posterior pavimento de formigón que se atopa moi deteriorado.

A nave que resulta da recente cubrición das ramplas de procesado cóbrese mediante vigas alveoladas prefabricadas de formigón armado apoiadas en piares de formigón de 30cm de lado con luces aproximadas de entre 20.00m e 22.50m. A formación da cuberta complétase con viguetas prefabricadas de formigón e placas de fibrocemento.

O cerramento está formado por fábrica de bloque de formigón e placas de fibrocemento translúcido.

Os volumes orixinais teñen unha estrutura perimetral en muros de pedra e piares de formigón de 30cm como apoio ó interior. O teito sopórtase mediante armaduras de cuberta. A bañeira é unha estrutura de muros de contención de formigón armado, e a súa cuberta está apoiada en vigas de formigón. A cheminea é de fábrica de tixolo.



O estado do conxunto é dunha grande desvirtuación do seu carácter, atopándose os volumes orixinais nun estado de conservación precario, e as ramplas moi afectadas pola falta de mantemento e a acción corrosiva do mar.

ESTADO DE CATALOGACIÓN

Catalogada polo Instituto del Patrimonio Histórico Español como un dos primeiros bens industriais españois a recuperar dentro do Plan de Patrimonio Industrial do Ministerio.

Inventariada pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Rehabilitación das ramplas de desembarco e despece de cetáceos, e supresión da cubrición de recente construción que carece de interese e que desvirtúa o conxunto da baleeira, retirándolle a potencia tanto ás ramplas como ás construcións que as circundan.

Recuperación dos muros, cheminea e volumes orixinais, adaptándoos ós seus novos usos.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5.EDIFICIO Nº11. SALGADURA

SITUACIÓN

Sitúase dentro dunha grande área delimitada por un muro de pedra que linda coa estrada ó lado do campo de fútbol e co sendeiro que bordea a costa. Mantén unha forte relación espacial e visual coas ramplas da baleeira e a praia da Congorza.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN


Está formada por varios volumes. O volume principal (1140 m²) situado ó suroeste desenvólvese en dous niveis relacionados mediante unha rampla. Medianeiro con este, ó norte, existe outro volume de construción máis recente (440m²) e dous volumes medianeiros no seu extremo leste (815 m²).Ademais existe unha casa anexa ó suroeste con entrada independente de dúas plantas 2x120 m²).

Existe outra nave (900 m²), independente deste primeiro conxunto, pero próxima, e que configura xunto con el un espazo de relación protexido ó oeste. Este espazo conéctase coas cotas inferiores, no leste, abertas ó mar, mediante unhas escaleiras entre os dous volumes.



SUPERFICIE APROXIMADA

Planta baixa	2440m ²
Planta primeira	300m ²
Planta de cubertas	2440m ²



SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

No primeiro conxunto o cerramento é de pedra, agás no volume situado mais ó norte, e funciona ademais como muro de carga. A meirande parte dos piares son pétreos, existindo algúns en madeira. A estrutura do tellado está formada por armaduras de cuberta de madeira, cunha conservación relativa no volume suroeste e mala no resto. O pavimento é de pedra, con partes cementadas. Nos volumes ó leste existe unha serie de pías de tixolo e cemento de diferentes tamaños.

O volume ó norte confórmase sobre piares de formigón e o cerramento é de bloque de formigón.

O segundo conxunto, independente, é moi simple cun cerramento de pedra que tamén funciona como muro de carga para as cimbras de madeira.

ESTADO DE CATALOGACIÓN

Inventariada pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Catalogada polo Instituto del Patrimonio Histórico Español como un dos primeiros bens industriais españois a recuperar dentro do Plan de Patrimonio Industrial do Ministerio.



RECOMENDACIÓNS

É imprescindible unha peritaxe pormenorizada do edificio, así como a realización dun levantamento planimétrico en detalle.

Recoméndase a recuperación da estrutura e cerramento de pedra e armaduras de cuberta de madeira adaptándoos ós seus novos usos.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



3.5. EDIFICIO Nº12. ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN DO CONXUNTO DE MASSÓ

SITUACIÓN

Son unha importantísima serie de elementos que dende a estrada do campo de fútbol ata a fábrica principal contribuíron a deseñar, delimitar e modelar o terreo desta paisaxe.

CARACTERÍSTICAS VOLUMÉTRICAS E DISTRIBUCIÓN

Trátase dos muros de contención, ramplas, escaleiras de baixada ó mar, escalinatas, muros de delimitación dos terreos, diques, pequenas construcións, o cruceiro do Salgueirón, etc

Son pequenos elementos que constitúen parte esencial do conxunto de Massó e que forman un todo indisoluble co resto das edificacións.

SISTEMA ESTRUCTURAL E CONSTRUTIVO. ESTADO DE CONSERVACIÓN

Moitos destes elementos están escondidos entre a maleza e non existe un catálogo completo deles. A maioría dos visibles consérvanse en bo estado, tendo que se rehabilitar tan só pequenas partes.

ESTADO DE CATALOGACIÓN

Catalogado o Cruceiro nas NNSS provinciais de Pontevedra.

RECOMENDACIÓNS

Recoméndase a realización dun inventariado, recuperación e valorización de todos estes elementos dentro da estratexia de revalorización como paisaxe industrial de todo o entorno.

Realización das xestións pertinentes para a súa inclusión dentro do BIC do conxunto histórico, de Massó, segundo a Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.



4 PROPOSTA

4.1 MEMORIA PROXECTO

“A vida vem em ondas, como o mar”

Dia da criação

Vinicius de Moraes

A memoria do presente estudo pretende contar, de xeito sintético, o proceso e as conclusións ás que o equipo redactor chegou. Realizouse unha aproximación ó lugar apoiada en distintas escalas de lectura e análise, sen partir de xuízos a priori senón, antes ó contrario, dun sistema de traballo no que a propia exploración fose marcando os fitos e as oportunidades que brinda a zona.

Con esta premisa investigouse utilizando tódolos medios que se consideraron necesarios: textos de acordos europeos, informes económicos elaborados por entidades públicas ou privadas, documentos urbanísticos, bibliografía de diverso xénero, planimetrías elaboradas ad hoc, documentación gráfica pública e privada, encontros informais, etc. Folga aclarar que as visitas ó lugar foron constantes pois a comprensión da vista de paxaro serviu como o complemento necesario ó paseo atento e pausado.

Noutros apartados deste estudo faise referencia expresa á idea de que este estudo de usos públicos e sociais para a recuperación natural e patrimonial do ámbito do Salgueirón non pretende ser concluínte acerca das estratexias xerais nin das propostas particulares que aquí se expoñen senón, máis ben, quere sentar os alicerces dunha metodoloxía de traballo que, tendo en consideración a tódolos axentes sociais, económicos e políticos implicados, sirva para establecer os usos máis axeitados para a área do Salgueirón. Este é o inicio dunha investigación. Expóñense agora as conclusións máis relevantes ás que esta primeira aproximación conduciu.

En primeiro lugar cabe destacar que os valores estéticos, culturais, patrimoniais e ambientais que presenta o Conxunto do Salgueirón (que inclúe tanto as edificacións como as áreas naturais que se especifican no plano correspondente e que se viñeron analizando nos apartados anteriores) convérteno, a xuízo do equipo redactor, nunha área con características que o fan merecedor de ser declarado como Parque Patrimonial. Máis alá dunha cuestión normativa, esta área é, ademais, unha oportunidade única para converter un enclave privilegiado no elemento dinamizador do Municipio de Cangas. É por iso que este Estudo de Usos propón unha intervención responsable co territorio, é dicir, unha intervención que recupere, aproveite e poña en valor os recursos patrimoniais e naturais do lugar.

Seguindo esa lóxica, considérase que esta dinamización (social, económica, cultural, etc.) debe facerse en clave de sustentabilidade, tanto económica como ambiental, é dicir, promovendo actividades que aumenten o coñecemento da sociedade; que conduzan a facer un uso cada vez máis intelixente dos recursos; que propoñan unha prudencia enerxética evidentemente imprescindible; que sexan capaces de acoller a diversidade de vidas e os trocos que se producen nesta; que aumenten a consciencia urbana; que melloren a calidade de vida; e, en suma, que promovan un mundo máis xusto e, polo tanto, mellor.

Co presente Estudo de Usos preténdese traballar, en clave sostible, segundo dúas grandes liñas de actuación. Unha delas, quere contribuír ó deseño xeral dunha estratexia económica que englobe a dinamización industrial e empresarial nos sectores máis afíns ás potencialidades de Cangas e do seu ámbito, e a outra, fundamentar unha estratexia socio-cultural que

abrange actividades educativas, formativas, deportivas e de ocio, así como actuacións concretas que contribúan a mellorar a calidade de vida en Cangas.

Partindo da previa valoración das preexistencias físicas tívose moi en conta a adaptación entre os edificios a ocupar e os usos propostos, a configuración física do espazo (carácter e dimensión deste), a situación e conectividade, as condicións de accesibilidade, o impacto e a adecuación da actividade ó seu ámbito, as necesidades espaciais de cada uso, as posibilidades de compatibilización e reforzo mutuo, así como a relación dos espazos coas áreas naturais que os circundan.


Dende o punto de vista espacial, a área do Salgueirón ofrece unha lectura transversal que vai dende a ría ata a zona edificada existente. Pódense distinguir así, en primeiro lugar, un bordo marítimo cun carácter máis urbano, prolongación do que podería ser un futuro paseo marítimo dende o centro de Cangas; a continuación unha segunda zona a modo de franxa verde que se ensancha na zona da lagoa chegando ata a auga, e que, dando unidade ó ámbito de actuación, serve de elemento de transición cara á cidade; e, por último, o fragmento residencial proposto que tenta rematar e consolidar o bordo da cidade por esta parte.

Atendendo ás relacións de influencia sobre o urbano existente así como a outras cuestións de carácter funcional, estruturouse a área do Salgueirón en tres grandes zonas: unha delas organízase arredor da factoría Massó e comprende tanto a propia factoría, como tódalas edificacións fabrís do seu ámbito (a antiga fábrica, a nave anexa, a gardaría, os baños de mulleres, os comedores, o antigo hotel e as edificacións anexas hoxe en ruínas así como as cocheiras). A segunda zona abrangue todo a área natural do conxunto do Parque Patrimonial incluíndo as dúas instalacións fabrís que rematan a área do Salgueirón: a antiga baleeira e a salgadura, e a chamada casa "de Evaristo". E, por último unha terceira zona situada no noroeste da unidade de actuación que, en contacto co tecido urbano existente, trata de lle por límite.

En canto á primeira das zonas, é esta a área á que o presente estudo lle adxudica a responsabilidade de se converter nun complexo socio-económico dinamizador de Cangas. Para iso fórmulase dar cabida a usos empresariais, sociais e comerciais buscando aproveitar ó máximo as potencialidades estratéxicas, espaciais e significativas da zona. Resumidamente, os usos formulados para esta zona son os seguintes: centro tecnolóxico, viveiro de empresas, centro de xeración de recursos autóctonos, grande praza cuberta ó borde do mar, centro socio cultural, pequena área comercial, centro de interpretación da área e, por último, pequenos hoteis. O límite do acceso de vehículos á área fórmulase xustamente ata a factoría que é onde se prevé a zona de aparcamento.

A segunda zona que se formula para o Salgueirón, cosida á anterior e á zona urbana de Cangas mediante o bordo marítimo (e que inclúe a lagoa da Congorza), destínase a grande parque urbano para actividades lúdicas, deportivas e turísticas. Os usos que se propoñen son os seguintes: equipamento deportivo (que abra ó uso público o actual campo de fútbol), no caso do baleeiro e centro de talasoterapia para a salgadura. Tamén se formula a creación dun centro de interpretación do Conxunto Massó e da lagoa da Congorza. Non obstante, con esta zona proponse un obxectivo prioritario: dotar a Cangas do grande parque urbano con equipamentos do que hoxe está carente. Considérase recomendable reubicar a EDAR. Así mesmo, entendendo a Ría de Vigo como un enclave de extraordinario valor ecolóxico, non parece oportuna a creación dun porto deportivo na área do Salgueirón, debido ás múltiples consecuencias negativas que leva consigo, a saber: a ocupación física do medio coa conseguinte perda irreversible de ambiente mariño tanto en superficie coma en volume; os cambios na circulación da auga e nos patróns de sedimentación; ou a afectación das comunidades biolóxicas que se asentaban nos espazos ocupados e en áreas próximas.

PLANO 09 / Organización de áreas propostas




Polo que se refire á terceira das zonas, formúlase para ela un uso residencial abordado como unha costura entre as preexistencias do Salgueirón, o tecido urbano de Cangas e o bordo natural do mar. En canto ós criterios enerxéticos e construtivos empregados para a súa edificación propónse unha actuación responsable medioambientalmente, que se faga eco da actual problemática medioambiental. En canto o que se refire a cuestións tipolóxicas e de configuración urbana, esta actuación pretende ser versátil e adaptable ás cambiantes necesidades sociais, perseguindo ser espello da mesma diversidade que manifestan as sociedades contemporáneas. Perséguese, en suma, unha actuación que sirva como un referente á hora de abordar a edilicia residencial nun bordo de costa.

En canto á viabilidade económica do estudio aquí formulado, esta pasa por unha análise máis pomenorizada das vías de financiamento privadas así como da xestión, a valoración detallada do patrimonio industrial e natural, etc. Las tres áreas aquí propostas son susceptibles de xerar ingresos aínda que son a área socio-económica e a zona residencial as que poden contribuír de xeito máis inmediato a esta fin.

Mención aparte merecen, pola súa importancia, algúns programas de financiamento público. Existen, actualmente en vigor, programas europeos de axudas, como o LIFE+ ou os fondos FEDER (ademais doutros xa finalizados pero que poderían reactivarse, como é o caso dos fondos URBAN). Así, por exemplo, LIFE+ financia medidas que contribúen ó desenvolvemento, a aplicación e actualización da política e a lexislación comunitaria de medio. Orientado a varios dos proxectos aquí formulados, sería aplicable, por unha parte, no sentido da protección dos hábitats ou as aves silvestres, e, pola outra, no feito de ser un proxecto innovador ou de demostración a nivel comunitario, especialmente en relación cos obxectivos da política de medio ambiente.

Os fondos FEDER, pola súa banda, contribúen ó financiamento de axudas orientadas a reforzar a cohesión económica e social, formulando para iso a corrección dos principais desequilibrios rexionais mediante o apoio ó desenvolvemento e ó axuste estrutural das economías rexionais, así como á reconversión das rexións industriais en declive e das rexións atrasadas. Tamén se promove unha cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional, dando cumprimento ás prioridades da Comunidade e, en particular, á necesidade de impulsar a competitividade e a innovación, creando e salvagardando postos de traballo duradeiros e que garantan un desenvolvemento sostible. No presente estudio de usos esta axuda sería aplicable ás propostas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, así como ás de desenvolvemento urbano sostible, de fomento da eficiencia enerxética e de produción de enerxías renovables. Tamén os sería para as propostas de fomento dun transporte urbano limpo e sostible, así como ós investimentos en bens culturais. Inclúese a protección, a mobilización e a mellora da capacidade endóxena a través do fomento e a conservación do patrimonio cultural, así como do turismo en canto á promoción da riqueza natural e a protección e valorización do patrimonio natural, etc. En resumo, os programas de axudas públicas son numerosos e abordables dende moi diversas perspectivas que se deben abordar nunha segunda fase do presente estudio.

PLANO 10 / Organización de áreas propostas segundo usos



PROPOSTA DE BORDE LITORAL DA ENSEADA DE CANGAS


O conxunto de actuacións propostas na zona do Salgueirón buscan ser unha referencia tanto na área metropolitana da Ría de Vigo como no seu entorno máis inmediato.

A nivel metropolitano o carácter dos usos propostos e a súa concepción unitaria cos espazos libres e naturais nos que se sitúan teñen a capacidade de trascender os límites do ámbito propio da actuación e converterse en referentes a nivel territorial.

Dentro do termo municipal de Cangas do Morrazo as decisións de acondicionamento físico e usos propostos na banda litoral busca a dinamización e continuidade do perímetro urbano que bordea a enseada de Cangas. Búscase potencia-lo desprazamento por este perímetro de xeito peonil ou mediante bicicleta. Grazas á dimensión do casco cangués e a posición respecto a el da área do Salgueirón este tipo de mobilidade é posible dende numerosos puntos do núcleo de Cangas.

As actuacións propostas pasan así a ser unha parte íntegra da busca dunha mellor relación das áreas libres do municipio de Cangas co seu litoral e o acondicionamento e coidado do mesmo.

PLANO 11 / Conectividade do Salgueirón co seu entorno inmediato



4.2 PARQUE PATRIMONIAL

4.2.1. ENCADRE

Propónse a declaración de Parque Patrimonial para o conxunto resultante das intervencións a desenvolver na área de O Salgueirón. Esta elección está baseada na existencia dun amplo corpo normativo que xustifica o recoñecemento e valorización das áreas naturais, elementos construídos e outros feitos de valor histórico-cultural ligados a zonas como a que nos ocupa. Esta declaración vai acompañada da creación dun Centro de Interpretación do conxunto do parque.

Dentro da proposta de Parque Patrimonial ten cabida a declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) da parte do mesmo que, en correspondencia coa serie de edificacións e áreas naturais e libres pertencentes no seu día ó complexo da industria conserveira, Massó aínda amosa valores recoñecibles de unidade e identidade, así como de interese etnográfico histórico e arquitectónico.


No que segue xustifícase a decisión destas propostas de declaración.

4.2.2 .DEFINICIÓNS, ACORDOS E LEIS

Este Estudo de Usos Públicos e Sociais para o ámbito do Salgueirón toma como base as definicións, acordos e leis establecidos nas seguintes convencións e normativas:

- Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural da UNESCO, París 1972. (CPMCN)
- Directrices Prácticas para a aplicación da convención sobre a protección do patrimonio mundial. (DCPM)
- Convenio Europeo da Paisaxe, Florencia 2000. (CEP)
- Constitución Española, artigos 46 e 44
- Lei 16/1985 do 25 de xuño de 1985 do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Declaración de Río sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento.
- Programa 21 das Nacións Unidas (ONU). Axenda 21.
- Carta das cidades europeas cara á sostenibilidade. A Carta de Aalborg. 27 maio 1994.
- Lei 9/2001, de Conservación da Natureza.
- Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

PLANO 12/ Delimitación do parque Patrimonial



4.2.2.1 CONVENCIÓN E DIRECTRICES SOBRE A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO MUNDIAL, CULTURAL E NATURAL DA UNESCO

Considerando a definición da UNESCO de "patrimonio cultural" como:

"grupos de construcciones aisladas o reunidas, cuya arquitectura, unidad e integración en el paisaje les dé un valor universal excepcional desde el punto de vista de la historia, del arte o de la ciencia" e "obras del hombre u obras conjuntas del hombre y la naturaleza...que tengan un valor excepcional desde el punto de vista histórico, estético etnológico o antropológico" (Artigo1 CPMCN).

"Ilustran la evolución de la sociedad y de los asentamientos humanos a lo largo de los años, bajo la influencia de las limitaciones y/o de las ventajas que presenta el entorno natural y de fuerzas sociales, económicas y culturales sucesivas, internas y externas" (Artigo 35 da DCPM).

" Los paisajes culturales reflejan a menudo técnicas concretas de utilización viable de las tierras, habida cuenta de las características y los límites del entorno natural en el que están establecidos, así como una relación espiritual específica con la naturaleza. La protección de los paisajes culturales puede contribuir a las técnicas modernas de utilización viable y de valorización de las tierras, conservando al mismo tiempo, o realzando, los valores naturales del paisaje ... la protección de los paisajes culturales tradicionales es útil para el mantenimiento de la diversidad biológica" (Artigo 38 da DCPM).

E definiendo "Paisaje esencialmente evolutivo" como "el fruto de una exigencia originalmente social, económica, administrativa y/o religiosa y ha alcanzado su forma actual por asociación y como respuesta a su entorno natural." (Artigo 39 da DCPM).

Considerando o artigo 4 da CPMCN:

"Cada uno de los Estados Partes en la presente Convención reconoce que la obligación de identificar, proteger, conservar, rehabilitar y transmitir a las generaciones futuras el patrimonio cultural y natural situado en su territorio le incumbe primordialmente." (Artigo 4 CPMCN) e procurarán "adoptar una política general encaminada a atribuir al patrimonio cultural y natural una función en la vida colectiva y a integrar la protección de ese patrimonio en los programas de planificación general." (Artigo5 CPMCN.)

4.2.2.2. CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE

Considerando así mesmo as "medidas xerais" adoptadas no CEP:

"a) Reconocer jurídicamente los paisajes como elemento fundamental del entorno humano, expresión de la diversidad de su patrimonio común cultural y natural y como fundamento de su identidad;

b) definir y aplicar en materia de paisajes políticas destinadas a la protección, gestión y ordenación del paisaje mediante la adopción de medidas específicas contempladas en el artículo 6;

c) establecer procedimientos para la participación del público, las autoridades locales y regionales y otras partes interesadas en la formulación y aplicación de las políticas en materia de paisaje mencionadas en la anterior letra b)

d) integrar el paisaje en las políticas de ordenación territorial y urbanística y en sus políticas en materia cultural, medioambiental, agrícola, social y económica, así como en cualesquiera otras políticas que puedan tener un impacto directo o indirecto sobre el paisaje." (artículo 5)

"...cada Parte se compromete a:

-identificar sus propios paisajes en todo su territorio;

-calificar los paisajes así definidos, teniendo en cuenta los valores particulares que les atribuyen las Partes y la población interesadas." (artículo 6C).

"...a establecer instrumentos de intervención destinados a la protección gestión y/u ordenación del paisaje." (artículo 6E).

4.2.2.3.CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

Considerando os artigos:

Artículo 44

1. Los poderes públicos promoverán y tutelarán el acceso a la cultura, a la que todos tienen derecho.

2. Los poderes públicos promoverán la ciencia y la investigación científica y técnica en beneficio del interés general.

Artículo 46

Los poderes públicos garantizarán la conservación y promoverán el enriquecimiento del patrimonio histórico, cultural y artístico de los pueblos de España y de los bienes que lo integran, cualquiera que sea su régimen y su titularidad. La ley penal sancionará los atentados contra este patrimonio.

4.2.2.4.INSTITUTO DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL.

Considerando a definición de paisaxe industrial do Instituto del Patrimonio Histórico Español (IPHE):

"donde se conserven visibles en el territorio todos los componentes esenciales los procesos de producción de una o varias actividades industriales relacionadas."

Considerando a selección por parte do Instituto del Patrimonio Histórico Español da Fábrica de conservas e Factoría baleeira de Massó como un dos 49 primeiros bens elexidos para a primeira fase do Plan del Patrimonio Industrial del Ministerio de Cultura.

4.2.2.5.CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE.

Considerando o Plan de Patrimonio industrial da Consellería de Cultura onde se compromete a facer un inventariado do patrimonio industrial de Galicia, conforme a lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia do 25 de outubro; e así mesmo considerando que a Consellería de Cultura xa propuxera a Fábrica de conservas e Factoría baleeira de Massó como ben industrial seleccionable para a primeira fase do Plan de Patrimonio Industrial do Instituto del Patrimonio Histórico Español.

Considerando o inventariado por parte da Dirección Xeral de Patrimonio cultural dos seguintes Bens Culturais (BB.CC.):

-Fábrica principal Conservas Massó Hermanos.

-Fábrica conserveira en Cangas.

-Antiga fábrica conserveira en Cangas.

-Cruceiro de Salgueirón, na fábrica Massó.

-Asteleiros Massó. Cabo Balea.

-Fábricas baleeiras Massó S.A. Porto de Congorza/Cabo Balea.

Considerando ademais as Instruccións para a protección do patrimonio cultural nos plans e proxectos de ordenación municipal:

“Os elementos do patrimonio cultural deben ser obxecto de especial protección no planeamento urbanístico”

“As áreas obxecto de especial protección do patrimonio cultural, ou área de protección integral, abranguerán alomenos a totalidade do ben cultural a protexer e os espazos lindantes inmediatos consubstanciais a existencia do mesmo.”

“Cando a natureza do ben e os valores medioambientais do contorno o precisen ... se incluírá a protección dos elementos xeográficos e naturais significativos para a comprensión do ben e a indicación dos elementos que constituirán os seus límites.”

4.2.2.6.DECLARACIÓN DE RÍO SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O DESENVOLVEMENTO.

Considerando os principios da Convención de Río:

PRINCIPIO 3

“El derecho al desarrollo debe ejercerse en forma tal que responda equitativamente a las necesidades de desarrollo y ambientales de las generaciones presentes y futuras.”

PRINCIPIO 4

“A fin de alcanzar el desarrollo sostenible, la protección del medio ambiente deberá constituir parte integrante del proceso de desarrollo y no podrá considerarse en forma aislada.”

PRINCIPIO 8

“Para alcanzar el desarrollo sostenible y una mejor calidad de vida para todas las personas, los Estados deberían reducir y eliminar las modalidades de producción y consumo insostenibles y fomentar políticas demográficas apropiadas.”

PRINCIPIO 10

“El mejor modo de tratar las cuestiones ambientales es con la participación de todos los ciudadanos interesados, en el nivel que corresponda. En el plano nacional, toda persona deberá tener acceso adecuado a la información sobre el medio ambiente de que dispongan las autoridades públicas, incluida la información sobre los materiales y las actividades que encierran peligro en sus comunidades, así como la oportunidad de participar en los procesos de adopción de decisiones. Los Estados deberán facilitar y fomentar la sensibilización y la participación de la población poniendo la información a disposición de todos. Deberá proporcionarse acceso efectivo a los procedimientos judiciales y administrativos, entre éstos el resarcimiento de daños y los recursos pertinentes. ”

PRINCIPIO 15

“Con el fin de proteger el medio ambiente, los Estados deberán aplicar ampliamente el criterio de precaución conforme a sus capacidades. Cuando haya peligro de daño grave o irreversible, la falta de certeza científica absoluta no deberá utilizarse como razón para

postergar la adopción de medidas eficaces en función de los costos para impedir la degradación del medio ambiente."

PRINCIPIO 17

"Deberá emprenderse una evaluación del impacto ambiental, en calidad de instrumento nacional, respecto de cualquier actividad propuesta que probablemente haya de producir un impacto negativo considerable en el medio ambiente y que este sujeta a la decisión de una autoridad nacional competente."

PRINCIPIO 25

"La paz, el desarrollo y la protección del medio ambiente son interdependientes e inseparables."

4.2.2.7. CARTA DAS CIDADES EUROPEAS CARA Á SOSTENIBILIDADE. A CARTA DE AALBORG.

A carta das cidades europeas cara á sostenibilidade, coñecida como "Carta de Aalborg", foi asinada nesta cidade danesa por 80 autoridades locais europeas, logo da clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sostibles realizada entre o 24 e o 27 de maio de 1994. A Carta de Aalborg supuxo o comezo da Campaña Europea de Cidades e Poboacións Sostibles.

Calquera autoridade local ou conxunto de autoridades locais pode adscribirse á campaña aprobando e asinando a carta. Isto compromete a autoridade local a participar no proceso da Axenda 21 Local, que ten como fin crear e poñer en práctica un plan de acción local para a sostenibilidade.

"Nosotras, ciudades europeas, signatarias de la presente Carta, nos comprometemos con su firma y con la participación en la campaña de ciudades europeas sostenibles a tratar de llegar a un consenso en el seno de nuestras comunidades sobre un Programa 21 de alcance local antes de finales de 1996. Daremos así respuesta al mandato establecido en el capítulo 28 del Programa 21, aprobado en la cumbre de Río de junio de 1992. Por medio de nuestras actividades locales, contribuiremos a la aplicación del quinto programa de acción de la Unión Europea en materia de medio ambiente, "Hacia un desarrollo sostenible". Las iniciativas locales de apoyo al Programa 21 se llevarán a cabo sobre la base de la primera parte de la presente Carta."

4.2.2.8. A AXENDA 21 LOCAL

A Axenda 21 é un programa para desenvolver a sostenibilidade a nivel planetario, aprobado por 173 gobernos na Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que se levou a cabo en Río de Janeiro en 1992. Abarca aspectos económicos, sociais e culturais, así como relativos á protección do medio ambiente. O seu capítulo 28 anima as comunidades locais a crear a súa propia versión, unha Axenda 21 Local.

O certo é que gran parte dos obxectivos da Axenda 21 dependen case en exclusiva do papel das comunidades locais. É dicir, das decisións, actitudes e comportamentos da cidadanía e das autoridades locais. Estas últimas ocúpanse da creación, do funcionamento e do mantemento da infraestrutura económica, social e ecolóxica, supervisan os procesos de planificación, establecen as políticas e regulamentacións ecolóxicas locais e contribúen á execución das políticas ambientais nos planos nacional e internacional. Grazas á súa proxi-

midade á cidadanía, desempeñan unha función importantísima na educación e na mobilización da cidadanía a favor do desenvolvemento sostible.

A sensibilización considérase unha das partes máis difíciles do traballo, xa que presupón unha revolución na forma tradicional de tomar decisións. Cambiar a relación entre a comunidade e as autoridades é unha tarefa complexa e longa. As persoas precisan ser convencidas da importancia da contribución individual na solución dos problemas globais e de que a súa participación será tida en conta, garantindo algún control sobre o seu futuro.

As Entidades Locais constrúen, operan e manteñen a infraestrutura económica, social e ambiental en todo o país. Como forma de goberno máis próxima ó pobo, desempeñan un papel esencial na educación, mobilidade e resposta do público, a favor dun desenvolvemento sostible. Coa Axenda 21, a autoridade local debe iniciar un diálogo cos seus cidadáns, organizacións e empresas privadas, obtendo así a información necesaria para formular as mellores estratexias.

É preciso fomentar a posta en marcha de experiencias innovadoras en política ambiental que contribúan a incrementar a calidade de vida e a eficacia dos gobernos locais, así como constituír redes de cidades que faciliten o intercambio de boas prácticas.

Para contribuír a involucrar ós cidadáns na toma de decisións será primordial favorecer o acceso dos mesmos á información en materia de medio ambiente. Desta forma, convértese este dereito nun instrumento esencial para a transparencia do goberno local e recuperárase a cidade como un proxecto común de tódolos cidadáns.

A FEGAMP puxo en marcha o proxecto Axenda 21 Plus, un modelo avalado que permite ós pequenos e medianos concellos en Galicia acceder ás distintas fases de desenvolvemento da Axenda 21 (traballos de campo, estudos, análise, redacción e obtención de conclusións), de forma modular e en consecuencia respectuosa coa realidade orzamentaria dos concellos da nosa Comunidade.

4.2.2.9. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.

No BOE de 29 de abril de 2006, a Lei 9/2006 sobre Avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio, traspón a Directiva 2001/42/CE en vigor dende o 21 de xullo de 2004.

Serán obxecto de avaliación estratéxica, tódolos plans e programas desenvolvidos pola Administración Autonómica, os seus Organismos Autónomos e a Administración Local que estean dentro do ámbito de aplicación e deberán someterse ó procedemento administrativo establecido na Lei 9/2006.

4.2.3.DECLARACIÓN DO CONXUNTO MASSÓ COMO BEN DE INTERÉS CULTURAL (BIC)

4.2.3.1.REFERENCIA Á LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Considerando a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia onde se define o Patrimonio Cultural:

“1. O patrimonio cultural de Galicia está constituído por tódolos bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, haxan de ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo.

3. Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte do mesmo o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico.” (artigo 1)

Considerando que o Conxunto Patrimonial de Massó forma parte do Patrimonio Cultural de Galicia segundo se define no artigo 8 onde se declara que

“Os bens inmóbeis serán declarados de interese cultural atendendo ás seguintes clases: monumento, conxunto histórico, xardín histórico, sitio ou territorio histórico, zona arqueolóxica, lugar de interese etnográfico e zona paleontolóxica.”

Considerando que o Conxunto Patrimonial de Massó se axusta as definicións do seu artigo 8.4:

“a) Monumento é a construción ou obra produto da actividade humana, de relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico, con inclusión dos móbeis, instalacións e accesorios que se sinalen como parte integrante do mesmo, e que por si só constitúa unha unidade singular. (artigo 8.1)

b) Conxunto histórico é a agrupación de bens inmóbeis que forman unha unidade de asentamento, continua ou espallada, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e disfrute para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia.

d) Sitio ou territorio histórico é o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza, e a obras do home que posúan valores históricos ou técnicos.

f) Lugar de interese etnográfico é aquela paraxe natural, conxunto de construcións ou instalacións vinculadas a formas de vida, cultura e actividades tradicionais do pobo galego.”

Exponse que o conxunto de elementos ligados á factoría Massó ten unhas características probadas para ser declaradas, todos eles como un único conxunto “Ben de interese cultural (BIC)” e que dito conxunto figure como tal.

Este conxunto inclúe a Fábrica principal de conservas Massó, a Factoría Baleeira, a Salgadura, a Primeira Fábrica, posterior Economato, Duchas e Comedor, Gardería, Vivendas dos traballadores, Xardín Botánico de Don Paco, bosque de faias e carballos así como outros elementos visibles, todos eles compoñentes esenciais dos procesos de produción de varias actividades industriais significativas para a súa comprensión, e inclúense tamén as transformacións da paisaxe ocasionadas polas actividades que cambiaron a fisionomía da costa e

crearon espazos de grande riqueza natural como a Lagoa da Congorza e o Bosque do Salgueirón.

Proporase á Consellería de Cultura a que inicie o procedemento de declaración segundo o artigo 9 da Lei 8/1995.

O Concello terá a obriga pois, de realizar un Plano Especial de Protección para a zona declarada (artigo 45), paso imprescindible para a futura intervención nos bens segundo os criterios do artigo 39. Dito Plano *“establecerá para tódolos usos públicos a orde prioritaria da súa instalación nos edificios e espazos que fosen aptos para iso. Igualmente contemplará as posibles áreas de rehabilitación integrada que permitan a recuperación da área residencial e das actividades económicas axeitadas”* (artigo 46.1). Ademais, no plano *“manteranse igualmente a estrutura urbana e arquitectónica do conxunto histórico e as características xerais do ambiente e da silueta paisaxística. Non se permitirán modificacións de aliñacións, alteracións da edificabilidade, parcelacións nin agregacións de inmóbeis, salvo que contribúan á conservación xeral do carácter do conxunto”* (artigo 46.2). E tamén *“Conterá un catálogo exhaustivo de tódolos elementos que conforman o conxunto histórico, incluídos aqueles de carácter ambiental, sinalados con precisión nun plano topográfico.”*

4.2.3.2.NECESIDADE DA DECLARACIÓN COMO BIC DO CONXUNTO DE MASSÓ

A necesidade de tal figura xustifícase neste caso, tomando como referencia as ditadas polo Instituto del Patrimonio Histórico Español, por:

- A tendencia á obsolescencia e, polo tanto, a unha inmediata ausencia de rendibilidade económica dos bens patrimoniais para os seus propietarios.
- A súa ubicación nun espazos urbano privilexiado de alto valor económico para a actividade inmobiliaria, sendo a maior parte do solo de un único propietario.
- Tendo, en canto bens industriais, unha absoluta desprotección legal.
- Unha ausencia de sensibilidade por parte da Administración pública na súa recuperación.
- As dificultades que plantexa unha recuperación integral de tódolos seus elementos.
- A disparidade de criterios en torno a súa conservación, destrución ou descontextualización.
- Unha grande sensibilidade social en favor da conservación desta paisaxe.

A declaración de “Ben de interese cultural (BIC)”, polos valores estéticos e culturais que contén se fundamenta como estratexia de desenvolvemento territorial.

A xestión intelixente dos recursos patrimoniais é un dos factores clave para o desenvolvemento económico, porque atrae visitantes e inversións, porque xera actividades e postos de traballo, pero moi fundamentalmente, porque reforza a autoestima da comunidade:

A dramática circunstancia que supuxo o desmantelamento industrial ten que superarse entendendo o patrimonio herdado como un novo recurso para formar una nova base de desenrolo.

4.2.4.O PARQUE PATRIMONIAL DE MASSÓ.

Ligada á declaración patrimonial do conxunto de Massó e á declaración medio ambiental en Punta Balea, considérase oportuna a creación dun Parque Patrimonial, que inclúa toda a zona de traballo, podéndose ampliar dados os numerosos recursos de patrimoniais e naturais que existen na Península do Morrazo e nas súas rías.

O Parque Patrimonial é un lugar para o lecer que ten recursos culturais e naturais significativos, pero é tamén un ambiente humanizado no que a xente traballa e vive ó redor de estruturas patrimoniais e paisaxes de importancia.

O Parque Patrimonial xurde da figura, recoñecida pola Unesco de Paisaxe Cultural, un ámbito xeográfico asociado a un evento, a unha actividade, que contén valores estéticos, culturais e naturais; é a pegada deixada no territorio polo traballo. E xa contribuíu ó desenvolvemento territorial de numerosas áreas no mundo.

O parque Patrimonial é unha entidade complexa que integra, dentro dun respecto ó territorio, funcións de desenrolo económico, preservación cultural, educación e interpretación, lecer e turismo, fomentando unha colaboración estreita entre as diferentes administracións, institucións e particulares interesados.

Esta estratexia de desenrolo territorial necesita:

1)A realización dun inventariado exhaustivo dos seus recursos e unha labor de documentación rigorosa.

2)A necesidade de elaboración dun Plan Especial para precisar a estratexia de actuación.

-Será así mesmo imprescindible:

3)Contar cos residentes e veciños, polos seus coñecementos, lembranzas historia e como parte da memoria colectiva do lugar.

4)Fomentar a participación das diferentes administracións e actores privados.

Esta colaboración entre veciños, administración e axentes privados non debe ser pensada como un problema, senón tomándose como unha Oportunidade, creándose as plataformas e lugares de encontro para fomentar o debate e a comunicación.

Sen isto o potencial do parque será limitado.

Debe superarse a tentación de reducir a problemática a só unha cuestión económica debido á súa posición urbana estratéxica, e entender que se trata dunha ocasión única para a revitalización de todo o seu entorno, cuantificando o impacto que terá:

i)-no crecemento do turismo e do comercio,

-na aparición de oportunidades de inversión,

-nos ingresos fiscais,

-na creación de postos de traballo,

-no impulso das economías locais e rexionais;

ii)e tamén noutras mais difíciles de cuantificar monetariamente:

-na preservación dos recursos naturais e culturais,

-na revalorización dos elementos de identidade,

-no reforzo nas tradicións e na cultura e

-na mellora da calidade de vida dos veciños.

4.3. ÁREAS NATURAIS. PROPOSTA. CONCEPTOS E ESTRATEXIAS.

4.3.1. INCLUSIÓN DO ESPAZO NATURAL DE PUNTA BALEA E LAGOA DA CONGORZA NA REDE NATURA COMO LIC

Como proposta fundamental para o conxunto de áreas naturais da zona obxecto de estudo propónse a declaración como Lugar de Interese Comunitario (LIC) dos espazos da Lagoa da Congorza e área natural ata Punta Balea. Esta zona xa se atopaba referenciada nas Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Pontevedra dende 1990 dentro das Áreas de Protección de Espazos Naturais, en conxunto co actual LIC da Costa da Vela. De ser a si entrámbalas dúas pasarían a formar unha única zona natural que complementaríaa na península do Morrazo o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Estas áreas contan cun alto valor natural que se recolle en estudos como "O espazo natural de Punta Balea" do Grupo de anelamento Anduriña.

4.3.2. PARQUE URBANO. O PARQUE AMBIENTAL

Outro concepto clave para entender a proposta para a intervención na totalidade do entorno de O Salgueirón é a concepción do conxunto como parque urbano, ou Parque Ambiental, entendendo que as zonas verdes e o conxunto construído son elementos complementarios dunha mesma realidade espacial.

Calquera proposta, así como as necesarias e sucesivas estratexias de intervención neste espazo, terán que integrar a xestión de usos e actividades, os ciclos de enerxía, o movemento e acceso de persoas e vehículos así como os servizos subministrados e os residuos producidos. O conxunto debería ser xestionado dende a proposta seguindo criterios de eficiencia ecolóxica, reducindo a cantidade de enerxía demandada, realizando un consumo racional da enerxía, utilizando enerxías alternativas, e segundo criterios de sostenibilidade.

Dentro da proposta de conxunto propóñense actividades específicas a desenvolver nas áreas verdes como complemento das desenvolvidas nos distintos edificios, orientadas ó enriquecemento do patrimonio construído, mediante a conservación, recuperación e valorización do patrimonio natural existente, así como á integración social e á responsabilidade comunitaria:

-Ecosistemas: parcelas que evoquen as principais unidades de paisaxe de Galiza así como a súa flora e vexetación, nomeadas e diferenciadas a modo de museo da paisaxe. Faise notar que as condicións climáticas xerais da zona, permitirían a inclusión da práctica totalidade da paisaxe vexetal galega, agás aquela específica de zonas de montaña.

-Fitocalendario: parcelas onde se sitúen plantacións de especies vexetais que teñan trazos ou características que as fagan salientables no mes que estean representadas na parcela (floración, frutificación, fin ou principio de desenvolvemento vexetativo, cambio cromático foliar ou aspectos especiais de desenvolvemento...)

-Horta Educativa: para traballos hortícolas e de viveiro, e un invernadoiro para actividades educativas.

-Xardín Seco ou Xeroxardín: mostra de como facer un xardín con baixa necesidade de rego.

-Ciclo da Auga do Parque: mediante aproveitamento e xestión do auga de choiva, de escurra e de exceso de rego que sexa recollida e utilizada para o rego de zonas axardinadas do parque; pavimentos drenantes e freáticos artificiais; acequias de fitodepuración situadas

ós pés das infraestruturas, onde unha serie de plantas semiacuáticas teñan soterradas as súas raíces, que depuran e oxixenan a auga.

-Reciclaxe: espazo xardín creado exclusivamente con materiais de reciclado.

4.3.3. ESTRATEXIA. UN BOSQUE NA CIDADE

Propónse como referencia para a xustificación das propostas realizadas para O Salgueirón a estratexia de actuación para o establecemento dun bosque na cidade, seguido por distintas iniciativas europeas segundo a aplicación do concepto de recuperación de áreas urbanas boscosas coñecido como "*Il Bosco in Città*".

A intervención para a implantación, ou neste caso consolidación, dun bosque na cidade, debe ter por obxecto acadar as dimensións reais do medio forestal natural nos espazos utilizables e facelos facilmente accesibles dende as zonas urbanas:

-Novas bandas boscosas consolidadas constitúen un forte elemento de conexión entre a cidade, as zonas rurais e as áreas protexidas e desempeñan importantes funcións ecolóxicas e ambientais, como melloramento do sistema territorial de cohesión ecolóxica e urbanística.

-Os carreiros peonís, de bicicletas, de vehículos eléctricos que podan ser previstos na nova intervención entre bosques e cidade, deberán estar conectados coas directrices xa establecidas polo propio planeamento urbanístico, e en consecuencia, proceder a unha importante acción de cualificación e valorización de accesos secundarios. En virtude da facilidade do acceso na totalidade do planeamento, aquelas actuacións nas vías xa deseñadas e integradas no ámbito da mobilidade, poden ser facilmente camiños dispoñibles para as persoas con discapacidade e asemade para o desenvolvemento de accións en educación ambiental e difusión de escola urbana de sustentabilidade.

-O establecemento no proxecto de zonas anexas ou insertas nas zonas boscosas, como parques de xogos ou espellos de auga como lugar de recreo ou lecer; poden servir como centralizadoras de estratexias de tratamento, depuración e xestión do fluxo das augas pluviais ou residuais.

-Parte das zonas boscosas poden deseñarse para arboreto, viveiro ou fonte de investigación en silvicultura ou botánica. Neste sentido pódese conseguir unha transferencia dese valor e da importancia dese bosques xa consolidados, nunha nova intervención urbanística noutra parte da cidade onde se levarán as coleccións e actividades desenvolvidas previamente.

4.3.4. PROPOSTA ESPECÍFICA PARA AS ZONAS VERDES


Como xa quedou reflectido para cada zona específica, proponse a seguinte secuencia de intervención de xeito xenérico para tódalas zonas verdes:

- Conservación de masas forestais naturais, autóctonas ou naturalizadas.
- Estratexias silvícolas de clareo, desbravado e limpeza.
- Repoboacións e intervencións de fortalecemento da saúde vexetal.
- Conservación e restauración da paisaxe.
- Obra civil.
- Defensa contra lumes, enfermidades, pragas, mantemento.
- Apertura para o uso social e público.

Despois da análise realizada previamente, e en consonancia cos traballos precisos a realizar de forma xenérica e en cada zona, conclúese unha proposta de uso para as áreas verdes, segundo as súas potencialidades ecolóxicas, que se integrará nun proxecto global para a área do Salgueirón apoiando a proposta específica para os espazos construídos. A viabilidade da proposta dependerá da súa integración nunha secuencia lóxica de intervención cara á sustentabilidade.

As zonas verdes estudadas inicialmente intégranse en cinco novas áreas segundo:

PLANO 13 / Proposta de zonas verdes



4.3.4.1. ZONA VERDE BOTÁNICA

Consolidación dun borde verde coa cidade; recuperación patrimonial, botánica e social, mediante a integración do xardín botánico ou de D. Paco (zona1) e o bosque das escaleiras (zona2).

-Xardín botánico ou de D.Paco (zona1): función divulgativa, catalogación como patrimonio ecolóxico e histórico.

A valorización definitiva da súa categoría como xardín botánico, asociado co patrimonio histórico, cultural e industrial de Cangas, a súa recuperación e conservación facilitarían un espazo único de gozo e lecer. A eventual catalogación e inclusión no catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, permitiría unha axeitada protección e garantiría o seu futuro.

Como se indica no artº 1 do decreto polo que se regula o antedito catálogo: *“Terán a consideración de senlleiras as árbores e as formacións de calquera especie, tanto autóctona como foránea, situadas en terreos de propiedade pública ou privada, que sexan merecentes de medidas específicas de protección en atención as excepcionais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia que lle faga merecedor dunha especial protección”.*

Unha axeitada xestión forestal, permitiría o aproveitamento da biomasa para estratexias sustentables. A incorporación da comunidade universitaria ó traballo de recuperación e conservación, posibilitaría a investigación en usos botánicos e forestais. A creación dun viveiro permitiría consolidar o espazo como xardín botánico para perdurar no tempo.

-Bosque das escaleiras de Massó (zona2), anexo ó xardín de D.Paco: función de soporte forestal, punto de entrada de peóns da parte superior, acondicionamento e integración como soporte do xardín botánico.

Ó incluír grande variedade de vexetación, a súa recuperación permitiría unha ampliación do xardín de D. Paco, así como favorecer a entrada dende a vía superior cara o peirao de Massó. A reforestación da zona sen plantar permitiría contar cunha grande superficie común ás dúas zonas, consolidando un borde verde inmediato á cidade. O aproveitamento da capacidade dos depósitos de auga, a mina e a zona húmida, permitiría unha axeitada xestión de auga para as construcións anexas.



4.3.4.2. ZONA VERDE ORNAMENTAL.

Restauración dos elementos históricos e ornamentais, recuperación do entorno, servizos e subministracións de cultivo ecolóxico -bosque comestible- para un aloxamento singular, acondicionamento dos accesos, na zona do Anexo ó Hotel (zona3).

O desenvolvemento dunha zona de cultivos, permitiría o deseño e aproveitamento dun bosque comestible. Asemade a súa condición de terreo en pendente, confírelle unha potencialidade para a canalización de augas pluviais e servizo para as zonas inferiores, mesmo para o deseño de sistemas de depuración de augas por gravidade.



4.3.4.3. ZONA VERDE FORESTAL.

Consolidación de bosques senlleiros, recuperación forestal, xeración de biomasa para enerxía limpa. Integración do Bosquete de Pradairos (zona4) e o Bosquete de Carballos (zona5).

-Bosquete de pradairos, antiga cocheira e vacariza (zona4): investigación e interpretación ambiental, viveiro forestal, cultivos ecolóxicos. A superficie boscosa consolidada permitiría o desenvolvemento continuado de actividades formativas, de interpretación e investigación ambiental.

O espazo verde na súa totalidade ten unha grande potencialidade como unidade de xestión forestal sostible para o aproveitamento de biomasa, e o solo do bosque de pradairos presenta unha estrutura moi fértil que permitiría o ensaio de estratexias de cultivos arbustivos e micolóxicos.

-Bosquete de carballos, anexo á cheminea de Massó (zona5): divulgación e ornamentación, depuración de augas. Sería este un espazo anexo á zona 4 para o desenvolvemento das accións expostas para esa zona específica, servindo de tampón á zona dos edificios principais así como do borde costeiro.




4.3.4.4. ZONA VERDE SOCIAL.

Creación de espazos para goce, deporte e lecer, espazo verde social. Integración do campo de fútbol, o eucaliptal (zona6), e o anexo á baleeira (zona7), así como dos terreos pertencentes á zona límite comprendidos entre aquel e estas dúas últimas zonas. A valorización ambiental da zona de Punta Balea, mediante as eventuais figuras de protección ambiental, convertería esta zona verde nunha área de tampón para o Espazo Natural de Punta Balea, respecto doutros usos, especialmente os residenciais.

-O eucaliptal (zona6). O carácter de bosque compacto que ten o eucaliptal posibilita a intervención forestal sen comprometer a súa viabilidade ecolóxica, e podería resultar axeitada a eliminación de exemplares para o aproveitamento de espazos libres de árbores. Por outro lado, o sentido de fronteira que representa esta zona, respecto das 4 e 5, debuxa unha liña de intervención orientada a outros usos diferenciados e menos comprometidos coa conservación e restauración ecolóxicas.

-Anexo á baleeira (zona 7). A recuperación e preservación desta zona xunto á zona 6 anexa, permitiría outorgar á Praia do Salgueirón e á súa plataforma costeira, unha franxa de protección para o seu hábitat mariño. A recuperación dos edificios anexos e un deseño sostible dos seus usos permitiría unha xestión complementaria con esta grande área, ofrecendo espazos para o desenvolvemento de diversas actividades.

-Campo de fútbol. Segundo a proposta de conxunto, e en clara consonancia cos usos asignados ós volumes construídos e ás áreas naturais, incorpórase o campo de fútbol ás zonas verdes, conservándoo como área para a práctica deste deporte, pero recuperando o seu carácter de espazo libre; proponse logo a retirada do seu actual pechamento de bloque de formigón, así como o tratamento do solo para favorecer a súa ocupación por especies herbáceas de crecemento espontáneo. Os terreos comprendidos entre o campo e as dúas áreas anteriores pasan a incorporarse nesta zona verde social con obxecto de conformar un conxunto compacto e homoxéneo.



4.3.4.5. ZONA VERDE NATURAL

Consolidación de espazo natural protexido, conservación e restauración ecolóxicas. Anexo á Lagoa da Congorza: protección e educación e investigación medio ambientais, integración no Espazo Natural de Punta Balea. Recuperación de hábitat; consolidación de biotopo.

- Anexo á Lagoa da Congorza (zona8). Pasa pola valorización ambiental da zona de Punta Balea, mediante as axeitadas figuras de protección ambiental.

A restrición de accesos para vehículos motorizados, permitiría abondar nas futuras estratexias de conservación. A eliminación da función da EDAR, permitiría habilitar eses espazos públicos e procurar unha mellor protección ó contar con máis superficie para a recuperación do biotopo. A organización e implementación de actividades de interpretación e educación ambiental, permitiría ofrecer á cidadanía de Cangas e Galiza, un espazo único para o desenvolvemento de actividades formativas



4.4 PROPOSTA DE USOS PARA A ÁREA DO SALGUEIRÓN.

4.4.1 CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

Por cuestións metodolóxicas iníciase a presente proposta de usos expoñendo superficialmente algunhas das cuestións que se tiveron en conta na súa redacción. É obrigado aclarar que o presente plan de usos non pretende ser categórico acerca do que, do como e do por que facer o que se propón senón, máis ben, desexa fundar unha sistemática de traballo que conduza ó establecemento dos usos máis convenientes para a zona do Salgueirón, atendendo non só ó contexto máis inmediato -o propio Concello de Cangas e a península do Morrazo-, senón tamén á área metropolitana de Vigo-Pontevedra no que está inmerso.

Neste sentido cabe sinalar que se considera de vital importancia a participación cidadá no proceso de toma de decisións sobre o futuro da zona do Salgueirón, implicando neste a tódolos axentes sociais, pois é sumando esforzos e ideas, e non á inversa, como se pode chegar de xeito máis eficiente a unhas conclusións máis afinadas. A proposta de usos que se pormenoriza a continuación quere ser, por tanto, a base sobre a que poder xuntar enerxías na busca da mellor solución para a área obxecto deste estudio.

No que segue explórase de xeito máis detallado os usos que se propoñen para cada un dos edificios que compoñen a área do Salgueirón atendendo, por unha parte, a criterios socioeconómicos e, pola outra, a parámetros de adecuación espacial cos usos propostos.

Respecto ós primeiros e partindo dun punto de vista xeral, tivéronse especialmente en conta as directrices que a Unión Europea publicou baixo o título Retos Políticos y Medios Presupuestarios de la Unión Ampliada 2007 -2013, que se extracta nun apartado posterior á presente proposta de usos. Dos documentos elaborados por diversos Ministerios deséxase subliñar o VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación Tecnológica 2008-2011 elaborado pola Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía.

Non se pasaron por alto diversos estudos socio-económicos referidos, por unha parte, a Galicia e, pola outra, á área metropolitana de Vigo. Entre eles destácanse o "*Informe Económico-Financeiro y de la Competitividad*" publicado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (a chamada guía Ardán) e a "*Visión estratéxica del Sistema Empresarial del Área Metropolitana de Vigo. Evolución 2000-2005*" publicado polo Instituto de desenvolvemento Caixanova.

A escala máis local a proposta tamén atendeu ós diversos estudos e memorias redactadas pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local dependente da Concellería de Formación e Fomento do Emprego así como o "Análise de Necesidades Formativas no Ámbito xeográfico do Concello de Cangas" (estes engádense como documentos anexos).

Respecto ós parámetros de adecuación espacial entre os usos propostos e os edificios a ocupar, partiuse dunha valoración das preexistencias físicas, tendo en conta parámetros como a configuración física do espazo (carácter e dimensión do mesmo), o seu valor patrimonial, o estado de conservación, a situación e conectividade, etc; por outra banda, valoráronse tamén as necesidades espaciais asociadas a cada uso, as condicións de accesibilidade, o impacto e a adecuación da actividade ó seu ámbito, as posibilidades de compatibilización e reforzo mutuo (con usos múltiples no mesmo edificio ou usos complementarios no ámbito inmediato dos edificios...), así como a relación dos espazos coas áreas naturais que os circundan.

Unha segunda fase deste estudio pasaría, no socioeconómico, porque os diversos axentes impulsasen o establecemento de criterios para a xestión dos usos, unha valoración económica das distintas actuacións, as necesidades de financiamento e mantemento -implicando entidades públicas e privadas-, así como da cantidade e calidade dos postos de traballo

xerados; no arquitectónico, pola realización dun levantamento detallado de toda a área de actuación así como unha valoración pormenorizada do patrimonio industrial que alí se atopa; no relativo ás áreas naturais pola realización dunha catalogación e diagnose detalladas, todo como paso previo para a redacción dun plan detallado para a zona acorde co futuro PXOM.

4.4.2 SECTORES ECONÓMICOS E ESTRATEXIAS DE DINAMIZACIÓN: DO LOCAL Ó GLOBAL

A continuación expóranse de xeito máis pormenorizado os sectores económicos⁶ que se consideran de interese prioritario así, como algunhas das estratexias que se poden adoptar para dinamizar económica e culturalmente a vila de Cangas.

As actividades que son obxecto de proposición están pensadas para poderse levar a cabo dentro do ámbito de actuación obxecto deste estudo. Polo que se refire ós sectores que se propoñen son preferentemente aqueles que manteñen unha actividade relacionada coas potencialidades tanto de Cangas do Morrazo, coma da área metropolitana de Vigo, e que se considera que poderían ter unha proxección máis global. A relación que segue pretende, sobre todo, deixar constancia dalgunhas intuicións e non tanto trazar liñas estratéxicas a seguir, pois para facelo se requiriría unha segunda fase deste estudo en máis profundidade.

AGRÍCOLA, GANDARÍA E OS SEUS TRANSFORMADOS

- Dinamización do campo mediante o desenvolvemento de produtos hortofrutícolas e de floricultura, potenciando a diversidade mediante produtos de calidade, naturais e ecolóxicos.
- Desenvolvemento de biotecnoloxía para a mellora tanto dos produtos agrícolas coma dos sistemas produtivos.
- Desenvolvemento de sistemas de produción e control que garantan a trazabilidade e seguridade alimentaria dos produtos.
- Aproveitamento de materias primas en produtos e subprodutos agroalimentarios
- Desenvolvemento de produtos con denominación de orixe e promoción comercial da devandita denominación.
- Cursos e talleres de formación sectoriais sobre diversos oficios pertencentes a este sector económico de cara á formación continua e reciclaxe dos recursos humanos.

CONSTRUCCIÓN

- No contexto do PXOM, desenvolvemento dun PERI para a zona do Salgueirón.
- Desenvolvemento de técnicas e sistemas de aproveitamento de materias primas locais nos procesos de construción.
- Cursos e talleres de formación sectoriais sobre diversos oficios pertencentes a este subsector económico: prevención de riscos laborais, carpintaría, ebanistaría, fontanaría, electricidade, etc.
- Implementación de medidas desenvolvidas a través de I+D+I, encamiñadas a mellorar a eficiencia e sostenibilidade dos procesos e produtos relacionados coa concepción, construción, explotación e mantemento do feito construtivo.

⁶ *por orde alfabética*

EDUCACIÓN, DEPORTE, INFORMACIÓN E CULTURA

- Desenvolvemento de plans de formación adaptados ás necesidades sociais e empresariais da zona, sen descoidar a formación a través das novas tecnoloxías da información e comunicación e á aplicación de ferramentas e-learning.
- Desenvolvemento de talleres e cursos de formación e deseño de estratexias para a actualización da formación axeitada ó contexto socioeconómico de Cangas
- Fomento para a creación de empresas audiovisuais e culturais.
- Creación de equipamentos deportivos e fomento da actividade deportiva mediante a realización de cursos, etc.
- Creación de biblioteca técnica relacionada coas principais actividades sectoriais da zona.
- En relación con a tecnoloxías da información colaboración co tecido empresarial da área metropolitana de Vigo, investigación, desenvolvemento e comercialización de software.
- Creación de empresas baseadas en actividades TIC e coñecemento.

ENERXÍA RENOVABLES

- Desenvolvemento de estratexias para a utilización e o aproveitamento de enerxías renovables que reduzan a dependencia enerxética dos combustibles fósiles tanto das empresas coma dos clientes particulares, con especial atención á enerxía solar, eólica, maremotriz, xeotérmica e biomasa.
- Desenvolvemento de estratexias para a instalación de enerxías alternativas en clientes particulares e industriais.
- Desenvolvemento de proxectos de I+D+I en novas formas de distribución de enerxía de cara a evitar perdas e custos por transporte e distribución.
- Investigar e desenvolver estratexias para a subministración enerxética, incrementando a contribución das enerxías renovables e as tecnoloxías enerxéticas emerxentes, de forma eficiente e competitiva, e a súa integración no sistema enerxético nacional, de tal maneira que a súa achega mellore a seguridade de subministración.

INDUSTRIAL

Os subsectores que se utilizarán como obxectivo de investigación poderían ser: bens de equipo, metalurxia e produtos metálicos, vehículos de transporte, téxtil - confección, coiro e calzado, madeira e moble, xoguete, industrias diversas e servizos industriais.

- Desenvolvemento e investigación de novos produtos, procesos ou servizos ou contribución para a mellora dos xa existentes, partindo da absorción tecnolóxica e a aplicación de novos coñecementos ós procesos produtivos. Todo iso contribuíndo á integración dos principios de desenvolvemento sostible na política industrial e á mellora do benestar da sociedade.

-Utilización de materias primas autóctonas con atención cara ó aproveitamento da biomasa forestal para usos enerxéticos, froitos silvestres, plantas aromáticas e medicinais, etc.

-Investigación e desenvolvemento de novos produtos e materiais así como impulso para o desenvolvemento de industrias

-Creación, desenvolvemento e promoción de produtos téxtiles baseados na calidade, o deseño e a imaxe que busque unha identidade propia.

-Investigación e desenvolvemento de novos materiais téxtiles.

-Cursos e talleres de formación sectoriais sobre diversos oficios pertencentes a este sector económico e os seus subsectores, de cara á reciclaxe e formación continua dos recursos humanos.

MEDIO

-Establecemento de estratexias multidisciplinares que aborden a problemática ambiental establecendo accións transversais e redes de investigación inspiradas en enfoques de sistemas complexos, orientados a facilitar a análise das interaccións da sociedade e a ecoloxía.

-Desenvolvemento de proxectos para a mellora da xestión e utilización da auga buscando o incremento da calidade ambiental e controlando o acceso, o saneamento e a depuración de augas con sistemas micro orgánicos.

-Incentivar a creación de empresas de servizos ambientais e ecoinnovación.

-Creación de observatorio ambiental do Morrazo para o cambio climático así como desenvolvemento e deseño de estratexias para combater o cambio climático.

PESCA E PRODUTOS TRANSFORMADOS DO MAR

-Investigación e desenvolvemento de produtos mariños con denominación de orixe, potenciando a diversidade mediante produtos de calidade, naturais e ecolóxicos

-Desenvolvemento de biotecnoloxía para a mellora dos produtos mariños e dos sistemas produtivos.

-Desenvolvemento de sistemas de produción e control que garantan a trazabilidade e seguridade alimentaria dos produtos mariños.

-Aproveitamento de materias primas en produtos derivados mariños

-Desenvolvemento e mellora de estratexias de comercialización e mercadotecnia de produtos mariños

QUÍMICA-FARMACEÚTICA

-En colaboración co tecido empresarial da área metropolitana desenvolvemento de novas actividades de química e farmacia explorando materias primas, residuos e subprodutos na zona, buscando o desenvolvemento de produtos para agricultura, gandería, acuicultura, construción, sanidade, etc.

-Investigación en ámbitos relacionados co cancro, as enfermidades cardiovasculares, as enfermidades do sistema nervioso e mentais, as infecciosas e SIDA, as xenéticas, as respiratorias e as crónicas e inflamación (inflamatorias) entre outras.

TURISMO, OCIO E RELACIONADOS

- Desenvolvemento e promoción dunha imaxe territorial propia
- Planificación de estratexia turística de calidade que prime a innovación e desestacionalización das actividades turísticas, promovendo a especialización e a diversificación de actividades, con especial atención ó desenvolvemento de rutas de sendeirismo, usos paisaxísticos, gastronomía, etc.
- Planificación de actividades turísticas relacionadas cos deportes, especialmente con aqueles relacionados co mar (piragüismo, vela, mergullo, natación, etc.).
- Desenvolvemento de infraestruturas turísticas locais: pequenos hoteis de calidade, campamentos urbanos, etc.
- Creación de pequeno centro de interpretación da área do Salgueirón.
- Desenvolvemento de seminarios, cursos e outras actividades formativas de cara á profesionalización do sector hostaleiro.
- Mellora e implantación de sistemas e metodoloxías de xestión empresarial de calidade e ambientais,
- Mellora e desenvolvemento de tecnoloxías da información e das comunicacións nos xestores turísticos, con atención na implementación de tecnoloxías para unha xestión sostible do negocio turístico.

4.5. APROXIMACIÓN A UNHA XESTIÓN ENERXÉTICA DO CONXUNTO MASSÓ

Nesta fase do estudo non é viable establecer cálculos de consumo, necesidades enerxéticas e hidrolóxicas, etc. atendendo ós parámetros convencionais de cálculo e deseño de instalacións. Entre outras cousas, porque para facer un cálculo pormenorizado se precisaría unha segunda fase de aproximación na que se definisen polo miúdo parámetros construtivos das edificacións (volumetrías, cerramentos, etc.), programas funcionais concretos (superficies e volumes interiores), etc.

Si é posible establecer, non obstante, unha serie de consideracións ó redor da xestión enerxética que se deben ter en conta á hora de abordar o conxunto do Salgueirón. Estrutúranse por temas que se tratan a continuación.

A AUGA:

"A auga é posiblemente tan importante como a enerxía, e a escaseza de auga no mundo é un problema máis urxente que o abastecemento de enerxía. A diferenza da enerxía, a auga ten un impacto directo sobre a saúde e a produción de alimentos e, aínda que existe unha relación entre os recursos enerxéticos, a pobreza e a saúde, esta non é de ningún modo tan directa como o caso da auga" ⁷

Formúlase como premisa de partida para o presente estudio de usos o establecemento de estratexias para a reciclaxe da auga que permitan que esta se poida reutilizar para irrigación, xardinaría, fontes, diversificación ecolóxica, etc. En xeral, a reciclaxe consiste en facer fluír as augas grises (sen residuos sólidos) a través de cultivos filtrantes de canas ou outros procesos biolóxicos de depuración. As raíces de canas e doutras plantas proporcionan osíxeno ás bacterias naturalmente presentes na auga, degradando calquera axente patóxico que esta conteña. Os coliformes fecais descompóñense xunto coas substancias residuais e proporcionan auga rica en nutrientes a un lago, que pode entón converterse nun hábitat natural ou nun criadeiro de peixes.

É importante e urxente o desenvolvemento de estratexias tanto de aprovisionamento (captación de augas pluviais) coma de aforro (consumo de auga). Os beneficios máis destacados que implicaría unha xestión máis racional da auga son: abaratamento de custos, mantemento dos recursos hidrolóxicos para as xeracións vindeiras, redución da presión sobre a rede de abastecemento de augas, menor consumo de auga quente, menor consumo de auga nos sistemas de abastecemento e saneamento (aforro de enerxía), etc.

Respecto ó mar, aínda que de xeito superficial, é obrigado facer fincapé no mantemento da súa biodiversidade intentando minimizar diques e outros elementos construtivos que podan modificar o desenvolvemento natural da zona.

⁷ *Guía básica da sostenibilidade*
Brian Edwards coa colaboración de Paul Hyett
Ed. G.G

OS RECURSOS ENERXÉTICOS

Segundo cálculos de Brian Edwards, o 50% do quentamento global resulta do emprego de combustibles fósiles nos edificios e o 50% restante xérase no transporte de persoas e mercadorías a eses mesmos edificios. Co obxectivo de buscar un sistema de xeración de enerxía e emisións de gases de efecto invernadoiro o máis próximo ó balance cero, tanto para o conxunto Massó así como para a zona residencial que se propón, expóñense as seguintes ideas de partida que teñen como eixe a racionalización e o aforro do consumo enerxético, así como o emprego das seguintes enerxías renovables:

- Marina: aproveitamento das ondas e mareas para a xeración de enerxía, bombas de calor auga-auga, etc.
- Solar: utilización de forma pasiva para quentar, ventilar e iluminar espazos; utilización activa para quentar a auga e xerar electricidade mediante células fotovoltaicas.
- Eólica: utilización de aeroxeradores de eixe vertical, formulando pequenos aeroxeradores de pouco impacto ambiental, integrándoos no ámbito
- Biomasa. Aproveitamento dos recursos de biomasa da zona e próximos, para a xeración de auga quente e electricidade.
- Creación dun centro de transformación de biomasa que funcione a xeito de cooperativa onde as comunidades de montes, particulares, etc. poidan transformar a súa materia prima en produto de consumo, eliminando os custos de transporte enerxía, produto final e contribuíndo á limpeza de bosque da zona.

A CONSTRUCCIÓN E A DEMANDA ENERXÉTICA

As cidades son responsables do 75-80% de tódalas emisións de CO₂ que produce o home, e constitúen a principal causa do quentamento global. Os edificios deseñados e construídos actualmente aínda estarán en pé cando o cambio climático se faga sentir. Hai que ter en conta que a vida útil dos edificios estimase entre 50 e 150 anos e é claro que os edificios deseñados hoxe terán que soportar condicións de temperatura moi distintas no futuro. A proposta para a rehabilitación do Conxunto Massó, así como para a nova edificación da zona residencial que se formula, deberá ter en conta as seguintes consideracións:

- A envolvente e a superficie ocupada polo edificio son fundamentais para a súa supervivencia a longo prazo, adaptabilidade e eficiencia enerxética. Tamén co obxectivo de reducir os consumos enerxéticos, a calidade construtiva media debe ser máis alta que a actual, utilizando mellores illamentos e materiais de máis calidade.
- Deben preverse medios para mellorar o acondicionamento dos edificios, especialmente en canto a refrixeración e consumo de enerxías renovables.
- Planificación da restauración das construcións con principios bioclimáticos, Redución de gasto enerxético e de ventilación mecánica, mediante un sistema solar pasivo e con procedementos de bioconstrución.
- Iluminación: deseñar, sempre que sexa posible, aproveitando a iluminación natural.
- Tense que evitar a exclusividade funcional dos edificios. Os edificios definidos de un modo demasiado específico son pouco flexibles.

O ÁMBITO

Respecto ó ámbito do Salgueirón e ás propostas que aquí se expoñen, fanse as seguintes consideracións:

- Deberá minimizarse a utilización de vehículos de combustión pola zona, segregando os tráfico entre peón e vehículos e controlando os accesos dos vehículos ó complexo.
- Fomento do uso peonil, da bicicleta e dos transportes colectivos para a realización de desprazamentos.
- Utilización dos restos de poda e talla de árbores para produción de biomasa.
- Utilización de iluminación externa mediante luminarias autónomas fotovoltaicas dotadas de lámpadas con balastos electrónicos que permitan a regulación da intensidade lumínica tanto en períodos de tempo determinados como en función da luminosidade, o que permita a minimización dos consumos e da contaminación lumínica.
- .
- Creación dun sistema de transporte marítimo que minimize a utilización dos motores de combustión, fomentando este tipo de transporte para a comunicación do conxunto Massó con outras áreas (Vigo, praias, municipios, etc.)

4.6. PROPOSTA DE USOS POR ÁREAS

4.6.1. ENCADRAMENTO

Atendendo ás relacións de influencia co tecido urbano de Cangas, estruturouse a área do Salgueirón en tres grandes zonas: unha delas organizase arredor da factoría Massó e comprende tanto á propia factoría, como a tódalas edificacións fabrís do seu ámbito. A segunda zona abrangue toda a área natural do conxunto do Parque Patrimonial, incluíndo as dúas instalacións industriais que rematan a área do Salgueirón. E, por último unha terceira zona situada no noroeste da unidade de actuación que está en contacto co tecido urbano existente.

4.6.2. AREA SOCIO-ECONÓMICA: O ACCESO Ó SALGUEIRÓN

Tal e como xa se adiantou noutros apartados deste estudio, o acceso ó Salgueirón fórmulase en termos de conxunto socio-económico da área de actuación. A súa proximidade tanto co porto como co centro de Cangas, a calidade patrimonial das súas edificacións así como o seu urbanizado bordo marítimo, posibilitan que este histórico conxunto fabril se converta nun revulsivo socio-económico para a vila. Se no momento da súa creación a factoría converteuse no grande elemento dinamizador da vila, hoxe proxéctase devolverlle ese papel pero nunha clave acorde ós tempos presentes.

Os usos que se presentan para todo esta zona de acceso perseguen poñer en valor o antigo complexo industrial, para o que propoñen unha mestura de actividades que garanta o uso pero tamén o lecer tanto dos habitantes, como dos visitantes do Concello. A mestura de actividades que se detalla a continuación, vén derivada da idea de configurar unha área de referencia na que se vai a traballar ou a investigar, pero tamén a pasear, a ver unha película ou unha exposición, asistir a unha conferencia ou ver unha representación, comprar ou tomar un café, etc.

No que segue expóranse de xeito máis pormenorizado os usos que se formulan para cada un dos edificios que compoñen a área do Salgueirón, atendendo ós criterios socioeconómicos e arquitectónicos anteriormente expostos.

4.6.2.1. FACTORÍA MASSÓ

A factoría Massó está catalogada polo Instituto do Patrimonio Histórico Español como un dos primeiros bens industriais a recuperar dentro do Plan de Patrimonio Industrial do Ministerio. Coa excepción dalgunhas partes moi danadas por un incendio, presenta un estado de conservación relativo. A súa superficie en planta baixa é de máis de 16.000 m² ós que hai que sumar outros 11.274 m² da primeira planta. Estes dous niveis configuran nas dúas naves centrais un grande espazo a dobre altura de 40 metros de ancho, de grande riqueza arquitectónica.

Esta grande superficie construída da factoría, o seu carácter icónico, a súa calidade espacial e o seu estado de conservación posibilitan que poida converterse nun edificio de usos múltiples, capaz de acoller actividades empresariais, sociais, comerciais e de aparcamento dos vehículos que a propia actividade xere. A multiplicidade, o carácter e a dinámica xerada polas actividades formuladas, especialmente no que se refire as actividades económicas, perseguen establecer sinerxías e crear dinámicas colectivas que contribúan a potenciar os esforzos individuais.

A continuación enuméranse os usos propostos estruturándoos en tres grandes grupos: empresariais, sociais e comerciais. Optouse por presentar os usos deste modo atendendo a unha maior clarificación do exposto. Así mesmo, faise unha estimación do número de prazas de aparcamento de vehículos que o edificio podería acoller.



USO EMPRESARIAL

USO 01: CENTRO TECNOLÓXICO.

(...) Centros de innovación y tecnología. El grado de eficacia en la transferencia de tecnología depende, en gran medida, de la capacidad de actuación de estas infraestructuras cuya atención debe centrarse en elevar su capacidad y su carácter interdisciplinar, y en mejorar el nivel de coordinación de ellas, para evitar duplicidades y favorecer una correcta transferencia tecnológica hacia las empresas, especialmente las PYMES y microempresas.

(...) Los parques científicos y tecnológicos, Debe centrarse la atención en mejorar su capacidad para ofrecer servicios que faciliten la comunicación entre los diferentes agentes científicos, tecnológicos y las empresas, permitiendo la transmisión de demandas y soluciones que articulen mejor las actividades necesarias en todo proceso de desarrollo basado en la I+D+I. En ellos, investigadores con diferentes vínculos institucionales, podrán concentrarse en proyectos de investigación por demanda (modo 2). Adicionalmente, los parques ofrecen oportunidades a la puesta en marcha de nuevas iniciativas empresariales (...)⁸

O obxectivo do centro tecnolóxico é contribuír ó desenvolvemento económico e social de Cangas. Mediante o apoio e impulso dos procesos de innovación e desenvolvemento tecnolóxico preténdese a dinamización, o desenvolvemento e a aplicación de novas tecnoloxías asociadas ás necesidades e recursos do país.

⁸ Extracto de la "Estrategia Nacional de Ciencia y Tecnología"
Secretaría de Estado de Universidades e Investigación. 15 Diciembre 2006

Buscando a colaboración coa Universidade de Vigo pero tamén mediante convenios específicos con calquera outra Universidade, o centro tecnolóxico pode proporcionar ás empresas servizos relacionados con proxectos de I+D+I, asesoramento e asistencia técnica, difusión tecnolóxica, normalización, certificación e calidade industrial, información, formación de recursos humanos (cursos de especialización, seminarios, xornadas), cooperación internacional, así como exploración de novas actividades industriais.

Ademais dos valores que por si mesmo achega, non se debe pasar por alto que a creación de centros tecnolóxicos conta con importantes axudas públicas, algo que lle engade un criterio de oportunidade que é indicado sinalar.

Á marxe de que o centro tecnolóxico poida desenvolver a súa actividade en colaboración con calquera empresa, tanto da área metropolitana coma a nivel global, considérase imprescindible para a dinamización da economía canguesa o desenvolvemento dun polígono (Polígono da Portela ou similar) no que as industrias, logo da tramitación de permisos e condicións correspondentes, poidan instalarse con facilidade e rapidez. De feito, considérase de grande interese para Cangas a creación dun parque tecnolóxico organizado entorno ó centro tecnolóxico que se propón.

De modo sucinto expóñense a continuación algunhas das achegas que prové un centro tecnolóxico:

1. Realización de Proxectos de Investigación e Desenvolvemento a demanda de Empresas e Institucións.
2. Prové infraestruturas próximas ás empresas que facilitan a transferencia de tecnoloxía e a súa asimilación.
3. Serve como canle de tecnoloxías punta cara ó tecido industrial, achegando e axudando as empresas a adaptar os últimos avances, e facilita a execución dos proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
4. Pode constituírse en asesor e axente instrumental ó servizo da política tecnolóxica das administracións públicas e das empresas.
5. Desenvolve investigación para a xeración e adaptación de novas tecnoloxías que garantan a competitividade das empresas, creando emprego de calidade e mellorando a calidade de vida.

NECESIDADES ESPACIAIS.

Unha primeira aproximación destina para este uso o 75-80% da superficie da primeira planta, ou sexa, en torno a 9.000 m². O establecemento dos datos precisos poderá realizarse nos pertinentes estudos de pormenor a realizar trala toma de decisións dos axentes implicados.

- Laboratorios de investigación.
- Despachos
- Salas de reunión
- Sala de conferencias
- Aularios técnicos, salas de estudio: centro de formación especializada.
- Biblioteca técnica.

USO 02: VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVICIOS

*“(…). Es necesario promover el crecimiento del número de empresas de base tecnológica capaces de competir en los mercados internacionales exigentes en alta tecnología. La modernización del tejido productivo español exige la creación de numerosas empresas de base tecnológica que deberán nacer de la investigación realizada tanto por el sistema público de I+D como por las empresas. Por ello es importante seguir profundizando en incentivos para la creación de spin-off. Resulta indispensable además crear un entorno favorecedor a la puesta en marcha de nuevas empresas de base tecnológica intensivas en conocimiento a partir de una atención especial a la formación de emprendedores. Asimismo es necesario prestar atención a la difusión y al estímulo del espíritu emprendedor entre investigadores y tecnólogos, fomentando un entorno favorable al riesgo, incorporando al sistema indicadores que estimulen a los investigadores hacia la protección de la propiedad intelectual e industrial. Para ello resulta vital reducir las barreras administrativas e introducir mejoras”.*⁹

O viveiro de empresas de servizos fórmulase como unha infraestrutura en réxime de aluguer temporal que permita a Cangas do Morrazo dispoñer de espazos para a creación de empresas de servizos, así como reservar unha área máis orientada a empresas de base tecnolóxica. O obxectivo é facilitar ós emprendedores unha estrutura que permita acompañar a sempre difícil creación e posta en marcha dos proxectos empresariais, mellorando as súas expectativas de supervivencia mediante a combinación do ofrecemento de locais, a formación, o asesoramento e a prestación de servizos.

Trátase, en definitiva, de facilitar e potenciar a creación de pymes apoiándose en:

- Ofrecemento dun espazo para emprendedores que comparten infraestrutura e servizos diversos
- Aforro de custos iniciais na infraestrutura
- Aproveitamento de sinerxías empresariais (mellora da competitividade, aforro de custos, etc.)
- Fomento dos investimentos na zona
- Potenciación da sociedade do coñecemento

NECESIDADES ESPACIAIS

Unha estimación aproximada destina para este uso o 20-25% da superficie da primeira planta, ou sexa, en torno a 2.000 m², máis un 10-15% da planta baixa, é dicir, 2.000 m². O establecemento dos datos precisos poderá realizarse nos pertinentes estudos de pormenor a realizar trala toma de decisións dos axentes implicados.

- Despachos e oficinas
- Salas de reunión comúns
- Zonas de recepción comúns
- Secretarías e administración compartidas

⁹ Extracto de la “Estrategia Nacional de Ciencia y Tecnología”
Secretaría de Estado de Universidades e Investigación. 15 Diciembre 2006

USO SOCIO-CULTURAL

O uso sociocultural da factoría Massó parte, tal e como xa quedou manifestado anteriormente, do principio de uso do edificio por parte dos cidadáns. Proponse que o devandito uso estea articulado en torno ó grande espazo central a dobre altura existente na actualidade. Trátase de abrir o uso deste espazo ofrecendo unha grande praza urbana e cuberta ó bordo do mar. Ademais de dar servizo a Cangas, podería funcionar como complemento da oferta turística que contribúe a desestacionalizar este sector económico.

Preténdese que o conxunto edificatorio sexa utilizado por toda a sociedade e non só por unha pequena parte dela; que non perda o seu potencial de referente; que se aproveite a infraestrutura en horario ininterrompido e non só en horarios laborais ou comerciais (tal e como acontecería se se lle asignase un uso empresarial ou comercial exclusivamente). Perséguese, en suma, o uso polos habitantes do urbano deste histórico complexo fabril.

NECESIDADES ESPACIAIS

Este uso, como quedou explicado anteriormente, artículase entono ó grande espazo central a dobre altura, que se formula como unha grande praza cuberta para Cangas. Parece lóxico que os usos sociais e comerciais queden vertebrados arredor desta grande praza á que se destina o 50% da superficie da planta baixa. Polo que se refire ó uso cultural, destínaselle un 25% da superficie da planta baixa, ou sexa 4.000 m². A continuación propóñense os espazos máis representativos deste uso.

- Praza dá vila cuberta ó bordo do mar
- Aularios (modulares, adaptables a diversos auditorios) para o impartición de formación, talleres e seminarios
- Exposicións: en áreas concretas ou en zonas de circulación
- Biblioteca cultura xeneral
- Locais de reunión: infantís, terceira idade, calquera colectivo
- Pequena gardaría de uso temporal limitado (por horas)

USO COMERCIAL

O uso comercial fórmase en termos de complemento das actividades anteriormente expostas. Polo tanto, a superficie destinada a esta actividade é a menor en comparación co resto. Non obstante este uso considérase necesario en tanto que elemento potenciador dos usos anteriormente descritos; non só é útil dispoñer dun quiosco ou dunha cafetaría cando se pasea por unha praza, senón que é tamén un estímulo para o propio paseo. Polo tanto, e aínda a pesar do seu carácter de actividade complementaria se considera que a superficie debe ser suficiente para albergar polo menos:

NECESIDADES ESPACIAIS

Tal e como se aclarou anteriormente, este uso artículase entono á grande praza cuberta. A usos comerciais destínase o 20% da superficie da planta baixa (3.000 m²). Os espazos máis representativos deste uso serían locais de restauración e locais comerciais.

USO APARCADOIRO

Para este uso resérvase o soto do edificio. Unha estimación aproximada do número de prazas sitúaaas en torno a 300 unidades. En termos operativos, é importante que os usuarios fixos do complexo dispoñan dun lugar de aparcadoiro, deixando así mesmo un número de prazas libres para os usuarios esporádicos. Á parte desta cuestión, tamén cabe sinalar que esta área de estacionamento márcase como o límite para a circulación de vehículos na área do Salgueirón (deixando á parte a zona residencial que se planea con acceso restrinxido ós residentes e os accesos para o mantemento e subministración do complexo).

4.6.2.2. NAVE ANEXA Á FACTORÍA PRINCIPAL

USO: AUDITORIO MODULAR

A nave auxiliar, situada ó sur da fábrica principal, está formada por tres naves máis un volume anexo que ocupan unha superficie de máis de 3.000 m². Ningunha das naves está compartimentada o que, unido á súa proximidade coa factoría principal, posibilita un o seu uso complementario.

O auditorio modular que se propón pretende acoller, por un lado, conferencias, charlas, talleres e seminarios de tipo técnico xeradas polo ámbito socio-empresarial que se está a esbozar, así como outras de carácter máis xeral que se consideren de interese para a vila de Cangas; e por outro, ofrecer outra alternativa espacial ó auditorio de Cangas, sendo capaz de acoller diversos espectáculos (cinema, concertos, teatro, etc). Considérase de especial interese a creación dun cineclub que proxecte e difunda producións e obras audiovisuais que non teñen acollida nas salas de cinema comercial, dedicando ciclos puntuais á produción audiovisual de autor e instaurando festivais ou ciclos de cinema que sitúen a Cangas no mapa do sector audiovisual galego.

Por razóns operativas e de adaptación ó funcionamento requirido, considérase necesario que o edificio sexa concibido de modo que permita engadir ou restar auditorio en función das necesidades, é dicir, que permita dispoñer dun grande espazo de auditorio resultado da unión de varios auditorios máis pequenos.

NECESIDADES ESPACIAIS

-1 auditorio de grande capacidade (ou 3-4 pequenos auditorios modulares)



4.6.2.3. FÁBRICA ORIXINAL, GARDARÍA, COMEDORES, BAÑOS DE MULLERES

Este conxunto de edificios que se atopa ó lado da factoría, conta cunha superficie construída de case 3.000 m². A súa condición de acceso e entrada á zona do Salgueirón, ademais de posibilitar a circulación rodada (descartada para o resto da área), ofrece a vantaxe dunha situación moi próxima tanto co porto actual, coma co resto a zona central de Cangas.

USO: CENTRO DE XERACIÓN E PROXECCIÓN DE RECURSOS AUTÓCTONOS

O centro de xeración e proxección de recursos autóctonos que se propón, ten como obxecto a dinamización, a potenciación, a xestión e a promoción do sector económico derivado da utilización de recursos locais. Aproveitando a proximidade co centro tecnolóxico, así como o viveiro de empresas, o seu obxectivo é constituírse como un centro de mellora e dinamización do desenvolvemento local que permita aumentar as sinerxías entre os actores dos diferentes sectores económicos. Trátase, en definitiva, de permitir e favorecer que profesionais de diferentes especialidades se fortalezan mutuamente, co fin de poñer en marcha iniciativas de aproveitamento dos recursos autóctonos (dende os produtos mariños ata o turismo).

De xeito sintético expóñense a continuación algunhas das funcións que pode desenvolver o devandito centro:

- Desenvolvemento de novos produtos e materias locais, así como mellora dos xa existentes.
- Formación e reciclaxe de coñecementos para dinamizar e potenciar os principais sectores económicos da vila, así como todos aqueles relacionados coa sustentabilidade e o medio (formación en sistemas enerxéticos limpos, etc.).
- Xestionar e favorecer os intercambios locais e internacionais co fin de desenvolver e adaptar as producións locais ás novas tecnoloxías, modernizándoas e facéndoas sostibles para a comunidade e o ecosistema.
- Xestionar a produtividade de terras así como a calidade dos produtos derivados.
- Potenciar e diversificar as actividades turísticas proxectando unha imaxe de marca autóctona de calidade.

NECESIDADES ESPACIAIS

- Oficinas e despachos
- Salas de reunión
- Sala de conferencias
- Aularios técnicos
- Biblioteca sectorial
- Almacéns

USO: CENTRO DE ENERXÍAS RENOVABLES

O obxectivo deste centro é crear un lugar exemplarizante que teña como motivo o desenvolvemento dun modelo de autosuficiencia enerxética baseándose na investigación, a promoción, a formación e a difusión das



enerxías limpas. Compartindo o espazo co centro de xeración de recursos autóctonos e aproveitando a proximidade co centro tecnolóxico búscase potenciar as sinerxías da área socio-económica de Massó.

A continuación expóñense máis detalladamente algunhas das actividades que este centro piloto podería levar a cabo:

-Centro de investigación de enerxías limpas; colaborando en programas sistemáticos do centro tecnolóxico e con diversas universidades. O seu obxectivo é investigar en tecnoloxía para o aproveitamento de enerxías renovables, así como o desenvolvemento de sistemas e produtos para a xestión e utilización destes que sexan susceptibles de comercialización a nivel nacional e internacional.

-Centro de formación das novas enerxías limpas: centro de formación onde se poida afondar sobre este tipo de enerxías, adaptado ós distintos niveis académicos. Debería de estar dotado de infraestrutura para poder organizar cursos, charlas, simposios, etc.

-Formación e promoción para empresas pertencentes ó subsector das enerxías renovables, tanto instaladas no viveiro de empresas Massó como noutras situacións físicas.

-Centro de difusión das consecuencias do cambio climático: para poder modificar e corrixir as actuais inercias é imprescindible a educación, ofrecendo ó cidadán información sobre as causas e consecuencias provocadas polo modelo enerxético actual.

NECESIDADES ESPACIAIS

- Oficinas e despachos
- Salas de reunión
- Sala de conferencias
- Aularios técnicos
- Biblioteca sectorial

4.6.2.4. HOTEL, COCHEIRAS E EDIFICACIÓNS PRÓXIMAS Ó HOTEL

USO: HOTEIS DE PEQUENA ESCALA.

Situado na parte máis elevada do conxunto, o antigo hotel é un volume único en forma de "C" cun baixo e dúas plantas que suman unha superficie de 1500 m². A proposta para este edificio é a de recuperar o uso para o que foi concibido no seu momento, pois non só goza de vistas á ría de Vigo, senón que se atopa nun ámbito natural privilexiado (rodeado de árbores, con proximidade ás praias, etc.). O mesmo podería dicirse do edificio das antigas cocheiras (máis de 400 m²) e das pequenas edificacións (hoxe en ruínas) que están nas proximidades do hotel.

A lóxica desta proposta pasa por formular unha oferta hoteleira de calidade, acorde co privilexiado ámbito no que se atopa; unha oferta que poña en valor xustamente este ámbito natural, que formule unha oferta turística (sendeirismo, rutas naturais, etc.) que contribúa a diversificar o estacional turismo de praia por unha parte, e, pola outra, a incrementar o número de prazas hoteleiras en Cangas.



4.6.3. ÁREA NATURAL LÚDICO-DEPORTIVA: O PARQUE URBANO E O FINAL DA ÁREA DO SALGUEIRÓN

Esta área abrangue o parque ambiental urbano proposto, así como os edificios que están situados ó bordo do mar e no extremo sur da área do Salgueirón: a antiga baleeira e a salgadura. Tamén formulará o uso da chamada casa "de Evaristo". O punto anterior dá conta da proposta de uso para o parque ambiental, motivo polo cal non se tratará aquí. En canto ás características naturais do espazo formado polo baleeiro e a salgadura así como polo ámbito que as rodea, a súa calidade de fin do paseo e a súa proximidade coa lagoa, prefiguran un tipo de uso que manteña estas características, algo que se reforza co déficit de zonas verdes urbanas que padece Cangas. É por estas razóns polas que a formulación para estes edificios ten un carácter lúdico e deportivo, aberto tanto ós habitantes da vila que poden gozalos con frecuencia, coma ós visitantes que a ela se acheguen, enriquecendo a oferta turística do Municipio..

No que segue, expóñense os devanditos usos en función de cada un dos edificios.

4.6.3.1. CASA "de EVARISTO"

USO: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO SALGUEIRÓN E DÁ LAGOA DÁ CONGORZA

Situado nunha parte central do parque, a casa "de Evaristo" é unha pequena edificación (case 400 m²) de planta única formada por tres pequenas naves pegadas con cuberta independente. A súa situación no ámbito e a súa disposición espacial posibilitan a conversión deste edificio nun Centro de Interpretación que permita poñer en valor, de cara á mellora da oferta turística, as potencialidades da área do Salgueirón, tanto do parque urbano como da lagoa da Congorza.



4.6.3.2. EDIFICIOS: BALEEIRA

USO: EQUIPAMENTO DEPORTIVO, CAMPAMENTO URBANO E PRAIA URBANA

O actual edificio da baleeira está catalogado polo Instituto do Patrimonio Histórico Español como un dos primeiros bens industriais a recuperar dentro do Plan do Patrimonio Industrial do Ministerio. Con excepción dunha cuberta recente moi pouco afortunada, recoméndase a rehabilitación do conxunto cun uso ó aire libre que permita o aproveitamento do potencial desta instalación, reforzado polo ámbito natural privilexiado no que se atopa. As ramplas, que caen directamente ó mar, posibilitan un uso deportivo relacionado con este (piragüismo, vela, remo, mergullo, etc.). Os volumes que compoñen este conxunto edificado (case 1300 m² construídos) poden ser utilizados como instalacións para diversas escolas deportivas. Debe destacarse que, na actualidade, existe un equipamento deportivo (un campo de fútbol) que, ben acondicionado, serviría para complementar este uso.

A continuación enuméranse algunhas das actividades deportivas que se poderían desenvolver neste espazo.

- Escolas deportivas.
- Vela
- Remo
- Piragua
- Mergullo
- Natación
- Praia urbana
- Campamento urbano para nenos (programación de actividades lúdico-deportivas, etc.)
- Servizos



4.6.3.3. EDIFICIOS: SALGADURA

USO: EQUIPAMENTO TERMAL, PISCINAS DE AUGA DE MAR MORNAS

Cunha superficie construída próxima ós 4000m², o conxunto edificado da antiga salgadura está formado por varios volumes de grande interese patrimonial. O uso que se propón para este conxunto é un pequeno centro de talasoterapia mariña que permita o disfrute de piscinas de auga de mar quente durante todo o ano. A talasoterapia como método terapéutico está baseado na utilización do medio mariño (auga de mar, algas, barro, etc.) e do clima mariño como axente terapéutico.

Un centro de talasoterapia en Cangas podería funcionar non só a escala municipal ou metropolitana senón a nivel global, enriquecendo a oferta turística en aras dunha maior desestacionalización desta actividade económica. Por unha parte dispoñer dun centro de Talasoterapia con piscinas de auga quente permitiría ofrecer á poboación un centro de saúde e ocio e, polo outro, serviría como reclamo turístico para os visitantes. Non debe pasarse por alto que o chamado "Turismo de Saúde" está a experimentar un enorme crecemento económico, propiciado pola evolución dunha demanda que busca alcanzar maiores cotas de benestar físico.

NECESIDADES ESPACIAIS

- Acollida
- Piscinas de auga morna
- Salas de masaxes
- Salas de consulta
- Salas de instalacións
- Vestiaros
- Almacéns



4.6.4. ÁREA RESIDENCIAL

"(...) Neste momento, as principais actuacións residenciais que se están a levar a cabo diríxense en tres direccións: primeiro, recompoñendo a densidade dos centros urbanos, aumentando a súa compacidade renovando o tecido envellecido; segundo, creando unha nova forma de ocupar o territorio con organismos mixtos e autosuficientes, ben integrados e cunha pequena parcela dunha natureza controlada. Por último, limitando a ocupación do solo agrícola e as suburbanizacións na periferia das cidades, de maneira que se respecte e preserve o medio natural en determinados encraves." ¹⁰

A actuación nesta área residencial é abordada como unha costura entre as preexistencias do Salgueirón, o tecido urbano de Cangas e o bordo natural do mar. Preténdese dar acubillo á unha diversidade que facilite tódolos modos de vida; que promova a consciencia urbana, a comunicación e o espírito crítico; que incentive a prudencia enerxética, intentando na medida do posible unha autosuficiencia enerxética respectuosa co medioambiente; que considere a construción en clave de sustentabilidade, non só nos materiais senón tamén nos propios procesos construtivos (proxectando con mecanismos bioclimáticos, por exemplo); preténdese, en suma, xerar unha actuación que dea resposta ás problemáticas urbanísticas contemporáneas.


As ferramentas nas que se considera que debe apoiarse esta área residencial pasan por utilizar o espazo público para xerar relacións, aumentando a conectividade (tanto física como virtual) e utilizando a densidade edificatoria de maneira flexible para responder ás distintas realidades dentro da zona da proposta e desta cos elementos e tecidos (rural, urbano...) nos seus bordos. Búscase o incentivo da relación directa entre o construído e o medio natural, utilizando o solo natural humanizado non como posesión senón como instrumento (creación de hortas privadas, hortas comunitarias, zonas de compostaxe, zonas de esparexemento comunitario, etc.).

Con este obxecto, propónse traballar cunha diversidade tipolóxica que vaia dende o cuarto plurifamiliar ata o unifamiliar, buscando un equilibrio entre a ocupación do solo, a densidade poboacional, o impacto visual do edificado, o rendemento enerxético das edificacións e a preeminencia do espazo público. Apoiándose nas vías existentes buscarase unha segregación dos tránsitos entre o coche e o peón, incentivando o uso de medios de locomoción alternativos, como a bicicleta.

Para a área delimitada no plano correspondente propónse un barrio residencial de 3,49 hectáreas aproximadamente que podería ser estendida cunha zona de ampliación anexa de 1,36 hectáreas de superficie, para realizar conforme a unha serie de criterios:

CRITERIOS SOCIAIS

- Solucionar problemáticas dentro e fóra da área de proposta.
- Dar acubillo á diversidade.
- Promover a consciencia urbana.
- Incentivar a prudencia enerxética.
- Priorizar o peón sobre o vehículo.



¹⁰ DENSITY. Javier Mozas

- Utilizar tipoloxías de vivenda adaptadas ás novas formas de vida, flexibles e adaptables no tempo.
- Construír vivendas de custo controlado considerando o prezo final como un criterio básico de deseño.
- Involucrar ós futuros residentes non proceso de construción (estudar mecanismos para favorecer a autoconstrución, talleres de formación,...).
- Utilizar a diversidade de usos como dinamizador social (residencial, comercial, talleres...)

CRITERIOS XENERAIS DE ORDENACIÓN

- Unha Inserción adecuada no ámbito, de maneira que as novas construcións contribúan a cualificar a área cosendo o tecido existente introducindo dotacións e servizos.
- Respecto ás preexistencias, edificacións e vexetación, de cara a integralas no proxecto.
- Traballar cunha densidade media que roldará as 50-60 vivendas por hectárea.
- Expansión das vivendas, con hortas, talleres, zonas verdes comúns.
- Utilizar diferentes tipoloxías edificatorias, dende a vivenda unifamiliar illada ate a colectiva, cunha sección tipo máxima de baixo+3 alturas.

CRITERIOS ENERXÉTICOS

- Proxectar edificacións ben orientadas e compactas.
- Construción con materiais locais e de baixo impacto ecolóxico.
- Sistemas enerxéticos integrados. A xeración e xestión comunitaria de auga quente para calefacción e uso doméstico da recollida e tratamento dos residuos.
- Evitar o malgasto de espazo e recursos, realizando servizos comúns como lavandaría, aparcamentos, etc.
- Uso da cuberta vexetal, como mecanismo de illamento térmico e acústico, e pola súa capacidade para reter auga de chuvia.
- Utilizar a auga de chuvia para ás redes de saneamento dentro das vivendas.
- Incorporar a vexetación ó deseño do espazo público e privado.
- Xestionar a aplicación de ecoetiquetas.¹¹

¹¹ *Selos de calidade outorgados por organismos internacionais, que garanten a procedencia e características dos materiais: madeiras procedente de explotacións controladas, materiais de baixa toxicidade, produtos biodegradables ou reciclables, etc.*

5.EXEMPLOS DE REFERENCIA

O parque patrimonial ligado á recuperación do patrimonio industrial é unha iniciativa xa realizada e testada dende hai máis de trinta anos en numerosos lugares de Europa e Norte América. Proxectos como o alemán de Emscher Park, que conseguiu reactivar toda un área industrial en decadencia; o finés en Tampere, coa rehabilitación do conxunto de fábricas téxtiles, hoxe convertidos no corazón económico e social da cidade, testemuñan como a conservación do patrimonio industrial, como punto de partida para a recualificación destas áreas urbanas, convértese en peza fundamental da economía local e metropolitana.

No ano 2000, un proxecto europeo financiado reuniu numerosas iniciativas individuais con moitas características en común. Trátase do “O Patrimonio industrial entre terra e mar. Por unha rede europea.”

Esta didáctica iniciativa convidou ás diferentes cidades e áreas onde se desenvolvían os proxectos, coa súas condicións históricas, sociais, económicas e patrimoniais a compartir ás súas propostas, problemáticas e solucións acadadas ou en proceso de realización de cara a unha mellor resolución dos seus propios proxectos locais.

Sulina en Romanía, O golfo de Thermaikos en Grecia, Turku e Tampere en Finlandia, a lagoa de Venecia en Italia, Igrexas en Cerdeña, Le Creusot en Francia e Viana do Castelo en Portugal están a realizar proxectos de recuperación do seu patrimonio industrial logrando un desenvolvemento máis sostible dos seus recursos e territorios. Moitas das súas dúbidas iniciais foron superadas e cada unha aportou unha serie de solucións orixinais.

SULINA, no Delta do Danubio, Romanía.

Antecedentes: unha forte emigración fixo diminuír drasticamente a poboación, abandonando as actividades tradicionais como a pesca e a construción de embarcacións. Peche das industrias conserveiras e de verniz de uñas a partir de cunchas. Unha serie de plans tentaron realizar unha intensiva construción de estradas e apartamentos turísticos.

O proxecto: Financiado pola Comunidade Europea, o proxecto propón un renacemento da vila entorno á cultura, a investigación e o turismo. Os seus principios foron: A conservación do patrimonio, o desenvolvemento urbano integrado, a posta en valor do turismo ecolóxico, o crecemento económico e a conservación da natureza. Créase unha rede de espazos de investigación e museos. Constitúe o comezo dunha mellor aproximación ó territorio para o estudo dos seus recursos xerados pola arqueoloxía industrial.

O resultado: Conseguiuse un turismo integrado, unha alternativa para o desenrolo económico utilizando a preservación das áreas naturais como un recurso, salvagardando as tradicións e o patrimonio vernáculo, urbano, industrial e cultural.



THESALONIKA, golfo de Thermaikos, Grecia.

Antecedentes: Moitos operadores crían máis importante a “modernización” do porto que o respecto á relación das velas industrias co mar.

O proxecto: O obxectivo principal foi o de restablecer a relación perdida entre os habitantes da vila e o mar, ademais de solucionar os problemas de contaminación.



O resultado: Realizouse con fondos europeos e a colaboración da dirección do porto un grande parque cultural nas vellas industrias a escala metropolitana, reutilizando un espazo antes reservado.

TURKU, Estuario do Aura, Finlandia.

Antecedentes: O desmantelamento de antigas fábricas de construción de barcos e cordas.

O proxecto: Creación de diferentes complexos de interpretación para presentar o patrimonio industrial da zona e unha grande reserva da biosfera dos mares do arquipélago.

O resultado: O Conservatorio e a Academia das Artes reempregando vellos edificios industriais, edificios administrativos e unha grande zona asignada a preservación dos recursos naturais e culturais en perigo polas novas industrias de acuicultura.



IGLESIAS, Cerdeña.

Antecedentes: O grande impacto das canteiras no lugar e na traza costeira así como a situación de ruína da fábrica.

O proxecto: A intervención de recuperación e valorización das canteiras para fines científicos, culturais e turísticos.

O resultado: A restitución á poboación de espazos antes desocupados. A recuperación da Fábrica Malfidano reconvertida en centro de investigación e documentación, cun centro de estudos, biblioteca e salas expositivas, residencia de investigadores, salas de estudo e de reunión.



A LAGOA DE VENEZIA, Italia.

Antecedentes: Un ambiente moi contaminado e unha saturación turística en moitos puntos da lagoa.

O proxecto: o patrimonio da lagoa tomouse como un campo de experimentación para a recuperación con novas redes culturais. O turismo orientouse cara unha rede policéntrica de centros interpretativos do territorio. Deuse moita importancia á concienciación da poboación local e do público para promover un turismo sostible.

O resultado: A transformación dos usos da zona e a ampliación do Parque científico-tecnolóxico e a recuperación da zona contaminada.



VIANA DO CASTELO, estuarios do Lima e Miño, Portugal.

Antecedentes: Os problemas derivados da ampliación do porto comercial, a construción desenfreada de bloques de apartamento, a ausencia de zonas verdes e a indiferenza diante ó patrimonio que relega a un segundo plano a súa conservación.

O proxecto: A musealización de varias fábricas como o Museo Etnográfico e a intervención arqueolóxica na fábrica de vidro do Parque Nacional da Peneda-Gerês.

O resultado: os traballos están en curso.



LE CREUSOT, Francia:

Antecedentes: As vellas fábricas abandonadas da canle que une os ríos Saône e Loire.

O proxecto: A creación dun Museo ó aire libre utilizando tódolos restos das industrias do século XVIII e XIX.

O resultado: O despegue económico dun área empobrecida a través dunha desenrolo turístico integrado.

TAMPERE, Finlandia:

Antecedentes: O peche das grandes fábricas de papel e tecidos en torno o río Tammerkoski. Durante dez anos a área, no centro da cidade estivo sen actividade.

O proxecto: A recuperación das fábricas para novos usos urbanos, como centros de investigación, oficinas, comercio, cines, salas de exposicións, restauración, así como a recuperación ambiental do río e os lagos para o uso cidadá.

O resultado: As fábricas hoxe son o corazón da cidade, son o grande centro de actividades e ocio e constituíron a recuperación económica da zona. Ademais a operación converteuse nunha icona en Europa o que propiciou a chegada dun turismo cultural. E quizás a actuación mais significativa levada en Europa para converter unha cidade sumida nunha profunda crise industrial nunha cidade renovada recoñecida pola súa actividade cultural e polo seu relanzamento económica. Así como a mellora da calidade de vida pola recualificación ambiental e polo optimismo reinante na cidadanía, o ter superado a dura crise de maneira exemplar.



6. CONSIDERACIÓNS FINAIS

“Lo que das, te lo das. Y lo que no das, te lo quitas.”

La danza de la realidad.
Alejandro Jodorowsky

Somos a primeira xeración consciente de que o mundo que lle entregamos ós nosos fillos é, en termos ambientais, moito peor que o que recibimos dos nosos pais. Isto é así ata tal punto que, por exemplo, as reservas mundiais de combustibles fósiles xa teñen posta unha data de caducidade con vencemento próximo. Por outra banda, é principalmente o uso deste tipo de combustibles o que está a provocar un cambio climático que, a estas alturas, xa moi poucos se atreven a negar. Non é razoable nin lóxico, pero sobre todo non é moral, seguir construíndo as nosas vidas e as nosas cidades sen atender a parámetros ambientalmente sostibles e de xustiza social. Mirar cara a outro lado significa manter unha inercia que se nos antolla, a todas luces, un erro.

Non obstante, esta realidade non nos provoca parálise. Ó contrario. É a confianza que temos na capacidade da humanidade para transcenderse o que nos impulsa a buscar ideas para mellorar, na medida das nosas posibilidades, mundo que nos tocou vivir. Con humildade, si, pero tamén con ousadía. Lonxe de caer en actitudes derrotistas pensamos que debemos facer o que estea na nosa man para axudar a converter o problema en solución. Por iso propoñemos investigar e desenvolver modos de facer e ferramentas máis complexas e intelixentes que as que agora empregamos. Por iso parécenos imprescindible poñer en valor a biodiversidade, os recursos naturais e os construídos. Por iso formulamos a urxente necesidade de facer o cambio do non renovable e dependente ó renovable e autosuficiente. Por iso estamos persuadidos que, o patrimonio construído, cando verdadeiramente ten calidade e capacidade de adaptación (como é o caso), se converte nun activo social de primeira magnitude.

O documento que agora finaliza quixo contar aquelas ideas que, tras o necesario proceso de maduración, decantación e filtrado, sobreviviron ás dúbidas e ás certezas, ós medos e ás audacias, ás intuicións e ás reflexións. O que queda de toda esta viaxe é un documento que se apoia en razóns e en emocións, un texto que nos deixa coa conciencia de traballar intensamente buscando, con honestidade e o noso mellor saber, o resultado máis sobresaínte para esa área única, privilexiada e sensible que é a do Salgueirón. Chegamos ó final cunha curiosa mestura de esgotamento e desexo. O un, causado polas interminables xornadas de traballo, unhas veces concentrado e outras disperso, pero sempre entregado. E, o outro, provocado por ter a fortuna de traballar sobre a memoria dun lugar que estimulou a nosa imaxinación e a nosa capacidade de soñar. Así quedamos. Con moitas ganas de máis.

O equipo redactor

7. BIBLIOGRAFÍA

Publicacións:

- AGRASAR QUIROGA, Fernando, Vanguardia y tradición. La arquitectura de la primera modernidad en Galicia. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2003.
- ALEJANDRO MUIÑOS, Xermán; RODRIGUEZ MARIÑO, Eleuterio, Historia da Pesca Galega. Departamento de Historia e Institucións Económicas, Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Universidade de Santiago.
- BENÉVOLO, Leonardo, Historia de la Arquitectura Moderna. Ed. Gustavo Gili, 1994 (7ª ed.).
- COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS, Retos Políticos y Medios Presupuestarios de la Unión Ampliada 2007-2013, Bruselas, COM 10.2.2004.
- COMISIÓN INTERMINISTERIAL DE CIENCIA Y TECNOLOGÍA, VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación Tecnológica 2008-2011. 9/10/2007.
- CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO, *Informe económico-financiero y de la competitividad*. Consorcio de la Zona Franca de Vigo, 2004.
- CULTURE LAB, *Patrimoine industriel entre Terre et Mer*. Culture Lab, 2000.
- DALDA, Juan L.; DOCAMPO, Manuel G.; HARGUINDEY, Javier G., *Cidade difusa en Galicia*. Xunta de Galicia, CPTOPV, Dirección Xeral de Urbanismo, 2005.
- EDWARDS, Brian; HYETT, Paul, *Guía Básica de sostenibilidad*. Ed. Gustavo Gili, 2004.
- FANDIÑO DOCÍO, Carmen, MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Mª Teresa, *Estudio socioeconómico do Concello de Cangas*. Concellería de formación, e fomento do emprego, Axencia de emprego e desenvolvemento local, Concello de Cangas.
- FANDIÑO DOCÍO, Carmen (coord.), *Análise de necesidades formativas no Concello de Cangas*. 2005.
- FARIÑA TOJO, José, *Las buenas prácticas en materia de sostenibilidad*. UPM, Foro Civitas Nova, 2007.
- GAUZIN-MÜLLER, Dominique, *Arquitectura ecológica*. Ed. Gustavo Gili, 2002.
- GERMOND, K. Christine, "La dinámica de la valoración y la marginalización sociales de la mujer conservera gallega ", *Antroploxía mariñeira. Actas do simposio Internacional de antroploxía In Memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Consello da Cultura galega, 1998.
- GRUPO DE ANELAMENTO ANDURIÑA, *O Espazo Natural de Punta Balea. Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible*, Xunta de Galicia, 2006.
- HOLMGREN, D., *Principles & Pathways beyond sustainability*. Holmgren Design Services, 2002.
- INSTITUTO DE DESARROLLO CAIXANOVA, *Visión estratégica del sistema empresarial del área metropolitana de Vigo, evolución 2000-2005*. Instituto de Desarrollo Caixanova, 26/06/2006.
- McHARG, Ian L., *Design with Nature (Wiley Series in Sustainable Design)*, Wiley, 1988.
- MOLLISON, Bill; HOLMGREN, David, *Permaculture 1 & 2*. Tagari Press, 1978 & 1979.
- MOLLISON, Bill, *Permaculture. A designer's manual*. Tagari Press, 1988.
- MOLLISON, Bill; SLAY, Reny M., *Introduction to permaculture*. Tagari Publications, 1991.

MUÑOZ ABELEDO, Luisa., *Los mercados de trabajo en las industrias marítimas de Galicia. Una perspectiva histórica, 1870-1936* (Tese doutoral). Dept. de Economía e Historia Económica, Universidad Autónoma de Barcelona, 2002.

NELIA GONZÁLEZ, F. Javier, *Arquitectura Bioclimática*, Ed.Munilla-Lería, 2004.

NOVO, María (coord.), *Ciencia, Arte y Medio Ambiente*. Ed. Mundi Prensa, 2002.

ROGERS, Richard, *Cities for a small planet*. Westview Press, 2000.

RUANO, Miguel, *Ecourbanismo. Entornos humanos sostenibles: 60 proyectos*, Ed.Gustavo Gili, 1999.

SANTOS CASTROVIEJO, S., *Historia da pesca e a salazón nas Rías Baixas, dende as Ordenanzas Xerais da Armada de 1748 ata o desestanco do sal de 1870*. Santiago, 1990.

SECRETARÍA DE ESTADO DE UNIVERSIDADES E INVESTIGACIÓN, *Estrategia Nacional de Ciencia y Tecnología*. 15/12/2007.

SUKOPP H.; WERNER P., *Naturaleza en las ciudades*. Monografías da Dirección Xeral do Medio Ambiente, Ministerio de Obras Públicas, 1991.

Normativa:

Convención sobre la protección del patrimonio mundial, cultural y natural de la UNESCO (CPMCN), París 1972.

Directrices Prácticas para la aplicación de la convención sobre la protección del patrimonio mundial (DCPM).

Convenio Europeo del Paisaje (CEP), Florencia 2000.

Declaración de Río sobre el Medio Ambiente y el Desarrollo.

Programa 21 de las Naciones Unidas (ONU). Axenda21.

Carta de las ciudades europeas hacia la sostenibilidad. La Carta de Aalborg. 27/5/1994.

Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

Constitución Española, artigos 46 e 44, 1978.

Ley 16/1985 de 25 de junio de 1985 del Patrimonio Histórico Español.

Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costa, y modificaciones.

Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia, y modificaciones.

Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia.

Lei 9/2001, de Conservación da Natureza.

Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

Normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Normas subsidiarias de planeamiento del Término Municipal de Cangas del Morrazo. BOP 12/12/1994.

Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cangas. Estudo do Medio Rural. (Aprobación inicial DOG 3/2/2005; suspensión aprobación inicial DOG 24/8/2005), Arteplan Galicia, SL.